

## **mariña**

O Festival Bal y Gay reforza o seu carácter internacional con 14 concertos. **Páx. 2**

## **foz**

Foz abre á veciñanza a elección dos nomes de once rúas sen denominación oficial. **Páx. 5**

## **viveiro**

O BNG reclama actuacións urxentes en espazos públicos e servizos municipais. **Páx. 9**

## **burela**

Quantan motores para unhas festas cheas de música, tradición e alfombras florais. **Páx. 10**

## **trabada**

O Concello reforza infraestruturas e dá nova vida a edificios en desuso. **Páx. 16**

## **Artesanía e gastronomía**

A comarca avanza na posta en valor do seu patrimonio material e inmaterial coa creación dunha asociación artesanal e un receptorio



## **Begoña Caamaño e as Letras Galegas**

A narradora e xornalista viguesa será a homenaxeada polo seu legado literario. **Páx. 4**

## **Carmela López, presidenta da Deputación**

A tamén alcaldesa de Burela valora este novo cargo desde a responsabilidade e a ilusión. **Páx. 26-27**

## **San Pedro da Ribeira**




A asociación da Pontenova dinamiza a vida social e cultural das aldeas. **Páx. 18**

## **O Pasatempo**



O colectivo consolídase como motor cultural de Mondoñedo. **Páx. 24**

## **Fernando Vallines**



Unha traxectoria marcada pola técnica e a constancia. **Páx. 29**

## **Sante acolle o II Descenso de Carrilanas**

A proba celebrarase o 30 de maio en Trabada con competición, premios e paellada. **Páx. 28**

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!  
**Ocio EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

# A MARIÑA

## O XIII Festival Bal y Gay reforza o seu prestixio cun cartel internacional



Presentouse a décimo terceira edición do Festival Bal y Gay, unha cita de referencia en España que conta co apoio da Deputación de Lugo e que este ano destaca polo seu carácter internacional, cunha programación de 14 concertos que se celebrarán en paraxes emblemáticas da Mariña do 5 ao 21 de agosto. Como novidade, o prestixioso pianista ruso Grigory Sokolov regresará a Galicia tras 20 anos cun concerto o 9 de agosto no Auditorio Fuxan Os Ventos de Lugo, sendo esta a primeira ocasión na que o festival chega á capital lucense.

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo, Pilar García Porto, destacou a vinculación do festival co territorio, sinalando que cada concerto se celebra en espazos que forman parte da identidade da Mariña, creando un diálogo natural entre música e patrimonio e facendo que a cultura se viva con proximidade. A deputada sinalou que iniciativas deste tipo contribúen a dinamizar a comarca e a proxectar Lugo como un destino cultural de calidade, reiterando o compromiso da Deputación co apoio a proxectos que consideran a cultura un dereito e unha ferramenta para fortalecer o territorio.

**PROGRAMA.** A edición inaugurarase o 5 de agosto ás 21.00 horas na Catedral de Mondoñedo co conxunto vocal Vox Luminis, dirixido por Lionel Meunier. O 6 de agosto actuarán Moisés Sánchez (piano), Ana María Valderrama (violín) e Pablo Martín Caminero (con-

trabaixo) no Castelo de Castro de Ouro de Alfoz. O 7 de agosto será a quenda da soprano Auxiliadora Toledano e o pianista Javier Carmena no Mosteiro de San Salvador de Lourenzán, e o 8 de agosto Antoine Tamesit (viola) e Alexandra Preucil (violín) actuarán na Basílica de San Martiño de Foz. O pianista Grigory Sokolov pechará este primeiro bloque o 9 de agosto ás 19.30 horas no Auditorio Fuxan Os Ventos de Lugo.

O segundo tramo inclúe concertos da Real Filharmonía de Galicia o 13 de agosto na Igrexa de Santa María del Campo de Ribadeo, do tenor Santiago Ballerini, a soprano Berna Perles e Javier Carmena o 14 de agosto no Auditorio Casa da Cultura de Burela, e de Iria Folgado, Raquel Areal, Sara Areal, Marta Rodríguez Otero e Millán Abeledo Malheiro o 15 de agosto no Pazo de Fontao de Foz. Este bloque rematará o 16 de agosto no Palacio Santa Emilia de Mondoñedo cun concerto-conferencia dedicado a Marcial do Adalid a cargo de Martín Llade e Clara Corrales. O último bloque abrirase coa pianista Yulianna Avdeeva o 17 de agosto no Auditorio Hernán Naval de Ribadeo, seguirá con A Ritirata o 18 de agosto no Teatro Pastor Díaz de Viveiro, a Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias o 19 de agosto na Catedral de Mondoñedo e KamBrass o 20 de agosto no Museo e Fábrica de Sargadelos de Cervo. O barítono Samuel Hasselhorn acompañado de Daniel Heide clausurará o festival o 21 de agosto na Basílica de San Martiño de Foz.

## A comarca reforza a súa artesanía cunha nova entidade

A comarca da Mariña conta desde agora cunha nova entidade destinada a fortalecer o sector artesanal coa creación da Asociación Profesional de Obradoiros Artesáns, un colectivo que agrupa a profesionais vinculados aos oficios tradicionais e que nace co obxectivo de dar continuidade e impulso ao proxecto A Mariña Artesá.

A presentación oficial tivo lugar no CENIMA, nun acto no que participaron representantes institucionais e do propio sector. A nova asociación xorde como un paso adiante dentro dun proceso iniciado hai máis dunha década, no que se buscou non só promover a artesanía, senón tamén integrala como unha experiencia ligada ao territorio e á identidade cultural da comarca.

O presidente da entidade, Marcelo Scapinachis, destacou o valor de contar cunha estrutura profesional que permita coordinar esforzos, compartir coñecemento e reforzar a visibilidade dos obradoiros. A creación da asociación responde á necesidade de artellar un espazo común desde o que impulsar iniciativas conxuntas e defender os intereses do sector.



Pola súa banda, a presidenta da Mancomunidade de Concellos da Mariña, Rocío López, puxo en contexto este avance, lembrando que o proxecto A Mariña Artesá comezou no ano 2011 coa implicación de diferentes artesáns e administracións. Segundo explicou, ao longo destes anos desenvolvéronse accións clave como a definición dunha imaxe propia, a análise das características da artesanía local e o establecemento de criterios que agora permiten dar forma a esta nova asociación.

A nova entidade pretende, ademais, consolidar as rutas de artesanía como unha ferramenta de promoción que vai máis alá do

turístico, converténdose nunha vía para divulgar o patrimonio inmaterial e dinamizar a economía local. Neste sentido, búscase crear sinerxías entre concellos e profesionais, fortalecendo unha rede que conecte tradición e innovación.

Durante o acto tamén se puxo de relevo o respaldo institucional a este proxecto, considerado estratégico para o desenvolvemento da comarca. A creación da Asociación Profesional de Obradoiros Artesáns supón, así, un novo impulso para un sector que aposta por preservar os oficios tradicionais ao tempo que explora novas oportunidades de futuro.

## O novo Punto de Encontro Familiar de Cervo abrirá o 1 de xullo

O novo Punto de Encontro Familiar de Cervo abrirá oficialmente as súas portas o vindeiro 1 de xullo, converténdose nun recurso clave para a atención a familias de toda a comarca da Mariña. Así se confirmou durante a visita institucional da conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, que destacou a importancia desta infraestrutura para mellorar os servizos sociais no territorio.

O centro, emprazado no edificio do Ecomuseo, dará cobertura a un total de 15 concellos, desde O Vicedo ata Ribadeo, evitando que as familias teñan que desprazarse ata Lugo para realizar visitas supervisadas en contextos de especial sensibilidade. A súa posta en funcionamento supón un avance significativo na proximidade e accesibilidade deste tipo de recursos.

Así mesmo, vaise iniciar o proceso de licitación da xestión do cen-



tro, que contará cun investimento anual de 155.000 euros para o seu funcionamento. Ademais, a Xunta destinou arredor de 235.000 euros á execución das obras necesarias para habilitar este espazo.

Os puntos de encontro familiar están concibidos como lugares neutros e seguros nos que se desenvolven as visitas establecidas por resolución xudicial, especialmente en situacións de separación conflitiva. Nestes espazos, profesionais

especializados supervisan os encontros, garanten o benestar dos menores e realizan un seguimento individualizado de cada caso, podendo alertar aos servizos de protección se detectan posibles situacións de risco.

Coa súa apertura o 1 de xullo, Cervo reforza o seu papel como referente comarcal na prestación de servizos sociais, ao tempo que se dá resposta a unha demanda histórica das familias da Mariña.

# Un receitairo pon en valor a riqueza culinaria da Mariña

A gastronomía foi posta de novo no centro como un dos piares fundamentais da identidade dun territorio durante a presentación do Reciteirio básico da cociña tradicional da Mariña, un volume que se deu a coñecer este luns en Barreiros e que recolle unha ampla mostra da riqueza culinaria deste xeodestino. A obra nace no marco da colaboración entre a Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense e o Colectivo de Gastronomía da Mariña, dentro do proxecto Turismo Slow Norte de Galicia, e conta tamén co apoio dos convenios anuais en materia turística da Deputación de Lugo e da Xunta de Galicia. O obxectivo principal é poñer en valor as materias primas locais e as elaboracións tradicionais que contribúen a definir unha identidade propia, recoñecible e atractiva para o visitante.

Segundo explicaron durante o acto, o reciteirio non é un punto de chegada, senón o primeiro paso dunha estratexia máis ampla destinada a documentar, recuperar e difundir o patrimonio culinario da comarca, garantindo que ese coñecemento non se perda co paso do tempo.

Esta publicación é froito da cooperación entre entidades e dun modelo de traballo que busca impulsar un turismo sostible, auténtico e centrado na experiencia. Lembrou que o proxecto Turismo Slow Norte de Galicia, iniciado no ano 2015, aposta por un turismo máis humano, respectuoso co territorio e baseado na inmersión na cultura local.

Tamén destacaron o papel do Colectivo de Gastronomía da Mariña, pioneiro en Galicia por integrar toda a cadea alimentaria do territorio, desde produtores ata restauradores, hostaleiros e cociñeiros, baixo



criterios de sostibilidade e calidade. Neste sentido, desde a Mancomunidade sinalaron que o reciteirio simboliza a unión de esforzos e debe entenderse como unha auténtica declaración de identidade, xa que recolle saberes tradicionais, produtos locais e receitas que conectan pasado e presente. “É unha homenaxe ás persoas que manteñen viva a nosa cociña”, apuntaron. O Reciteirio básico da cociña tradicional da Mariña inclúe tanto pratos populares como elaboracións de restaurante, ademais doutras receitas que forman parte do patrimonio culinario da comarca, moitas delas transmitidas ao longo de xeracións. Todas están ligadas aos produtos do mar, da terra e das hortas da Mariña, así como ás súas tradicións e modos de vida.

A primeira tirada consta de 400 exemplares, que serán distribuídos entre aloxamentos de Turismo Slow Norte de Galicia, membros do Colectivo de Gastronomía, centros de formación como o IES de Foz, establecementos adheridos ao sistema SICTED e os concellos da Mancomunidade, que os poñerán a disposición da cidadanía nas bibliotecas municipais. Ademais, a publicación estará dispoñible en formato dixital a través da web da Mancomunidade.

de.

Entre as receitas recollidas no volume figuran propostas de recoñecidos profesionais da gastronomía da Mariña, como o bonito en escabeche de Mar Orosa, do Restaurante El Oviedo; o salpicón de lumbricante e o rolo de bonito de Alejandro Balseiro, do Restaurante Nito; os freixós con grelos, a caldeirada de raia e as patacas con longueiróns de Mar Orosa, tamén do Restaurante El Oviedo; a cazola de pescada e as fabas con ameixas de Javier Montero, do Restaurante Javier Montero; a enfariñada con torreznos de Felisa Varela, do Hotel Restaurante Rías Altas; o guiso de luras na súa tinta de Alejandro Balseiro, do Restaurante Nito; a empanada de verza e coello estilo Mondoñedo e a bola de roxóns de Isaac Varela, da Taberna Galiana; a compota de peras de Cristina Rodríguez, de Marmeladas A Morena; a bica de Mondoñedo de Isaac Varela, da Taberna Galiana; as rosquillas de Entroido de Felisa Varela, do Hotel Restaurante Rías Altas, e a tradicional torta de Mondoñedo.

En conxunto, trátase dun proxecto que busca non só recompilar receitas, senón tamén reforzar o vínculo entre gastronomía, territorio e identidade cultural da Mariña Lucense.

## Crece a oposición ecoloxista á ampliación da balsa de Alcoa



O proceso de ampliación da balsa de lamas vermellas de Alcoa en Xove volve situarse no centro do debate ambiental tras as alegacións presentadas por colectivos ecoloxistas, que alertan de posibles irregularidades na tramitación e cuestionan tanto o enfoque técnico como a planificación global da instalación industrial.

Por unha banda, o colectivo Ecoloxistas de Galiza Atlántica e Verde denuncia deficiencias nos expedientes vinculados ás cotas +104 e +110. Segundo explica o xeólogo Óscar Pazos, integrante da entidade, a cuestión de fondo non é só a intención da empresa de unificar ambos proxectos, senón o feito de que a ampliación xa estaría prevista ata a cota +110 e tería sido dividida en fases para facilitar a súa avaliación ambiental. O colectivo sostén que o proxecto da cota +104 foi presentado como un “recrecemento”, cando en realidade implicaría unha ampliación dos diques e da superficie da balsa, e critica que determinadas actuacións se encubren baixo a denominación de “zonas de préstamo”. As alegacións tamén cuestionan o estudo de impacto ambiental, ao que atribúen carencias técnicas e metodolóxicas que, segundo indican, afectan á súa validez.

Por iso, solicitan a súa anulación e a emisión dunha declaración de impacto ambiental negativa. Ademais, piden á Consellería de Medio Ambiente a revisión dun antigo vertedoiro próximo, a análise de posibles responsabilidades e a paralización preventiva das obras mentres non se esclarezan os riscos. Reclaman tamén ser considerados parte interesada no procedemento.

Pola súa banda, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) tamén presentou alegacións contra o proxecto de Alcoa, ao que cualifica como unha “fuxida cara adiante” que perpetúa a incerteza ambiental na Mariña. Lembra que a balsa foi ampliada de forma continuada desde os anos 80 por previsións erradas sobre residuos. O novo proxecto prevé elevar a cota ata os 106 metros, mentres o anterior aínda non rematou. ADEGA sinala ademais que as lamas vermellas foron reclasificadas como residuos perigosos, o que obriga a revisar a Autorización Ambiental Integrada e os controis de seguridade.

A entidade pide non autorizar a ampliación e avanzar cara ao peche progresivo da instalación unha vez alcanzada a cota permitida.

**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS**





**INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA**

**MAQUINAS Y RECAMBIOS LEMKEN**



**CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL**



**CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO**

**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**



**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA**



**TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS, FORESTALES, BIOMASA...**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com**

# LETRAS GALEGAS 2026

## Begoña Caamaño

### A RAG escolleu a Begoña Caamaño no pleno ordinario no que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose

A Real Academia Galega dedicáralle o Día das Letras Galegas 2026 a Begoña Caamaño (Vigo, 14 de outubro de 1964 – Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014). Así o decidiu a institución no pleno ordinario no pazo municipal de María Pita (A Coruña), unha sesión na que tamén se valoraron as candidaturas de Antón Tovar, Miguel González Garcés e Enrique Labarta Pose. A RAG celebrará a narradora, autora serodia de dúas novelas nas que reescribiu os mitos da Odisea e o artúrico, e mais a xornalista, nun momento en que urxe reconstruír o espazo dun xornalismo para a cidadanía, comprometido coa verdade e co uso do galego. Coa lembranza de Begoña Caamaño, as Letras 2026 serán unha festa asomada á contemporaneidade, á pulsión do presente e á ollada feminista que vertebrou o seu pensamento, o seu traballo intelectual e a súa biografía.

A proposta de Begoña Caamaño foi presentada polas académicas Ana Román, Marilar Aleixandre, María López Sández, Margarita Ledo Andión, Chus Pato e Francisco Fernández Rei. De acordo cos estatutos da RAG, discutíuse canda as outras tres formalizadas na primeira xuntanza ordinaria do

pleno da institución tras a sesión extraordinaria do Día das Letras Galegas, que tivo as cantareiras e a poesía popular oral como protagonistas. A que se homenaxea no 2026 é de novo unha voz feminina, desta volta a dunha autora en singular pero que escolleu proxectarse no colectivo da palabra literaria e da voz xornalística. “Literatura e xornalismo son na autora instrumentos para o coñecemento, outra forma de reflexión e acción, desde o rigor do saber, o estimulante exercicio da razón e a complicidade da maxia e dos sonhos”, reza o texto da candidatura aprobada. “A figura de Begoña Caamaño dialoga hoxe cunha parte moi activa da profesión xornalística e literaria, traslada outra experiencia de ambas as dúas. Cómplice dese tecido de voces que é a literatura, coma colchas tecidas con retallos, voz coral na que se reconece, entrégase á narrativa sen desoír a interrogación da xornalista e a esixencia da lectora”, prosegue.

A de Caamaño é así unha obra para a ética, para o movemento, para o pensamento crítico, para un país e un idioma que cultivou con precisión e esmero, conclúen as propoñentes, que subliñan a imposibilidade de delimitar



seccións na súa traxectoria. “A constante implicación con causas sociais, culturais e políticas perfilan unha biografía movida por unha magnética paixón vital de lúcida intelixencia e xenerosa determinación. Atenta lectora da realidade social, audaz nas súas formulacións, vibrante no debate, Begoña Caamaño, viaxeira curiosa

**No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento**

á procura do encontro co outro, do recoñecemento da diferenza, implicase na defensa dos dereitos humanos, o pacifismo, a solidariedade, a dignidade, a liberdade, con sólidas conviccións mobilízase na crítica da inxustiza social, as opresións, o poder e os seus abusos, as desigualdades e os privilexios”, abundan.

#### A NARRADORA

Begoña Caamaño debutou na madurez como narradora, aos 45 anos de idade, con *Circe ou o pracer do azul* (2009). A este título seguiu *Morgana en Esmelle* (2012), cuxa publicación cadrou co diagnóstico do cancro que acabou dous anos despois coa súa vida, cando acababa de facer os 50 anos. A súa segunda e derradeira novela foi recoñecida co Premio

Ánxel Casal ao mellor libro de ficción 2012 da Asociación Galega de Editores, o Premio da AELG á mellor obra de narrativa 2012, o Premio da Crítica de narrativa galega da Asociación Española de Críticos Literarios 2012 e o Premio Losada Diéguez de creación literaria 2013. No arquivo da autora consérvase documentación para os proxectos literarios que tiña en mente no momento do seu pasamento, entre eles unha novela arredor da figura de Sherezade e mais a recreación da vida da súa bisavoa.

En *Circe ou o pracer do azul*, Caamaño inicia o camiño da reescritura de mitos desde a perspectiva feminista, e faino traendo das marxes ao centro dous personaxes da Odisea, Penélope e Circe, a dona e a amante de Ulises. No ronsel da Penélope de Xohana Torres (1929-2017), agora as protagonistas subverten os roles que a tradición lles atribuíra e tecen unha relación de complicidade. Con *Morgana en Esmelle*, Begoña Caamaño propón unha reflexión contemporánea sobre o poder e a ética e completa unha novela contra a impunidade partindo doutro mito, a materia de Bretaña, e tomando prestados a voz narrativa e outros elementos de Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro. “Quixen formular un debate contemporáneo, sobre que modelo de sociedade queremos”, explicou a autora sobre esta obra.

#### A XORNALISTA

Canda a creadora, as Letras Galegas 2026 tamén celebrarán a Begoña Caamaño xornalista, nun

momento en que urxe reivindicar o xornalismo como profesión crítica e comprometida coa verdade, o rigor e a calidade, apoiar a independencia e o profesionalismo dos medios de comunicación públicos, e mais promover o uso do galego en todo tipo de medios. A protagonista do vindeiro 17 de maio representa todos estes valores, que cultivou ao longo dunha traxectoria profesional que arrincou no seu Vigo natal.

O barrio do Calvario foi o territorio emocional da infancia e da formación na mocidade. Tras estudar o bacharelato no actual IES Alexandre Bóveda (Coia II) e titularse en Maxisterio, en 1986 comezou a exercer como xornalista nos servizos informativos da emisora viguesa Radio Noroeste e tamén traballou, na mesma cidade, en Radio Popular, antes de se incorporar en 1989 á Radio Galega. Na emisora pública formou parte dos servizos informativos ata a súa incorporación ao Diario Cultural, e tamén presentou e dirixiu os programas *Andando a terra*, *Club Cultura* e *Expreso de Medianoite*. Alén da radio, traballou para a Axencia Galega de Noticias e asinou colaboracións en *El Sol*, *A Nosa Terra*, *Tempos novos* e *Novas da Galiza*. Ante o micro ou sobre o papel, Caamaño cultivou sempre a precisión dos datos e da escrita, a consciencia da responsabilidade social do xornalismo, convencida da súa función de servizo público, tanto nos medios públicos coma nos privados. Foi ademais presidenta do Comité Interempresas da CRTVG e unha das impulsoras da Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación.



## NOVAS

foz

## O goberno local reforza a rede viaria e actúa no paseo marítimo

O Concello de Foz continúa avanzando na mellora das súas infraestruturas viarias tanto no ámbito rural como no urbano a través de distintas actuacións que suman investimentos relevantes e buscan mellorar a mobilidade e a seguridade da veciñanza. Entre as intervencións máis recentes destaca a renovación do firme nos camiños de Malates e Folgueiras, cun investimento de 18.275 euros dentro do Plan Camiña Rural 2025-2026, dotado con máis de 75.000 euros e financiado por varias administracións.

O alcalde, Fran Cajoto, visitou estas actuacións acompañado da conselleira de Medio Rural, María José Gómez, e lembrou que este mesmo programa permitiu actuar a finais de 2025 en vías de Santo Acisclo e Santa Cilla. Ademais, anunciou que nos vindeiros días se executará unha nova mellora en Fazouro, no camiño de Casas Novas, cun investimento próximo aos 12.800 euros.

En paralelo, o Concello continúa á espera da resolución de novos plans, como o Deputación 2026 e o Camiña Rural 2026-2027, cos que se prevé mobilizar arredor de 396.000 euros para seguir acondicionando camiños nas parroquias. Tamén se avanzará na mellora do firme en rúas do casco urbano, como Atalaia e Uxío Novoneyra, cun investimento de 50.000 euros.

Precisamente no núcleo urbano xa se completaron as obras



de aglomerado en quente nas rúas Jesús Nazareno e Concello de Cerco, cun orzamento de 186.880 euros con cargo ao Plan Deputación 2025. Os traballos continuarán nos próximos días con actuacións complementarias como a reposición de tapas de arquetas e a sinalización viaria.

Ademais, renovarase a escaleira que conecta Jesús Nazareno co Campo da Cabana para mellorar a seguridade peonil. Tamén se prevén novas intervencións na rúa do Mar e nos accesos ao instituto, estas últimas adiadas ata o remate do curso escolar.

**RONQUEIRA.** No ámbito do litoral, o Concello adoptou unha medida preventiva ao pechar ao paso de peóns a ponte da Ronqueira, situada no paseo marítimo entre Rapadoira e Llas, tras detectar deficiencias estruturais. Os informes técnicos revelaron o deterioro de elementos metálicos clave, como soportes

de vigas e tirantes, o que fai necesaria unha intervención máis profunda. O goberno local xa solicitou á Demarcación de Costas a substitución destes compoñentes co fin de garantir a seguridade e prolongar a vida útil da infraestrutura, recomendando mentres tanto o uso de itinerarios alternativos.

Ademais, o Concello avanzou outras actuacións previstas na franxa costeira, como a adecuación do paseo de Arealonga, en Fazouro, cun investimento estimado de 301.000 euros para habilitar un novo tramo de 450 metros. Tamén segue pendente a actuación na Cala de San Pedro, en Cangas, para reforzar a estabilidade do paseo marítimo. O alcalde subliñou o compromiso municipal co mantemento dos máis de 15 quilómetros de paseos marítimos, considerados un elemento clave para o lecer, a mobilidade e a identidade de Foz.

## A veciñanza poderá bautizar once rúas sen nome coas súas propostas



O Goberno local porá en marcha nas próximas semanas un proceso participativo para dar nome a once rúas do casco urbano que na actualidade carecen de denominación oficial. A iniciativa, impulsada pola área de Participación Cidadá, busca implicar á veciñanza na configuración do espazo público e reforzar a identidade colectiva do municipio.

O prazo para presentar propostas estará aberto ata o 31 de maio, ambos os dous días incluídos. Cada persoa poderá rexistrar ata tres opcións, ben de maneira presencial na Casa do Concello, no CENIMA e na Biblioteca Pública Municipal Salgado Toimil, ben por vía electrónica a través do correo participacionciudad@concellodefoz.es.

As bases establecen que os nomes deberán gardar relación con Foz ou ter un valor

simbólico especial para o concello. Poderán facer referencia a accidentes xeográficos, a persoeiros ilustres vinculados á localidade, a mulleres relevantes da historia focense ou a outros elementos de especial importancia para o municipio. Quedarán fóra, en todo caso, as figuras políticas, ao considerar o goberno local que xa están representadas na rúa Corporacións Municipais.

Unha vez pechado o prazo, o Concello revisará as propostas para comprobar que cumpren os requisitos e elaborará unha listaxe de candidaturas finalistas. Esa selección someterase despois a unha consulta pública aberta á veciñanza empaquetada, que poderá elixir os nomes que considere máis representativos para as once vías. O resultado pasarase logo á xunta de voceiros antes da súa aprobación definitiva en pleno.

## Gran participación no seminario sobre sondas e GPS aplicado á pesca deportiva

Foz acolleu unha xornada de náutica deportiva sobre sondas e GPS que reuniu a máis de noventa pescadores de Galicia e Asturias. A actividade, organizada por A Ribeira de Foz e Kukadas Pesca, contou con gran interese formativo.

O seminario foi impartido por profesionais de Onnautic, chegados desde Cádiz, que explicaron o uso de sondas e navegación GPS de forma práctica. Os participantes coñeceron técnicas para mellorar a pesca. Colaboraron o Club Náutico de Foz, o Centro Comercial Aberto



e o Concello. Ao remate houbo un aperitivo e un sorteo dunha sonda, que gañou un membro do club Cormorán de Ribadeo.

A organización destacou o bo ambiente e a utilidade da xornada, moi valorada polos asistentes.

RESTAURANTE  
**A FAROLA**  
A FAROLA GALASTUR  
Tu lugar de tapeo en Foz  
Cocina tradicional gallega y asturiana

C/ MARIÑEIRO CHILA 27, BAJO • 27780 FOZ, LUGO • 982 684 106

## Cruzamento de acusacións polo estado das infraestruturas e o mantemento municipal



O estado das infraestruturas municipais volveu situarse no centro do debate político en Foz, cun intercambio de críticas entre o Partido Popular e o goberno local arredor do mantemento de vías, paseos marítimos e instalacións públicas.

Desde o grupo popular denuncian unha falta de conservación xeneralizada, especialmente nas parroquias. O concelleiro Miguel Fernández sinala que se trata dun problema reiterado no tempo e apunta a que as súas críticas responden ás queixas da veciñanza. Entre as incidencias, destacan a presenza de pozos de alcantarillado sen tapa nunha estrada que conecta coa N-642 e co acceso ao colexio de Fondo Nois, así como a acumulación de maleza que dificulta a visibilidade e incrementa o risco.

O portavoz popular, Javier Castiñeira, ampliou as críticas ao estado dos paseos marítimos, especialmente en Cangas, onde asegura que existen tramos afectados por derrubamentos sen reparar. Tamén advertiu do deterioro de instala-

cións eléctricas e sistemas de rego en zonas moi transitadas, o que, ao seu xuízo, supón un risco para a seguridade e prexudica a imaxe do municipio.

Pola súa banda, o goberno local rexeita estas acusacións e defende que o mantemento é continuo. A tenente de alcalde, Inés López Couto, explicou que os traballos de limpeza e desbroce se intensificaron nas últimas semanas e que as incidencias detectadas están en proceso de reparación. Ademais, lembrou que proxectos como o retanqueo dos paseos de Cangas e Arealonga seguen o seu curso administrativo.

O executivo tamén critica que o PP recorra aos medios en lugar de comunicar directamente os problemas, asegurando que actúa con rapidez cando ten coñecemento das incidencias. Neste contexto, o debate sobre o estado das infraestruturas continúa aberto, con posicións enfrontadas sobre a súa xestión e conservación.

## A UNED de Foz presenta a programación de maio

A Aula Universitaria da UNED en Foz presentou a súa programación de extensión universitaria para o mes de maio de 2026, integrada por cinco iniciativas que combinan formación especializada, divulgación e sensibilización social e ambiental, co obxectivo de achegar coñecementos útiles á cidadanía.

O programa inclúe tres cursos formativos de carácter práctico. Entre eles destaca a terceira edición do curso de primeiros auxilios pediátricos, que se desenvolverá entre o 6 e o 21 de maio en sesións de tarde e será impartido polo profesional sanitario Camilo Vázquez. A oferta complétase cun curso sobre o Estatuto de Autonomía, especialmente dirixido a persoas que preparan oposicións,

e outro centrado na mediación e conciliación no ámbito deportivo, ambos programados entre o 18 e o 21 de maio.

Xunto a estas propostas, inclúese o roteiro interpretativo "Flores de primavera", que terá lugar o 20 de maio en Vilaronte, guiado por Pedro Rolle, así como unha charla-obradoiro sobre a comunicación de malas noticias en contextos de emerxencia, prevista para o día 21 coa psicóloga Alicia Lage.

Desde a organización destacan que esta programación busca ampliar a formación máis alá do ensino regrado e fomentar unha cidadanía máis preparada. Todas as actividades poderán seguirse de maneira presencial ou en liña, con inscrición aberta a través das canles habituais da UNED.

## Ultiman un novo mural inspirado na obra de Manuel María

O Concello de Foz está a piques de rematar un novo mural artístico na fachada do edificio de Telefónica, situado na confluencia das rúas Salvador de Madariaga e Eduardo Pondal. Trátase dunha obra impulsada polo goberno local co obxectivo de recuperar a tradición muralista da vila e poñer en valor a súa identidade ligada ao mar e ao campo.

O proxecto, no que traballa o artista Xosé Blanco, natural do Valadouro, toma como punto de partida os versos do poeta Manuel María, en concreto do seu poemario Versos florecidos en loubanza de Foz. A partir desta inspiración, a obra busca plasmar as dúas grandes vertentes que definiron historicamente o municipio: a vida mariñeira e o mundo labrego. Segundo explicou o alcalde, Fran Cajoto, esta iniciativa nace coa intención de recuperar unha expresión artística que deixou pegada en distintos puntos da localidade. O rexedor lembrou exemplos como o mural Rente ao mar, no peirao, As pescantinas, preto da Confraría, ou a obra situada no vestíbulo do CEIP Nº 1, todas elas referentes que forman parte da memoria colectiva da veciñanza.

O novo mural execútase mediante un proceso artesanal, no que



cada peza se integra de maneira coidada ata completar a composición final. Esta técnica, que require precisión e tempo, contribúe a dotar á obra dunha especial singularidade, ao tempo que reforza o seu valor artístico.

Para facer posible a intervención, o Concello contou coa colaboración de Telefónica, que autorizou o uso da fachada. Ademais, leváronse a cabo diferentes actuacións previas, como a retirada de elementos da estrutura e a reorganización de instalacións, co fin de aproveitar ao máximo o espazo dispoñible e mellorar o resultado final.

O alcalde destacou que o edifi-

cio escollido constitúe un punto estratéxico, ao funcionar como acceso a unha das zonas máis tradicionais de Foz, e subliñou que a actuación permitirá transformar unha fachada cun notable impacto visual nun elemento artístico integrado na paisaxe urbana.

A previsión é que o mural estea finalizado nas próximas semanas e pase a formar parte do patrimonio cultural da vila. Desde o goberno local salientan que esta creación non só contribuirá a embelecer o entorno, senón que tamén servirá como homenaxe ás xeracións que construíron a historia de Foz a través do seu traballo no mar e na terra.

## O investigador Xurxo Mariño foi galardoado co Premio RAGC de Divulgación Científica

O investigador focego Xurxo Mariño Alfonso foi recoñecido co Premio da Real Academia Galega de Ciencias de Divulgación Científica 2026, un galardón que distingue a súa destacada traxectoria na difusión do coñecemento científico a nivel galego, estatal e internacional. Doutor en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago, é profesor na Universidade da Coruña e membro do grupo Neurocom. A súa carreira investigadora inclúe estadias en centros de prestixio como o New York University Medical Center e o MIT, centrando o seu traballo na neurofisioloxía, especialmente no sistema visual e nos ciclos de sono. Conta con numerosas publicacións científicas e desenvolvementos tecnolóxicos no ámbito da investigación.

Con todo, unha das súas face-



tas máis recoñecidas é a divulgación científica, á que se dedica plenamente desde 2018. Colabora en medios de comunicación, publicou varios libros e mantén un blog especializado. Ademais, foi pioneiro nos cafés-teatro científicos. Mariño destacou a importancia da divulgación para fomentar o pensamento crítico e unha cidadanía informada.

## O punto limpo móbil percorrerá todas as parroquias

Deuse a coñecer o calendario do punto limpo móbil para os meses de verán, un servizo itinerante co que se busca achegar a correcta xestión dos residuos especiais á veciñanza de todas as parroquias do municipio. O dispositivo está operativo ata comezos de xuño, permanecendo aproximadamente unha semana en cada emprazamento. No mes de maio, o punto limpo móbil visitará Santa Cilla, con localizacións en Vilatuxe do 6 ao 12, en O Chao do 13 ao 19 e en Trasmonte do 20 ao 26 de maio. O calendario pecharase en San Acisclo, no lugar da Ponte, onde o servizo estará dispoñible do 27 de maio ao 2 de xuño.

Desde o Concello lembran que este servizo está destinado á recollida de residuos que non deben depositarse nos colectores habituais, como pequenos electrodomésticos, aparellos eléctricos ou materiais perigosos, e animan á cidadanía a facer uso del para contribuir á protección do medio ambiente.

## Abre o prazo para a nova edición do programa Aberto x Vacacións



O Concello vén de abrir o prazo de preinscrición para unha nova edición do programa Aberto x Vacacións, unha iniciativa dirixida á infancia que se desenvolverá ao longo dos meses de xullo e agosto con propostas lúdicas e educativas.

O concelleiro de Xuventude, Ángel Fernández Neira, explicou que o obxectivo é ofrecer un verán dinámico para nenos e nenas nados entre os anos 2014 e 2022, con actividades repartidas por distintos espazos do municipio. O campamento base situarase no CEIP O Cantel, cun horario habitual de 10:30 a 13:30 horas. Para dar resposta ás necesidades de conciliación das familias, o programa inclúe tamén a opción "Érguete",

que permite adiantar o inicio da xornada ás 09:00 horas. Deste xeito, o Concello busca facilitar a organización diaria durante o período estival, combinando tempo de lecer con propostas formativas.

A preinscrición pode realizarse a través da sede electrónica municipal ou mediante a presentación da documentación no rexistro do Concello. Toda a información está dispoñible na web oficial.

Pola súa banda, o alcalde avanzou que a programación incluírá novas actividades, entre elas o campamento Camp Night na Obra Pía de Fazouro, unha proposta que xa tivo boa acollida o pasado ano e que reforza a oferta de lecer educativo.

## Os exames de conducir en Foz darán o salto ao formato dixital



Foz dará un paso adiante na modernización dos servizos vinculados á formación viaria coa renovación do Centro de Exames da Mariña, impulsada polo Concello en colaboración coa Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo. A actuación introduce cambios nas probas teóricas e prácticas, afectando ás autoescolas da comarca. O alcalde, Fran Cajoto, destacou a implantación de vinte ordenadores táctiles que substituirán os exames en papel, adaptando o sistema a formatos dixitais. A aula atópase en fase avanzada tras pintado e

mobiliario, con traballos de cableado previos á instalación dos equipos. O investimento supera os 24.000 euros, con fondos municipais. Ademais, as pistas de Marzán deixarán de usarse e trasladaranse a Fazouro, onde se acondiciona un novo circuito operativo o 21 de maio. A colaboración institucional foi clave para executar o proxecto e mellorar o servizo. Tamén se prevé que esta renovación reduza tempos de espera, mellore a organización das probas e ofrezca maior comodidade ao alumnado e profesionais do sector local.

## Acia Foz-CCA volve colaborar coa loita contra o cancro

Acia Foz-CCA renovou por noveno ano consecutivo a súa colaboración coa delegación local da Asociación Española Contra o Cancro a través da campaña Euro Solidario, unha iniciativa solidaria que volverá mobilizar ao tecido comercial do municipio en favor da investigación e apoio ás persoas afectadas pola enfermidade. A acción desenvolverase ata o 11 de maio, período no que os establecementos adheridos contarán con huchas destinadas á recollida de doazóns voluntarias da clientela. Baixo o lema "Súmate á loita contra o cancro. Euro solidario", a campaña busca fomentar a participación cidadá e contribuír, a través de pequenas achegas, ao traballo que realiza a asociación.

O presidente de Acia Foz-CCA, José Carlos Paleo, puxo en valor a implicación do comercio local. "Un ano máis queremos sumar esforzos coa delegación local da Asociación Española Contra o Cancro porque toda axuda é importante", sinalou. Así mesmo, animou á veciñanza a participar na campaña e a colaborar nos distintos negocios de Foz, lembrando a boa acollida que esta iniciativa tivo en edicións anteriores e confiando en que se repita tamén neste 2026.

# Risas con Perspectiva FEMINISTA

Ven a rir e reflexionar co dúo cómico **SOBRIA E SERENA** (Jazmín Abuín e Arantxa Treus) dúas artistas galegas que poñen o feminismo ao alcance de todos e todas cun humor comprometido.

Un espectáculo de 90 minutos cheo de historias reais que cuestionan o machismo mentres xeran empatía e diálogo.

FOZ

15/05/2026 ás 19:00 horas

📍 Casa da Cultura de Foz Poeta Manuel María  
Rúa Lugo, 1, 27780 Foz, Lugo

ENTRADA DE BALDE

\*Aforo máximo 90 butacas

DEPUTACIÓN DE LUGO

## A variante avanza coa exposición pública do estudo informativo e ambiental

A Xunta de Galicia anunciou a próxima saída a información pública do estudo informativo e de impacto ambiental da futura variante de Viveiro, un paso relevante na tramitación dunha infraestrutura considerada estratéxica para a mobilidade da Mariña lucense. A actuación prevé a construción dunha nova estrada de máis de 10 quilómetros, dividida en dúas ramas: unha cara ao oeste, en dirección ao Vicedo, e outra cara ao leste, con conexión ao porto de Celeiro e ao corredor Celeiro-San Cibrao. A obra executarase por fases, comezando polo tramo leste.

Esta primeira fase contará con 6,2 quilómetros entre a LU-540 e o corredor de San Cibrao, cun investimento de 37,6 millóns de euros. Inclúe dous viadutos e unha nova glorieta de conexión coa LU-862. Prevese licitar o proxecto este mesmo semestre.

Segundo a Xunta, a variante podería absorber ata o 60% do tráfico actual, que supera os 13.000 vehículos diarios. A alcaldesa, Mariña Gueimunde, destacou que supón un avance clave para mellorar a mobilidade e aliviar a presión viaria no casco urbano.

## Unha enquisa oficial chamará ás portas dalgúns fogares en Viveiro

O Instituto Galego de Estatística levará a cabo nas vindeiras semanas a Enquisa Estrutural a Fogares, unha operación oficial destinada a coñecer con maior precisión a realidade social e económica das familias.

O traballo desenvolverase ata o 17 de maio e as vivendas seleccionadas recibirán previamente unha carta informativa na que se explicará o obxectivo da enquisa e as distintas opcións para participar. O estudo recollerá información sobre aspectos como o nivel de estudos, os ingresos, os gastos do fogar e outras condicións de vida, co fin de obter unha imaxe detallada da situación dos fogares.

As entrevistas serán realizadas por persoal enquisador debidamente acreditado, garantindo en todo momento a identificación dos equipos de traballo. Desde o organismo autonómico insítese en que todos os datos facilitados estarán protexidos polo segredo estatístico e serán tratados con absoluta confidencialidade.

## A III Foliada do Maio medra cun obradoiro inclusivo e unha noite de música tradicional

A música e o baile tradicional volverán ter unha nova cita en maio coa celebración da terceira edición da Foliada do Maio, unha proposta que se desenvolverá o sábado 9 na Escola Vella de Galdo e que combina formación, concertos e participación aberta ao público.

A xornada arrancará ás 18.00 horas cun obradoiro de baile 'TradInclusivo' impartido por Cris Canosa. A actividade preséntase como un espazo pensado para iniciarse no baile tradicional desde unha perspectiva accesible, coa intención de facilitar a participación de persoas con diversidade funcional. A organización indica que será gratuíta, aínda que contará con prazas limitadas e abrirá nos vindeiros días o formulario de inscrición.

Despois desa primeira parte máis

formativa, a programación dará paso á vertente máis festiva da cita. O cartel reunirá nesta edición ás Pandeireteiras da Sementeira, Xaora, A Requiñta de Lampai e Lina e Lola, nunha proposta que busca converter a tarde e a noite nun punto de encontro arredor da música de raíz.

Ao remate dos concertos, a celebración continuará cunha foliada aberta para todas aquelas persoas que queiran sumarse coa súa música. Segundo avanzou o colectivo organizador, as persoas interesadas en tocar poderán anotarse previamente a través das canles habilitadas pola entidade.

A cita está promovida polo Colectivo Pensamento e Sementeira, coa colaboración do Concello de Viveiro e da Deputación de Lugo.

## Avanzan nas obras de mellora da piscina municipal para garantir a súa seguridade e conservación



O Concello de Viveiro continúa a desenvolver traballos de mellora, mantemento e conservación na piscina municipal, dando continuidade ás intervencións realizadas a finais do pasado ano co obxectivo de asegurar o bo funcionamento e a seguridade deste equipamento deportivo.

A instalación, inaugurada en 1999, ten sido obxecto de distintas actuacións ao longo do tempo, aínda que o paso dos anos e a exposición constante á humidade, aos produtos químicos empregados no tratamento da auga, ás variacións de temperatura e ás condicións meteorolóxicas adversas foron provocando un desgaste progresivo en diferentes elementos estruturais.

As obras que se están a executar nestas semanas céntranse especialmente no interior do edificio e na cuberta dos vasos da piscina, ao tratarse das zonas onde se detec-

taron maiores danos. En concreto, estanse a levar a cabo reparacións na cuberta, nas albardillas e nos canelóns, elementos que estaban a causar problemas interiores como desprendementos no falso teito e danos nos revestimentos da zona dos vasos.

Desde o Concello explican que estas actuacións buscan non só reparar as deficiencias existentes, senón tamén evitar que se agraven co tempo, garantindo así unhas condicións axeitadas de salubridade, eficiencia e seguridade para os usuarios dunha instalación moi utilizada pola veciñanza.

O investimento total destinado ao conxunto das obras realizadas a finais de 2025 e ás que se están a executar actualmente ascende a 48.324,48 euros, unha cifra coa que o goberno local pretende asegurar a conservación dun dos principais espazos deportivos do municipio.

## O PSOE pide pluralidade nas redes sociais do Concello

O Grupo Municipal Socialista de Viveiro criticou con dureza a xestión das redes sociais do Concello, ás que acusa de estar a ser utilizadas con fins partidistas polo goberno local. Segundo denuncian, as publicacións institucionais estarían a construír unha imaxe "parcial e distorsionada" da realidade municipal, na que só aparece o equipo de goberno mentres se invisibiliza por completo á oposición.

Os socialistas aseguran que nos últimos meses os contidos difundidos polos perfís oficiais —incluíndo vídeos sufragados con recursos públicos— seguen un patrón claro no que a alcaldesa e o seu equipo ocupan todo o protagonismo, eliminando calquera referencia á presenza ou participación doutros grupos da Corporación.

"Non se trata de protagonismo político, senón de que directamente se nos borra. Mesmo en actos institucionais nos que estamos presentes, colaboramos e participamos, non aparecemos nos contidos oficiais", sinalan desde o PSOE.

A formación considera que esta práctica supón un uso inadecuado de medios públicos, que deberían reflectir a pluralidade política do Concello e non ser-



vir como escaparate dun único partido. Lembran ademais que a Corporación municipal está composta por distintas forzas e que todas representan á cidadanía.

Os socialistas apuntan tamén que esta situación xa é percibida pola veciñanza, que lles trasladou o seu malestar ao comprobar que as redes institucionais non recollen a realidade completa dos actos municipais nin a diversidade de representantes.

Desde o PSOE de Viveiro esixen ao goberno local que abandone estas prácticas e garanta unha comunicación institucional equilibrada, transparente e respectuosa coa pluralidade democrática. "O Concello non é dun partido, é de toda a veciñanza", conclúen.

## Activada unha liña de transporte entre Celeiro e Escourido



O municipio de Viveiro activou unha nova liña de transporte que conecta o porto de Celeiro con Escourido de Abaixo, ampliando así as opcións de mobilidade na zona. O servizo xa se atopa operativo e ofrece unha frecuencia regular ao longo do día. No sentido desde o porto de Celeiro, as saídas realízanse cada hora polas mañás, de luns a sábado, entre as 07:00 e as 15:00 horas. Polas tardes, tanto de luns a venres como durante a fin de se-

mana, os horarios mantéñense entre as 16:00 e as 22:00 horas, con saídas tamén cada hora.

No traxecto inverso, desde Escourido de Abaixo, o servizo conta con maior frecuencia, con saídas cada media hora. En horario de mañá, de luns a sábado, as expedicións realízanse entre as 07:30 e as 15:30 horas. Polas tardes, de luns a domingo, o horario esténdese entre as 16:30 e as 21:30 horas, tamén con saídas cada trinta minutos.

## O BNG alerta de diversas carencias que afectan a servizos

O BNG de Viveiro puxo enriba da mesa varias iniciativas centradas na mellora de espazos públicos e servizos esenciais, así como na denuncia de diferentes deficiencias que, segundo a formación nacionalista, afectan ao benestar da veciñanza e á calidade de vida no municipio.

Unha das principais propostas do grupo é a rehabilitación integral da área recreativa de Portochao, un espazo natural moi frecuentado pola súa conexión co paseo fluvial do río Landro. O BNG considera que se trata dun enclave cun alto valor social, ambiental e turístico que precisa unha actuación global. Entre as medidas propostas inclúense a limpeza e mellora do mobiliario urbano, a reposición de elementos deteriorados, a eliminación de especies invasoras como o plumacho e a naturalización da zona con vexetación autóctona. Ademais, propoñen crear un novo espazo de xogos infantís e habilitar unha área para autocaravanas que permita ordenar os usos e fomentar un turismo sostible.

Paralelamente, a formación denunciou a situación do Centro de Información á Muller (CIM), que na actualidade carece de persoal técnico fundamental, como asesoramento xurídico e atención psicolóxica. O BNG cualifica esta situación de "inaceptable" e reclama a cobertura inmediata das prazas para garantir a atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, especialmente vítimas de violencia machista.

Outra das cuestións expostas foi a confusión xerada na Praza de Lanion pola sinalización contraditoria nas zonas de estacionamento, que está a provocar sancións a condutores que, segundo o BNG, actúan de boa fe. A existencia de prazas azuis



e amarelas con indicacións pouco claras está a xerar multas que chegan aos 80 euros, o que a formación considera unha situación de indefensión cidadá. Por iso, piden unha revisión urxente e coherente da sinalización viaria.

O grupo nacionalista tamén reclamou a aprobación da ordenanza municipal de protección e tenza de animais, un documento xa redactado pero paralizado á espera dunha reunión pendente para definir as zonas de espaxamento canino. O BNG critica a falta de avances e pide retomar de inmediato o proceso para a súa aprobación definitiva.

Finalmente, a formación denunciou

o mal estado dos parques infantís, especialmente o de Lodeiro, onde aseguran que existen elementos deteriorados que poden supoñer un risco para os menores. Parafusos saíntes, xogos rotos e falta de mantemento son algunhas das deficiencias sinaladas. O BNG aposta por recuperar unha política activa de conservación destes espazos, considerados fundamentais para a seguridade e o lecer das crianzas. En conxunto, o BNG de Viveiro reclama ao goberno municipal máis planificación, mantemento e capacidade de resposta, defendendo unha xestión máis coidada dos servizos públicos e dos espazos comúns.

## O porto e as obras en Covas marcan as melloras en Viveiro

O porto e as infraestruturas urbanas centran parte dos investimentos previstos en Viveiro, con actuacións que avanza tanto na zona marítima como en distintos puntos da vila. A conselleira do Mar, Marta Villaverde, reuniuse coa alcaldesa, María Gueimunde, e co presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, para analizar o estado dos proxectos en marcha.

Entre as intervencións máis destacadas figura a remodelación da fachada marítima e a reordenación do peirao vello, unha actuación valorada en 1,8 millóns de

euros que se atopa na fase final de redacción. O proxecto inclúe tamén a mellora do aparcadoiro e busca integrar o espazo portuario co paseo marítimo e a contorna da estación de autobuses. Ademais, prevese a creación dun novo acceso peonil entre o porto deportivo e o centro de saúde, co fin de mellorar a mobilidade. Tamén está prevista a licitación do saneamento do porto de Celeiro, cun investimento de 250.000 euros.

Paralelamente, en Covas xa comezaron as obras de renovación na Avenida de Santiago, no barrio

do Coello. A actuación afecta a un tramo de 320 metros e permitirá modernizar as redes de saneamento e abastecemento, así como renovar o pavimento. O proxecto, financiado polo Plan Deputación 2025 cun orzamento de 189.261,61 euros, pretende mellorar unha vía con elevado tránsito e carencias estruturais. Desde o Concello destacan que estas intervencións buscan reforzar os servizos básicos e avanzar na integración do porto coa vila, ao tempo que piden comprensión polas molestias derivadas das obras.

## A reforma da Praza de Abastos de Viveiro queda pendente de máis fondos



A reforma da Praza de Abastos de Viveiro sumou un novo atranco tras a negativa da Deputación de Lugo a colaborar no seu financiamento. O Goberno local expresou este mércores o seu malestar despois da reunión mantida co vicepresidente provincial, Efrén Castro, na que, segundo o Concello, se confirmou que a institución non alcanzará fondos para unha actuación que o executivo considera clave para a dinamización económica e social da vila.

O proxecto conta xa cunha subvención da Xunta de Galicia de 320.000 euros, repartida en dúas anualidades de 160.000 euros en 2026 e 2027. A actuación ten un orzamento estimado de 768.068,68 euros, polo que o Concello leva tempo intentando completar o investimento necesario a través doutras administracións.

Desde Viveiro sosteñen que, durante este proceso, foron cumprindo as condicións que se lles trasladaron desde a Deputación. Entre elas, priorizar investimentos, presentar os proxectos técnicos requiridos, buscar a implicación doutras institucións e mesmo agardar

á posible dispoñibilidade de remanentes. Con todo, esas xestións non se traduciron, polo momento, en ningún compromiso económico do organismo provincial.

O executivo local defende que a rehabilitación da Praza de Abastos vai máis alá dunha simple obra de mellora. Trátase dun inmoble de 1925, proxectado polo arquitecto Ricardo García Puig, considerado un dos mercados de abastos máis antigos e singulares de Galicia pola súa tipoloxía vencellada ao peixe. Para o Concello, a intervención serviría non só para conservar un espazo patrimonial emblemático, senón tamén para reforzar a actividade comercial no centro histórico.

O Goberno municipal asegura ademais que esta falta de apoio non é un caso illado e denuncia que tamén foron rexeitadas outras peticións vinculadas a proxectos deportivos e culturais do municipio. A pesar deste escenario, o Concello insiste en que seguirá buscando novas vías de financiamento para sacar adiante tanto a reforma da Praza de Abastos como outras actuacións que considera estratéxicas para o futuro de Viveiro.

**la Tienda**  
la de casa, la de toda la vida...

Mondoñedo: Avda. Buenos Aires, 7 - 982 521 077  
 Ferreira de Valadouro: Cayado, 8 - 982 574 460  
 Abadín: Avenida de Galicia, 10 - 982 508 111  
 Muras: Pza. da Galegüidades, 11 - 982 500 027  
 Muimenta: Avda. de Villaiba, 38 - 982 504 080  
 O Corgo: San Cristobal de Chamoso, 29 - 982 302 198  
 Baralla: Evaristo Calderón, 85 - 982 363 049

## O XVI Encontro de Palilleiras contará cun amplo programa de actividades



A vila converterase o vindeiro 16 de maio nun punto de referencia para a artesanía tradicional coa celebración do XVI Encontro de Palilleiras, unha cita xa consolidada no calendario cultural da localidade. O evento, organizado pola Asociación Cultural e Artesanal de Mulleres Palilleiras As Encaixeiras, terá lugar no porto e reunirá a participantes chegadas de diferentes lugares.

A xornada dará comezo ás 10:30 horas coa recepción das palilleiras, seguida dunha demostración de traballos en directo que se prolongará durante a mañá. Ao mediodía terá lugar o acto inaugural e unha degustación de empanada de pescada de Burela, ademais de varias visitas programadas a espazos de interese como o Monte Castelo, a igrexa da Vila do Medio e a zona da Moncloa.

Xa pola tarde, o encontro continuará cunha nova sesión de de-

mostracións, na que as asistentes poderán amosar as súas técnicas e compartir coñecementos arredor do encaixe. A programación inclúe tamén un sorteo de agasallos e rematará cun acto de despedida previsto para as 19:00 horas.

Ademais da actividade principal, a organización prevé un programa complementario con propostas culturais e turísticas, como a visita ao Barco Museo Boniteiro "Raíña do Carme", ao Museo Histórico ou a posibilidade de coñecer os muros da Confraría. A xornada estará amenizada con animación e actividades dirixidas ao público infantil. O encontro conta coa colaboración do Concello de Burela e o apoio de diversas entidades, consolidándose como unha cita que pon en valor o traballo artesanal e contribúe á preservación dunha tradición profundamente enraizada na cultura galega.

## BUMEI reforza o seu labor de inclusión con formación básica en linguaxe e comunicación

Burela contará nas próximas semanas cun novo recurso formativo pensado para mellorar a inclusión social a través da lingua. BUMEI Galicia anunciou a apertura dunha nova edición do seu programa de alfabetización e competencia oral en galego e castelán, unha iniciativa que se desenvolverá ata o 31 de xullo de 2026 na rúa Pardo Bazán número 9, nos baixos da Casa do Mar. A actividade enmárcase no Programa Integra e oferta prazas limitadas para persoas interesadas en aprender a ler, escribir e comunicarse mellor nas dúas linguas oficiais de Galicia.

A proposta vai máis alá dun curso convencional de idiomas. O

obxectivo é ofrecer ferramentas básicas de comprensión, expresión oral e alfabetización a persoas que precisan reforzar a súa autonomía na vida diaria, desde facer xestións ata relacionarse co contorno ou mellorar as súas opcións de integración. O propio programa Integra de BUMEI inclúe distintas accións de formación adaptada e inserción social, dentro dun traballo máis amplo que a entidade vén desenvolvendo en Galicia nos últimos anos. Detrás da iniciativa está Mujeres en Igualdad Provincial de Lugo, BUMEI, unha asociación con actividade desde 2012 que traballa en igualdade, inclusión e apoio social.

## As Festas apostan por grandes orquestras e participación veciñal

A veciñanza xa conta os días para unhas Festas de 2026 que volverán converter a vila nun gran punto de encontro entre veciñanza e visitantes durante catro xornadas marcadas pola música, a tradición e a participación cidadá. Entre o 5 e o 8 de xuño, a localidade mariñá acollerá un amplo programa de orquestras e actividades que se desenvolverán tanto en sesión vermú como nas verbenas nocturnas, mantendo o espírito festivo que caracteriza esta cita.

A programación arrancará o venres 5 cunha primeira gran verbena a cargo do Grupo Cayenna e Kubo Golden Tour. O sábado 6 combinará ambiente diúrno e nocturno coa actuación da Orquestra Principal e La Fórmula, mentres que o domingo 7 será a quenda de Trébol e Combo Dominicano. O peche chegará o luns 8 coa Orquestra Pontevedra e Panorama Time Tour, encargadas de poñer o broche final ás festas.

No marco desta celebración, a



asociación Burela Floral xa traballa na elaboración das tradicionais alfombras florais, un dos momentos máis singulares das festas. Este ano confeccionaranse o 6 de xuño e estarán dedicadas ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, con representacións culturais, artísticas e gastronómicas de cada territorio.

Cada tramo do tapiz amosará elementos identificativos, como referencias a Don Quixote en Castela-A Mancha, a cultura sidreira en As-

turias ou a tradición mariñeira de Cantabria. A organización destaca a dificultade de coordinar o traballo, aínda que finalmente se asegurou a continuidade do tramo máis complexo grazas á colaboración de colectivos locais e voluntariado.

Alumnado do IES Monte Castelo encargárase dos deseños, mentres que outras asociacións apoiarán na preparación de materiais como a serradura. Con todo listo, Burela prepárase para unha festa que une música, arte e tradición.

## Burela segue a promover a inclusión entre o alumnado



O Concello, a través da súa área de Inmigración, desenvolveu estes días a actividade "Oca Inmigrante" nos centros de educación primaria CEIP Os Castros e CEIP Vista Alegre, no marco da programación de accións dirixidas á loita contra a discriminación racial.

A iniciativa, dirixida ao alumnado máis novo, combinou o xogo coa aprendizaxe para achegar aos nenos e nenas a realidade das migracións, así como as diferentes situacións de desigualdade e inxustiza ás que se enfrontan as persoas migrantes. A través desta dinámica participativa, o alumnado puido reflexionar e comprender, dun xeito adaptado á súa idade, conceptos clave relacionados coa diversidade, o respecto e a

convivencia.

Dende o concello destacan a boa acollida da actividade e o alto nivel de implicación do alumnado: "Aledámonos moito vendo aos máis pequenos e pequenas tan contentos e participativos no xogo e, ao mesmo tempo, comprobando como reciben e analizan a información que se lles transmite sobre esta temática. Trátase de que, dende moi pequenos, poidamos construír con eles unha sociedade máis inclusiva, respectuosa e aberta".

Esta actividade enmárcase dentro das accións de mediación social e/ou intercultural incluídas no programa dirixido á inclusión social da poboación inmigrante.

## 'O meu pai naceu o mesmo ano que Mick Jagger' arrinca en Burela

Burela será este outono o punto de partida dunha nova proposta escénica con forte pegada local coa estrea de 'O meu pai naceu o mesmo ano que Mick Jagger', coprodución de Tarabela Creativa e o Concello que se presentou no salón de plenos e que chegará aos escenarios o 9 de outubro. A obra, dirixida por Avelino González, conta con Carmen Conde, Fran Lareu e Xosé Manuel Esperante, e mestura humor, memoria e identidade.

A peza nace dun proceso moi persoal no que Carmen Conde entrevistou durante un ano ao seu pai, antigo membro da Policía Xudicial e experto en dactiloscopia, para reconstruír distintos casos reais que se entrelazan nunha trama criminal.

O proxecto inclúe actividades paralelas en Burela para abrir o proceso creativo á veciñanza, con ensaios abertos, coloquios e un obradoiro de dramaturxia e narración oral impartido por Carmen Conde. A compañía presentará tamén o espectáculo 'O que non estaba escrito'.

A iniciativa reforza o vínculo da obra con Burela e marca o inicio da súa proxección noutros escenarios.

# Asinado o convenio para construír unha nova depuradora en Burela

O Concello de Burela e a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático selaron un acordo de colaboración para impulsar unha das actuacións máis relevantes en materia de saneamento do municipio: a construción dunha nova estación depuradora de augas residuais (EDAR), cun investimento próximo aos 9 millóns de euros. Trátase dun proxecto clave para modernizar o sistema de tratamento de augas e mellorar a súa capacidade e eficiencia.

O convenio, con vixencia ata o ano 2030, establece unha distribución de responsabilidades entre as dúas administracións. A administración autonómica asumirá a contratación e execución das obras, mentres que o Concello se encargará da tramitación administrativa previa, incluíndo licenzas, permisos e a posta a disposición dos terreos necesarios, en coordinación con Portos de Galicia ao localizarse a actuación en solo portuario.

Segundo o calendario previsto, a licitación dos traballos realizarase durante o verán, co obxectivo de iniciar as obras en 2027. A nova



depuradora permitirá incrementar nun 50 % a capacidade actual de tratamento e dará servizo a máis de 13.000 habitantes equivalentes, adaptándose así ás necesidades presentes e futuras da poboación. Un dos principais avances será a incorporación dun sistema de tratamento secundario, que ata agora non existía, e que mellorará a depuración e desinfección das augas antes da súa devolución ao medio natural. O proxecto conta ademais co cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), co fin de cumprir cos estándares europeos en mate-

ria de augas residuais.

Esta intervención forma parte da segunda fase do plan de mellora do saneamento en Burela. A primeira, xa en execución cun investimento de 5 millóns de euros, céntrase na renovación de colectores e na creación dunha estación de bombeo na zona portuaria. Actualmente atópase executada ao 50 % e prevese que remate no segundo semestre do ano.

Ambas fases son complementarias e permitirán mellorar o funcionamento global do sistema, reducir filtracións e diminuír o impacto ambiental dos posibles vertidos.

## David Puerto chega co seu espectáculo de humor 'BIEN'

O Goberno local anunciou que xa están dispoñibles as entradas para asistir a "BIEN", o novo espectáculo de humor do actor e cómico David Puerto, unha proposta que promete unha velada cargada de risas e participación do público. A función terá lugar o sábado 9 de maio de 2026, ás 20:00 horas, na Casa da Cultura da vila, un espazo que continúa consolidándose como referente da actividade cultural local.

Esta cita enmárcase dentro da programación cultural municipal, que aposta por achegar propostas variadas e actuais, combinando diferentes estilos e formatos escénicos para atraer a públicos diversos. Desde o goberno local destacan que este tipo de espectáculos contribúen a reforzar a oferta de lecer e a dinamizar a vida social e cultural de Burela ao longo do ano.

"BIEN" preséntase como un espectáculo de humor próximo, dinámico e interactivo, no que David Puerto explora situacións cotiás cun ton irónico e desenfadado. As entradas poden adquirirse a través da plataforma Ataquilla, e desde o Concello recoméndase a súa compra anticipada ante a previsión de boa acollida.

## Cambios na circulación na Vila do Medio polo auxe turístico ao castiñeiro



A alcaldesa de Burela, Carmela López, destacou o crecente interese que está a xerar o castiñeiro de Cinoce, na zona da Vila do Medio, convertido nun punto de atracción para visitantes e nun novo espazo de referencia local. Este aumento de afluencia levou ao Concello a estudar unha reorganización da mobilidade na contorna.

O obxectivo principal é mellorar a circulación e reforzar a seguridade peonil, adaptando o espazo ao incremento de persoas sen alterar a vida cotiá da veciñanza. Tras manter conversas cos residentes, o goberno local prevé limitar o acceso de vehículos a determinados camiños, per-

mitindo exclusivamente o paso aos veciños da zona.

Ademais, a área inmediata onde se sitúa o castiñeiro, integrado no camiño circular de Burela, pasará a ser de uso exclusivo para peóns, favorecendo un tránsito máis seguro e ordenado. Con esta medida búscase tamén protexer o entorno natural e facilitar a visita ao enclave sen interferencias do tráfico.

Desde o Concello insisten en que os cambios pretenden compatibilizar o crecemento turístico co respecto á vida diaria dos residentes, apostando por unha mobilidade máis sostible e unha mellor organización do espazo público na Vila do Medio.

## Osa do Mar presenta a súa primeira serie de artistas



O festival Osa do Mar regresará a Burela os días 4, 5 e 6 de setembro de 2026 cunha nova edición que xa comeza a coller forma tras facerse públicas as primeiras confirmacións do seu cartel. A cita musical, consolidada no calendario cultural galego, mantén a súa aposta por unha programación variada e con identidade propia, pensada para atraer a públicos moi diferentes.

Entre as novidades máis destacadas atópase a confirmación de Ginebras, unha banda moi agardada pola organización, que chegará ao festival con novo disco, enerxía renovada e un directo que promete converter o escenario Vibra Mahou da Praza do Concello nun auténtico espectáculo.

O cartel inicial inclúe tamén a presenza de Depedro, un dos artistas máis recoñecidos do panorama estatal, xunto a proxectos como West SRK e XMaseda65, que achegan variedade estilística á programación. A esta primeira presentación súmanse Éxtasis, unha formación emerxente que destaca polo seu carácter fresco, e Juventude, definidos pola organización

como unha das propostas máis enérxicas do momento.

Tamén formarán parte desta edición La Milagrosa, cunha posta en escena directa e sen concesións, e Gara Durán, artista multidisciplinar que achegará unha proposta persoal e chea de identidade. A lista complétase con Sobrezero, sinalados como unha das bandas revelación do ano, así como con Señora DJ, encargada de pechar unha das noites, e o dúo Rata, que promete transformar o recinto nunha auténtica pista de baile.

Xunto ás confirmacións musicais, o festival deu a coñecer a súa nova imaxe gráfica para 2026, deseñada un ano máis polo artista Héctor Manasé, reforzando a conexión entre música, arte e territorio que define o evento.

Desde a organización avanza que este é só o comezo dun cartel que continuará medrando nas vindeiras semanas, co obxectivo de consolidar a Burela como un dos puntos de referencia musical do inicio do outono, nun ambiente próximo e singular que caracteriza ao Osa do Mar.

ACADEMIA  
**A Mariña**

**MANIPULADOR DE ALIMENTOS  
APLICADOR FITOSANITARIOS**

**BIENESTAR ANIMAL  
PROTOCOLOS DE ACOSO  
PRERREQUISITOS -APPCC  
PROTECCIÓN DE DATOS  
FORMACIÓN BONIFICADA**

**formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098**

## A ampliación do polígono avanza entre expectativas económicas e críticas



A ampliación do parque empresarial de Xove perfílase como unha das actuacións industriais máis relevantes da comarca, cun proxecto que permitirá case duplicar a súa superficie ata alcanzar os 200.000 metros cadrados. A intervención contempla a incorporación de 93.700 metros cadrados adicionais, o que representa un incremento do 85,6 %, cun investimento estimado próximo aos catro millóns de euros. A Xunta ten previsto aprobar definitivamente esta ampliación antes do verán, co obxectivo de continuar coa tramitación administrativa e poder licitar as obras no ano 2027.

Segundo indican desde a Administración autonómica, esta iniciativa responde á necesidade de incrementar a dispoñibilidade de solo industrial para atraer novas

empresas e favorecer o crecemento das xa implantadas. Ademais, están a desenvolverse de forma simultánea procesos como a expropiación dos terreos, co fin de axilizar os prazos e avanzar con maior rapidez na execución do proxecto. O anuncio foi recibido de maneira desigual polos grupos da oposición. O BNG valorou positivamente a ampliación, aínda que criticou a falta de comunicación coa totalidade da corporación municipal durante a visita institucional. Pola súa banda, o PSdeG mostrou o seu escepticismo, advertindo de que este tipo de anuncios adoitan repetirse en períodos previos ás eleccións e reclamando feitos concretos. Ademais, puxeron o foco nas carencias estruturais do polígono, como problemas no abastecemento de auga, a ausencia de depuración e os accesos.

## O Concello presenta o Programa Municipal de Xestión de Colonias Felinas



O Goberno local presentou o novo Programa Municipal de Xestión de Colonias Felinas, unha iniciativa orientada a garantir o benestar animal e favorecer a convivencia coa veciñanza. O acto contou cunha vintena de persoas voluntarias, que coñeceron o funcionamento do proxecto e achegaron propostas.

O programa baséase no método CER (captura, esterilización e retorno), co obxectivo de controlar

a poboación de gatos, mellorar o seu estado sanitario e reducir molestias. Tamén inclúe o rexistro das colonias, a formación de coidadores e campañas de sensibilización. Na presentación participaron representantes municipais e do Seprona. O Concello destacou a importancia da colaboración cidadá e agradeceu a implicación das persoas asistentes, reafirmando o seu compromiso coa protección animal e a sustentabilidade.

## O recoñecemento como BIC blindará unha tradición centenaria

A declaración do Xogo dos Birlos de Galicia como ben de interese cultural do patrimonio inmaterial ten unha lectura especialmente relevante en Xove. O acordo aprobado polo Consello da Xunta recoñece este xogo como unha das prácticas populares e tradicionais máis importantes da historia galega e inclúe entre as súas modalidades destacadas os bolos de Xove, que quedan así amparados pola máxima figura de protección cultural da comunidade. A declaración elevará a 797 o número de BIC existentes en Galicia e farase oficial nos vindeiros días coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

No caso xovense, o recoñecemento ten un valor engadido porque a propia documentación patrimonial subliña que o xogo conserva formas diferenciadas segundo os territorios e advirte do risco de perda desas variantes locais pola diminución de practicantes e trans-



misores do saber tradicional. No expediente de incoación publicado no BOE, Xove aparece ademais entre os concellos lucenses nos que a práctica segue presente, un feito que reforza o seu papel dentro do mapa galego dos bolos tradicionais.

A pegada desta tradición no municipio continúa sendo visible. O Concello explica que a modalidade que se practica en Xove ten caracte-

terísticas propias e que as tiradas se celebran en todas as parroquias, cunha rede de boleras municipais que abrangue lugares como Lago, A Rigueira, San Isidoro de Monte, Xove, Xuances e Portocelo. O propio portal municipal destaca tamén o valor interxeracional deste xogo, no que participan persoas de idades moi distintas e que funciona como punto de encontro entre parroquias.

## Impulsan un programa educativo sobre masculinidades saudables



O Concello, en colaboración co IES Illa de Sarón, impulsa o programa "Identidades que Suman: Masculinidades Saudables e Convivencia Xuvenil", dirixido ao alumnado de 3º e 4º da ESO co obxectivo de promover valores de igualdade, respecto e boa convivencia. A iniciativa, promovida pola Concellería de Servizos Sociais, Sanidade, Muller e Políticas de Igualdade, responde á preocupación de familias e profesorado pola necesidade de reforzar a educación en valores e previr condutas discriminatorias ou violentas na adolescencia. O programa comezará o 20 de abril no instituto e desenvolverase en catro sesións semanais dunha hora. Durante estas xornadas abordarase a análise dos modelos tradicionais

de masculinidade e o seu impacto social, fomentando ao mesmo tempo a construción de identidades máis saudables e respectuosas. As actividades tamén se centrarán na expresión emocional, a intelixencia emocional e o fortalecemento das relacións entre iguais, promovendo vínculos positivos e o benestar do alumnado. Esta proposta xorde nun contexto de preocupación polos retrocesos en igualdade entre a mocidade, polo que o Concello aposta por unha intervención preventiva desde o ámbito educativo. O programa emprega unha metodoloxía adaptada á adolescencia e conta co financiamento da Consellería de Política Social e Igualdade e do Ministerio de Igualdade.

## A Feira Nacional de Gando Cabalar de Lago regresa cun amplo programa

A parroquia de Lago, en Xove, acollerá o 17 de maio de 2026 a 28ª Feira Nacional de Gando Cabalar, unha cita xa consolidada que reúne criadores, afeccionados e público nunha xornada dedicada ao mundo equestre.

A feira comezará pola mañá coa apertura do recinto e a presentación dos participantes, seguida da medición dos cabalos, paso previo ás distintas competicións. Ao longo do día celebraranse probas tradicionais como a serrada, a chapeada, o xogo de barrís e os galopes cruzados, organizadas por categorías segundo idade dos xinetes e características dos animais.

O programa inclúe tamén probas específicas para menores de 16 anos, co obxectivo de fomentar a participación da mocidade e manter viva a tradición cabalar. Todas as competicións contarán con premios económicos e trofeos en recoñecemento ao esforzo e á destreza dos participantes.

Un dos momentos máis esperados será a entrega de premios, ao remate das probas, acompañada dun sorteo cun galardón de 600 euros. A xornada completarase cunha sesión vermú con música en directo, que contribuirá ao ambiente festivo.

## Cervo recibirá preto de 938.000 euros para reforzar o SAF

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, mantivo un encontro coa alcaldesa de Cervo, María Dolores García, co obxectivo de avaliar a situación actual dos servizos dirixidos ás persoas maiores no municipio e explorar novas vías de mellora. Durante a reunión, ambas responsables abordaron diferentes medidas orientadas a reforzar a atención e garantir unha mellor calidade de vida á poboación de maior idade.

Un dos puntos centrais da reunión foi o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que Cervo poderá beneficiarse dun incremento na achega económica autonómica. Grazas a este reforzo, o municipio recibirá arredor de 938.000 euros entre este ano e 2028, o que permitirá ampliar e mellorar esta prestación esencial. Este aumento é consecuencia do acordo acadado entre a Xunta e a Fed-



ración Galega de Municipios e Provincias, que contempla unha suba progresiva do prezo por hora do servizo, pasando dos 12 euros actuais ata os 18 ao longo do presente mandato.

Ademais, Fabiola García tamén fixo referencia ao impacto do Bono Coidado no Fogar, unha liña de axudas destinada a persoas en situación de dependencia que optan por permanecer nas súas vivendas. Ac-

tualmente, un total de 52 veciños e veciñas de Cervo beneficianse desta prestación, que achega 5.000 euros anuais por persoa. Desde a Xunta subliñan que este conxunto de medidas contribúe a consolidar un modelo de atención centrado nas persoas, que aposta pola proximidade, a autonomía e o apoio ás familias coidadoras, reforzando así os servizos sociais no ámbito local.

## Rematada a renovación integral da rúa Rosalía de Castro



O Concello vén de completar a reforma integral da rúa Rosalía de Castro, situada no centro de San Cibrao, nunha actuación que supón un avance significativo na transformación do espazo urbano cara a un modelo máis accesible, seguro e orientado á cidadanía.

Entre as melloras destaca a ampliación das beirarrúas no tramo máis próximo ao xardín, permitindo gañar superficie para o tránsito peonil e facilitando unha mobilidade máis cómoda.

No lado oposto, mantívose o ancho existente pero renovouse o pavimento, empregando lastra de formi-

gón para unificar a imaxe e mellorar a funcionalidade. Pola súa banda, a calzada foi obxecto dunha rehabilitación superficial que optimiza o estado do firme e garante unha mellor circulación rodada.

Os traballos incluíron tamén a renovación da sinalización, a adaptación de pozos e arquetas, a reposición de mobiliario urbano e melloras nas redes de servizos, ademais da actualización do alumeadado público.

A actuación contou cun investimento total de 302.185 euros, que inclúe tamén a renovación da rúa do Fariñón, financiado integramente con fondos municipais.

### ASOCIACIÓN DE MULLERES DE SAN CIPRIÁN

O Goberno local recoñeceu o labor da Asociación de Mulleres de San Ciprián polo proxecto "Activa a túa mente", apoiado pola Fundación Alcoa. A actividade reuniu medio cento de participantes na Casa do Mar, con charlas de estimulación cognitiva. Destacouse o seu impacto no benestar, a igualdade e o empoderamento feminino local.



## Irene Rega consolídase como referente da narrativa xuvenil

Irene Rega, nada en San Cibrao en 1996, vén de sumar un novo recoñecemento á súa traxectoria literaria tras ser finalista do II Premio Xosé Neira Vilas de Literatura Xuvenil coa obra "Todo o que fixemos aquela noite". O xurado, reunido no Pazo de San Roque en Santiago de Compostela, destacou a calidade narrativa da súa proposta e a súa capacidade para construír un thriller intenso e envolvente.

A novela presenta unha estrutura fragmentada que vai reconstruíndo os feitos arredor dunha morte inesperada que afecta a un grupo de mozos e mozas. O xurado salientou a forza dos personaxes, o ritmo sos-

tido da narración e a maneira na que a autora consegue manter a tensión ao longo de toda a historia, convertendo a obra nunha lectura de grande impacto.

Este novo logro chega despois dunha carreira que xa acumula importantes premios. En 2022, Irene Rega Jul foi galardoada co Premio de Narrativa Illa Nova por "A malferida" e co Premio de Novela Vilar Ponte por "Tecendo Redes", ambas publicadas pola editorial Galaxia.

Con este recoñecemento, a autora consolídase como unha das voces máis prometedoras da narrativa galega actual, especialmente no ámbito xuvenil.

## Convocada a nova edición do concurso fotográfico que promove o medio ambiente

A delegación de Medio Ambiente do Concello de Cervo vén de anunciar a convocatoria da XVI edición do concurso fotográfico "Cervo Respecta 2026", unha iniciativa que busca fomentar a sensibilización ambiental a través da imaxe e poñer en valor a riqueza natural do territorio.

O certame está aberto a todas aquelas persoas afeccionadas á fotografía que desexen participar con instantáneas centradas na temática do medio ambiente. Cada participante poderá presentar un máximo de dúas imaxes, que deberán ser inéditas e orixinais, captadas en calquera punto da Comunidade Autónoma de Galicia e enfocadas na natureza viva como exemplo de conservación e respecto polo entorno.

As fotografías deberán enviarse en formato dixital, concretamente en JPEG, cunha resolución mínima de 2.048 píxeles e en alta calidade, sen limitación de tamaño en megabytes. A entrega realizarase a través do correo electrónico habilitado polo Concello, e o prazo de presentación permanecerá aberto ata o 22 de maio.

O concurso contará con tres ga-



lardóns: un primeiro e un segundo premio, ademais do recoñecemento especial "Top Cervo", destinado á mellor fotografía que identifique de forma clara algún espazo do municipio. Todos os premios estarán dotados con pezas de cerámica de Sargadelos.

O fallo do xurado, integrado por tres persoas expertas na materia, darase a coñecer o 5 de xuño, coincidindo coa celebración do Día Mundial do Medio Ambiente.

Desde o Concello subliñan que esta iniciativa, consolidada ao longo dos anos, permite tamén descubrir novos espazos e perspectivas a través da mirada das persoas participantes, ao tempo que reforza o compromiso colectivo coa protección do medio ambiente.

## Inaugurada a exposición "Baleas a Flote: Arte en Madeira e Mar"

O municipio de Cervo convértese estes días nun referente cultural coa inauguración da exposición "Baleas a Flote: Arte en Madeira e Mar", do artista Francisco Martínez-Pin, instalada na Casa da Cultura de San Cibrao e aberta ao público durante todo o mes.

A mostra enmárcase no proxecto "Tornaviaxe polo Cantábrico", unha proposta que percorre antigos portos baleeiros entre Galicia e o País Vasco francés, recuperando a memoria mariñeira e establecendo un diálogo entre pasado e presente a través da creación contemporánea. As obras están elaboradas con madeira e aceiro recuperados do litoral, nun exercicio artístico que aposta pola reutilización de materiais e polo respecto ao medio ambiente. Cada peza nace da interacción co propio material, que marca a súa forma final, dando lugar a esculturas de forte carga simbólica que evocan a figura das baleas e denuncian o impacto da contaminación mariña.

Entre as creacións destacan obras como "Leviatán Mariñá" ou "Cachalote Verniano", que combinan estética, mensaxe ecolóxica e reflexión social sobre a protección dos océanos.

## O CIM entrega os premios do II Certame de Fotografía pola igualdade



O Salón dos Alcaldes do Concello de Ribadeo acolleu a entrega de premios do II Certame de Fotografía Igualdade "Mulleres que Inspiran", unha iniciativa do CIM destinada a visibilizar o papel das mulleres e promover a igualdade a través da fotografía como ferramenta de sensibilización social. O xurado, integrado por tres persoas, avaliou un total de 17 imaxes, destacando o alto nivel das propostas tanto pola súa calidade técnica como pola capacidade de transmitir mensaxes relacionadas coa igualdade. Na

categoría A foi premiada "A igualdade tamén se adestra", de Aina Vega Monteserín; na categoría B, "Matriarca", de Carolina Bouso Díaz; e na categoría C, "A miña guerreira", de Pablo Martínez Janeiro, alumno do Colexio Sagrado Corazón de Jesús.

O Concello agradeceu a participación e anunciou que nos próximos días se informará do espazo onde se poderá visitar a exposición coas obras. Con este certame, Ribadeo reafirma o seu compromiso coa igualdade e coa difusión cultural.

## Impulsan novas actuacións en patrimonio e mellora viaria

O Goberno local continúa a impulsar un amplo paquete de actuacións en materia de infraestruturas, patrimonio e servizos básicos en distintas zonas do municipio, cunha combinación de investimentos en rehabilitación, mellora viaria e posta en valor de espazos históricos.

Un dos proxectos máis destacados é o acordo acadado co Bispo para a cesión de uso da capela da Virxe do Camiño, que será rehabilitada e convertida nun espazo cultural aberto á cidadanía. O alcalde, Dani Vega, explicou que o inmoble levaba anos sen uso e que agora se incorporará á programación cultural municipal. A actuación incluírá a eliminación de barreiras arquitectónicas no exterior para garantir a accesibilidade universal. Vega subliñou que se trata de crear unha sala multifuncional e agradeceu a colaboración da Diocese.

No ámbito viario, o Concello executa melloras en estradas de diferentes parroquias como A



Devesa, Vilaframil, Piñeira, Ove ou Cousela, cun investimento de 373.000 euros a través do Plan Único da Deputación. As obras inclúen renovación do firme e mellora da drenaxe, atendendo problemas históricos de escorrentías e deterioro do pavimento. O goberno local xa traballa nunha nova fase de investimentos. Tamén se acometeron actuacións na estrada Reme-Vilamar,

unha vía estratéxica para a conexión entre parroquias e concellos veciños, con reparación de puntos deteriorados e mellora do firme tras coordinación coa Xunta de Galicia. Vega lembrou que xa se investiran arredor de 800.000 euros anteriormente nesta estrada.

Ademais, o Concello acometerá melloras no Círculo Habanero da Devesa cunha achega autonómica de preto de 8.000 euros, destinada a traballos de mantemento e pintura. Vega destacou o valor patrimonial deste inmoble, símbolo do legado indiano, e a importancia de conservar espazos que forman parte da identidade colectiva.

O rexedor incidiu en que todas estas actuacións responden a unha estratexia global de mellora continua das infraestruturas municipais e de recuperación do patrimonio local, reforzando tanto a accesibilidade como a cohesión territorial do municipio.

## A novena edición dos Cantos de Taberna será o 9 de maio

O Concello de Ribadeo xa traballa na organización dunha nova edición dos Cantos de Taberna, unha iniciativa musical que volverá encher de música e ambiente festivo os establecementos hostaleiros da vila. A novena edición desta proposta celebrarase o vindeiro 9 de maio coa participación de diferentes grupos que percorreren os locais cantando pezas tradicionais. A edil sinalou que os Cantos de Taberna xurdiron coa intención de reforzar o atractivo turístico de Ribadeo e dinamizar a actividade económica nunha época do ano na que a afluencia de visitantes é menor. Ademais, lembrou que esta proposta bebe dunha tradición moi arraigada na localidade, onde durante décadas foi habitual que a xente se xuntase nos bares para cantar e compartir música en directo.

Nesta edición, os Cantos de Taberna desenvolveranse o 9 de maio a partir das oito da tarde, momento no que os grupos participantes comezarán o seu percorrido polos diferentes locais adheridos á iniciativa. Desde o Concello animan tanto a agrupacións musicais como ao público en xeral a sumarse.

## O piano de Luz Pozo Garza xa forma parte da Escola de Música



Ribadeo acolleu un emotivo acto coa recepción da doazón do piano e dun retrato da poeta Luz Pozo Garza, que pasarán a formar parte da Aula número 4 da Escola Municipal de Música e Danza. O instrumento, entregado por Gonzalo Vázquez Pozo, conta con 123 anos de antigüidade e representa unha peza de gran valor histórico e sentimental.

Durante o acto, Vázquez Pozo deu lectura ao poema Ribadeo, Ribadeo, obra da súa nai, reforzando o carácter homenaxe da xornada. A concelleira de Cultura, Begoña Sanjurjo, abriu a sesión agradecendo á familia da autora a súa achega e incluíu a lectura dun fragmento literario de

Lois Celeiro. O evento celebrouse no cabodano do falecemento da poeta e ás portas do Día do Libro.

O alcalde, Dani Vega, destacou a importancia de achegar a figura de Luz Pozo Garza ás novas xeracións e puxo en valor a conservación do legado cultural da vila. Tamén agradeceu a colaboración de Gonzalo Vázquez Pozo e de Toni Deaño no proceso de doazón e instalación.

O acto concluíu cun momento musical especial, coa interpretación dun vals composto pola propia poeta, a cargo de Hugo e Martín. O piano soou por primeira vez na escola, converténdose nun símbolo vivo da memoria cultural ribadense.

## A cesión dos terreos do novo centro de saúde abre un novo foco de tensión en Ribadeo



O futuro centro de saúde de Ribadeo volve estar no centro do debate local tras o rexeitamento da Plataforma pola Defensa das Nosas Árbores á cesión dos terreos aprobada no pleno do 31 de marzo. Este trámite, segundo o Concello, é imprescindible para avanzar na construción do novo edificio sanitario, para o que se prevé un investimento municipal de arredor de 220.000 euros na compra de dúas parcelas que serán cedidas ao Sergas. A plataforma crítica considera que a nova localización, fronte á estación de servizo e na avenida Rafael Fernández Cardoso, afastará a atención sanitaria do cas-

co urbano e dificultará o acceso da veciñanza. Ademais, sosteñen que o problema principal non é o edificio actual, senón a falta de persoal médico e de enfermaría, unha eiva que, ao seu xuízo, non se resolverá cunha nova infraestrutura. O colectivo leva meses mobilizándose contra o proxecto con actos públicos e andainas. Pola súa banda, a Xunta defende que o novo centro mellorará de forma significativa a atención sanitaria. O convenio asinado co Concello prevé máis de 5 millóns de euros para un edificio de máis de 2.500 metros cadrados con novos servizos e ampliacións asistenciais.

## O BNG pide solucións para o Hospital-Asilo e promove unha homenaxe cultural



O BNG de Ribadeo denunciou que esta semana se cumpre un ano desde a data prevista para a finalización das obras do Hospital-Asilo, unha infraestrutura que continúa sen rematar e sen avances visibles. A formación cualifica a situación de “injustificable” e lembra que as persoas usuarias levan preto de tres anos fóra das instalacións, sen previsión de retorno. O voceiro nacionalista, Martín Graña, critica a falta de planificación do goberno local e cuestiona as afirmacións do alcalde, Daniel Vega, sobre o ritmo das obras. Ademais, o grupo asegura que non se lles facilita acceso á documentación

solicitada, o que evidencia, ao seu xuízo, unha falta de transparencia. Por iso, esixen a reactivación inmediata dos traballos, un calendario público e a definición dun modelo de xestión.

Por outra banda, o BNG levará ao vindeiro pleno unha proposta para instalar unha placa na casa natal do artista Xusto Moreda. A iniciativa busca recoñecer a súa traxectoria e reforzar a memoria cultural local. Os nacionalistas apelan ao consenso da corporación e á implicación da veciñanza para impulsar unha homenaxe que contribúa a difundir o legado do creador.

## Ribadeo dedica 2026 a Leopoldo Calvo Sotelo



O Concello dedicará o ano 2026 a Leopoldo Calvo Sotelo polo centenario do seu nacemento, cun programa xa iniciado o 14 de abril cunha ofrenda floral, un pleno extraordinario e un acto relixioso. Ao longo do ano desenvolveranse actividades culturais e educativas para afondar na súa figura política e humana.

En maio, a biblioteca municipal acollerá o ciclo “A biblioteca do noso presidente”, con exposición de libros da súa colección, charlas e actividades de fomento da lectura. No verán está prevista unha exposición fotográfica ao aire libre sobre a Transición, con catro bloques temáticos centrados en figuras

políticas, campañas electorais en Galicia, a familia e a relación con Ribadeo.

En xullo celebrarase o congreso “Consolidar a democracia”, no que se lembrará o seu papel como presidente nunha etapa clave da historia recente de España.

Ademais, impulsaranse actividades educativas nos centros escolares, xa que a Transición é pouco coñecida entre a mocidade. Destaca o taller “Que lle preguntaría ao presidente”, no que as respostas do alumnado axudarán a reconstruír unha visión máis próxima e humana de Calvo Sotelo, reforzando así a difusión do seu legado histórico no municipio ribadense.

## Organizan o día 31 de maio unha saída ao balneario de Ferreira de Pantón

A Área de Igualdade e o CIM organizan unha nova saída ao balneario de Ferreira de Pantón o vindeiro 31 de maio, incluída no Programa Anual de Apoio e Autocoidado das Mulleres. A iniciativa busca promover o benestar físico e emocional e favorecer espazos de convivencia entre participantes.

A actividade está dirixida a mulleres e conta con 50 prazas. A saída será ás 9:00 horas desde a Escola de Música de Ribadeo e o regreso está previsto arredor das 20:00 horas. O Concello asumirá o transporte para facilitar a participación.

As asistentes poderán escoller entre dúas opcións: spa máis buffet por 46 euros ou só acceso ao spa por 23 euros. As inscricións realizaranse no Auditorio Municipal Hernán Naval, no teléfono 982 120 739 ou no correo cim@ribadeo.gal.

A concelleira de Igualdade, Begoña Sanjurjo, destaca que estas actividades permiten “parar, coidarnos e compartir tempo de calidade”, reforzando o autocoidado e a convivencia entre mulleres nun entorno pensado para o descanso e o benestar colectivo.

## Denuncian o deterioro da Illa Pancha e reclaman medidas para garantir a súa protección



A asociación Por Nuestro Faro advertiu do estado de deterioro da Illa Pancha, ao que se refire como “crónica dunha desfeita anunciada” tras anos de alertas sobre a súa xestión. Denuncian que a situación actual é froito dos desacordos entre a Autoridade Portuaria e a empresa concessionaria, cuxos intereses non priorizarían a conservación dun espazo incluído na Rede Natura 2000.

Lembran que a apertura ao público, comprometida hai máis dunha década, tardou anos en materializarse e estivo condicionada pola instalación de servizos como a cafetería. Critican tamén a falta de planificación e control nas intervencións realizadas, incluída a transformación do faro en

establecemento hostaleiro, sen avaliación de impacto ambiental axeitada, segundo sinalan.

A asociación alerta da ausencia dun plan específico de uso e acceso para un espazo protexido e lembra que distintas entidades, entre elas o Defensor del Pueblo e organizacións ecoloxistas, xa advertiran da situación sen que se producisen cambios relevantes. Tamén cuestionan a recente prórroga da concesión sen revisión das condicións.

Por todo isto, esixen medidas urxentes para reforzar o control público, regular o uso e garantir a protección ambiental da Illa Pancha fronte aos intereses económicos.

## O Concello leva ás parroquias un novo ciclo de charlas para apoiar ás persoas coidadoras

O Concello de Ribadeo, a través da área de Benestar Social, Saúde e Familia, pon en marcha un novo ciclo de charlas orientadas ao coidado das persoas coidadoras, unha proposta que se desenvolverá ao longo do mes de maio en diferentes parroquias do municipio. Baixo o título Coidando a quen coida, estas sesións buscan ofrecer ferramentas útiles e crear espazos de encontro nos que compartir experiencias e reflexións arredor dunha realidade cada vez máis presente nos fogares.

As charlas serán impartidas por María Roel, quen abordará cuestións fundamentais como o manexo do estrés, a identificación de sinais de esgotamento, a comunicación coa persoa coidada ou a importancia de pedir axuda cando a situación o require. O obxectivo é dotar ás persoas asistentes de recursos prácticos que lles permitan afrontar o día a día con maior equilibrio e benestar.

A concelleira de Benestar, Elena Sierra, destacou que “é fun-

damental xerar estes espazos para parar e atender tamén a quen coida”, subliñando que o desgaste emocional e físico neste ámbito é cada vez máis evidente. Ao seu xuízo, iniciativas deste tipo “axudan a normalizar o feito de coidarse a un mesmo sen sentimento de culpa, ao tempo que proporcionan ferramentas útiles para a vida diaria”.

O calendario de sesións xa comezou en Vilaselán e continuará o día 12 de maio en A Devesa e Arante, o 13 no propio núcleo de Ribadeo, o 15 en Couxela, o 18 en Cinxe, o 26 en Vilaframil e pecharán o 28 en Cedofeita.

Desde o Goberno local anímase á participación da veciñanza, destacando que estas sesións non só ofrecen coñecementos prácticos, senón que tamén permiten crear redes de apoio entre persoas que comparten experiencias similares. A iniciativa preséntase así como unha oportunidade para visibilizar o labor das persoas coidadoras e contribuír ao seu benestar.

## A Garda Real protagonizará un acto de izado de bandeiras e desfile

Ribadeo acollerá o vindeiro xoves, 7 de maio, unha xornada singular coa presenza da Garda Real, que será a encargada de protagonizar un acto oficial de izado de bandeiras no espazo habilitado xunto á Casa do Concello. A iniciativa enmárcase dentro das actividades que o corpo está a desenvolver na provincia.

A programación comezará ás cinco da tarde no porto deportivo, onde o grupo de mergullo da Garda Real realizará diferentes demostracións. Posteriormente, os efectivos desprazaranse ata a Praza de España nun desfile que percorrerá varias rúas do casco histórico, ofrecendo ao público unha imaxe pouco habitual na vila. Xa na contorna da praza desenvolveranse novas exhibicións e formacións.

Un dos momentos centrais da xornada será o izado oficial das bandeiras, que servirá ademais para inaugurar un novo espazo institucional destinado a albergar as insignias de España, Galicia e da Unión Europea, ás que se sumará proximamente a bandeira local. Esta iniciativa permitirá retirar as bandeiras do balcón da Casa do Concello e dotar a vila dun lugar específico para este fin.

## O Concello facilitará de novo a presentación da renda con asistencia gratuíta

O Concello volverá poñer en marcha este ano o servizo de apoio para a presentación da declaración da renda, unha iniciativa que regresa tras a boa resposta obtida en convocatorias anteriores e que busca achegar este trámite á veciñanza dun xeito cómodo e accesible.

A través deste programa, as persoas interesadas poderán completar a súa declaración de forma totalmente gratuíta nas instalacións municipais, empregando un sistema de videoasistencia que evita desprazamentos a outras localidades e os custos asociados a este tipo de xestións.

O período de atención para realizar a declaración estenderase desde o 6 de maio ata o 30 de xuño. As citas poderán solicitarse preferentemente no propio Concello, onde tamén se ofrecerá información e orientación ás persoas usuarias. Ademais, estará dispoñible a opción de tramitala a través da sede electrónica da Axencia Tributaria ou mediante contacto telefónico.

## O rural gaña novos espazos sociais e melloras en infraestruturas

O Goberno local continúa avanzando no seu plan de mellora de infraestruturas e recuperación de espazos públicos cun conxunto de actuacións repartidas por distintas parroquias, centradas tanto na rehabilitación de edificios en desuso como na mellora das vías de comunicación e dos servizos veciñais. O obxectivo municipal é dinamizar o rural, reforzar a convivencia e ofrecer novos espazos de uso comunitario para a veciñanza do municipio.

Por unha banda, o goberno local formalizou a cesión gratuíta da antiga escola de Villaferando á Diocese de Mondoñedo-Ferrol, que será rehabilitada para transformarse nun local social destinado á parroquia. O proxecto busca crear un punto de encontro veciñal que favoreza a participación e a vida comunitaria, ademais de recuperar un inmovible sen uso dentro da estratexia municipal de revitalización do rural.

Por outra banda, o Concello deu por rematadas as obras de Vilarbetote cun investimento superior aos 50.000 euros, incluídas no convenio



coa Deputación de Lugo, que permiten mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria. Ademais, continúan actuacións en Fórnea, Louro e nos teleclubs de Vilaformán e Vilapena, reforzando a rede de infraestruturas sociais e os servizos públicos no territorio.

O alcalde, Rubén García Freije, destacou que o goberno local continúa traballando para chegar a todas as parroquias, mellorar os servizos básicos e atender as demandas da veciñanza, co obxectivo de manter en bo estado as infraestruturas e reforzar a

calidade de vida no municipio.

Con estas actuacións, o Concello de Trabada reforza a súa aposta pola recuperación do patrimonio municipal en desuso e pola mellora das infraestruturas básicas, combinando investimentos en equipamentos sociais e en vías de comunicación.

O goberno local subliña que estas intervencións permiten mellorar a cohesión territorial e ofrecer máis oportunidades de encontro e servizo á poboación residente nas distintas parroquias do municipio en xeral a longo prazo.

## A vila contará cunha nova área de autocaravanas

O Concello conseguiu unha subvención de 30.000 euros da Axencia de Turismo de Galicia para crear unha nova área de autocaravanas no complexo deportivo municipal. Esta actuación busca ampliar os servizos existentes nun espazo xa destinado ao deporte e ao lecer, co obxectivo de atraer visitantes e mellorar as prestacións para a veciñanza.

Segundo o goberno local, a iniciativa forma parte dunha estratexia para dinamizar o municipio e consolidar este complexo como un punto de referencia tanto para o turismo itinerante como para o uso diario da cidadanía. A axuda foi concedida por orde de entrada, destacando a rapidez do Concello, que presentou a solicitude en apenas un minuto.

O alcalde, Rubén García Freije, subliñou que o executivo continúa a apostar pola mellora dos espazos públicos e pola ampliación de servizos que respondan ás necesidades actuais. Ademais, avanzou que nos próximos meses se anunciarán novas actuacións para reforzar o papel do complexo deportivo como centro de actividade local.

## Obradoiro sobre internet seguro para menores

O Concello acollerá durante o mes de maio un obradoiro centrado no uso seguro de internet para menores, unha iniciativa destinada a fomentar boas prácticas dixitais e concienciar sobre os riscos e oportunidades do entorno en liña. A actividade desenvolverase no Aula Cemit do Centro Sociocultural Avilino Díaz.

O curso celebrarase os días 18, 21, 25 e 28 de maio en horario de 17:00 a 20:00 horas. A formación forma parte do programa YoConecto.org, unha iniciativa que impulsa cursos presenciais gratuítos adaptados a todos os niveis e que inclúe certificación para os participantes.

O obradoiro busca ofrecer ferramentas útiles para mellorar a seguridade dixital da infancia e adolescencia, abordando cuestións relacionadas coa protección de datos, o uso responsable das redes e a prevención de riscos en internet. As persoas interesadas en participar poden obter máis información e realizar a súa inscrición contactando con Vanesa no teléfono 646 218 296.

## Rematan as obras de mellora de dúas pontes



O Goberno local vén de finalizar as obras de ensanchamento e mellora da seguridade en dúas pontes de titularidade municipal, co obxectivo de garantir un tránsito máis seguro e axeitado para os vehículos.

As actuacións desenvolvéronse nas pontes situadas na Ferrería de Abaixo, na parroquia de Santa Marta de Meilán, e en Carboeiro, na parroquia de San Pedro de Riotorto. Ambas estruturas, que salvan cursos fluviais, presentaban importantes limitacións debido ao seu reducido ancho, de arredor de 3 metros nun caso e

2,70 no outro, ademais da ausencia de elementos de protección lateral.

A intervención permitiu ampliar as infraestruturas e mellorar notablemente as condicións de seguridade viaria, ao tempo que se acondicionou o seu contorno, integrándoas mellor nas vías municipais recentemente pavimentadas.

As obras foron adjudicadas á empresa Aglonorte Sostible S.L. por un importe de 30.631,15 euros, IVE incluído, tras un proceso no que participaron tres compañías.

## Nova edición da popular “Caca da vaca” organizada pola comisión de San Cristovo

O municipio volverá vivir unha das súas citas máis singulares e participativas coa celebración da festa coñecida como “A caca da vaca”, organizada pola comisión de festas de San Cristovo. O evento terá lugar o vindeiro sábado 23 de maio no campo de fútbol A Veiga, nunha xornada que mestura diversión, sorte e ambiente festivo. A actividade, que cada ano atrae a numerosos participantes, consiste nun xogo no que se dividen parcelas no terreo e o azar determina o gañador. O premio, que ascende a 3.000 euros, será para a persoa que posúa a parcela na que finalmente se produza o feito que dá nome á festa, convertendo esta proposta nunha das máis orixinais do calendario local.

A cita desenvolverase entre as 19:00 e as 22:00 horas, nun horario pensado para facilitar a asistencia tanto da veciñanza como de visitantes. Ademais do propio xogo, a organización habilitará servizo de barra e música a cargo dunha discoteca móbil, contribuíndo a crear un ambiente anima-

do ao longo de toda a tarde e noite. Desde a comisión de festas destacan o carácter lúdico e participativo desta iniciativa, que busca ofrecer unha alternativa de lecer diferente e reforzar a convivencia. No caso de que ao remate do horario previsto non se produza o desenlace, está contemplada a realización dun sorteo entre as parcelas para determinar o gañador.

**EXCURSIÓN.** O Concello organiza para os días 6 e 7 de xuño unha excursión a Ponferrada, o Santuario da Virxe do Camiño, León e Riaño, unha viaxe de dous días que incluírá visitas guiadas, aloxamento, comidas e actividades culturais.

O prezo da excursión é de 150 euros por persoa e inclúe todos os servizos programados. Hai un total de 50 prazas dispoñibles e terán preferencia os usuarios dos centros veciñais. As persoas interesadas en participar deberán formalizar a inscrición cos monitores dos centros veciñais ou no Concello antes do 29 de maio.

# Tradición, memoria e convivencia

A sétima edición da Enfariñada consolida unha cita que mestura gastronomía popular, identidade e participación

A historia da enfariñada na Mariña lucense, e particularmente en Trabada, non se pode entender sen mirar cara atrás, cara a tempos nos que a cociña era, por riba de todo, unha cuestión de supervivencia. “Era un prato de necesidade, de cando non había moito máis na despensa”, lembran moitas das persoas maiores do municipio, que ven nesta receita unha herdanza directa das xeracións que aprenderon a aproveitar cada ingrediente dispoñible. A base da enfariñada é sinxela, case austera: fariña, auga ou leite, ovos e un toque de graxa, normalmente de porco. “Non facía falta máis para alimentar a unha familia enteira”, explican, incidindo en que o valor do prato non está só nos seus compoñentes, senón na capacidade de adaptarse ás circunstancias. Esa versatilidade fixo que cada casa tivese a súa propia versión, engadindo leite no canto de auga, mesturando ambas ou acompañando a preparación con torresmos, azucre ou mel.

## RECEITA

O proceso de elaboración segue sendo, hoxe en día, unha das partes máis atractivas da enfariñada. “Hai que ter paciencia e man”, din quen a prepara con frecuencia. A masa semilíquida vértese nunha tixola quente cun pouco de aceite ou graxa de porco, e comeza entón un labor constante de movemento. “Non podes deixala soa, hai que ir rompéndoa pouco a pouco ata facer os faragullos”, explican. Ese xesto repetitivo, case hipnótico, prolongado durante uns 15 ou 20 minutos, é o que dá forma ao prato. “O segredo está en que non quede crúa, pero tampouco seca de máis”, apuntan, subliñando que o punto exacto é o que marca a diferenza. Moitas persoas optan por fritir antes a touciño para que solte a graxa e impregne a masa de sabor. “Iso dálle un toque especial que lembra ás cociñas de antes”, aseguran.

## FESTA

Co paso do tempo, a enfariñada deixou de ser un prato de necesidade para converterse nun símbolo cultural. Desde 2018, Trabada celebra a súa Festa da Enfariñada, unha cita que, segundo coinciden organizadores e participantes, “é moito máis que unha festa gastronómica”. O primeiro domingo de maio, o mu-



nicipio transfórmase nun espazo de encontro no que veciñanza e visitantes comparten mesa, lembranzas e tradición.

A sétima edición confirmou o crecemento deste evento, que xa ocupa un lugar destacado no calendario da comarca. A explanada fronte ao parque da rúa San Roque converteuse nun escenario aberto no que a cociña en directo foi protagonista. “Ver como se fai a enfariñada diante da xente é recuperar unha parte da nosa historia”, comentaban asistentes, que destacaban o valor didáctico e emocional da actividade.

## PARTICIPACIÓN

Un dos elementos clave da festa é a implicación da veciñanza. Máis de 40 persoas participaron na elaboración da enfariñada durante a última edición, convertendo o evento nun exercicio colectivo. “Aquí todo o mundo bota unha man, iso é o bonito”, sinalaban desde a organización. A participación non se limita á cociña. O ambiente que se xera ao redor da festa responde a unha idea de convivencia que vai máis

alá do propio prato. “É un día para xuntarse, para falar, para rir e para compartir”, explicaban asistentes, incidindo en que este tipo de encontros reforzan os lazos comunitarios.

O alcalde, Rubén García Freije, destacou precisamente ese carácter integrador, asegurando que a festa “combina tradición, participación e convivencia”, tres piares que explican o seu éxito. Segundo indicou, o obxectivo é seguir facendo medrar a cita sen perder a súa esencia. “Queremos que siga sendo unha festa da xente e para a xente”, apuntou.

## INNOVACIÓN

A evolución da festa tamén se reflicte na introdución de novidades que amplían a súa oferta sen romper coa tradición. Nesta última edición, unha das propostas máis comentadas foi a incorporación dunha enfariñada con bonito de Burela. “É unha maneira de integrar outros produtos da zona e seguir innovando”, sinalaban desde a organización. Outra das incorporacións foi a opción sen glute, un paso que

busca facer a festa máis inclusiva. “Queremos que todo o mundo poida desfrutar da enfariñada, independentemente das súas necesidades”, explicaban. Esta adaptación foi ben recibida polos asistentes, que valoraron positivamente o esforzo por abrir o evento a un público máis amplo.

## AMBIENTE

A festa deste ano completouse cunha programación variada que contribuíu a crear un ambiente festivo ao longo de toda a xornada. O regreso das fiolleiras de Muimenta foi un dos momentos máis esperados, xunto cun mercado de produtos artesanais que puxo en valor o traballo local. A música tamén xogou un papel fundamental, con actuacións que animaron a celebración desde o mediodía ata a noite. “A música dálle vida á festa e fai que a xente quede máis tempo”, comentaban asistentes, mentres desfrutaban das actuacións de Mestura de Nete, Grupo Lume e a Orquestra Marbella. Este compoñente lúdico convive coa dimensión cultural e gastro-

nómica do evento, creando unha experiencia completa. “Non é só vir comer, é vivir o día enteiro”, resumían.

## FUTURO

A Festa da Enfariñada segue medrando e consolidándose como un referente na Mariña lucense. O reto agora é manter ese equilibrio entre tradición e innovación que a define. “Hai que seguir sumando, pero sen perder o que somos”, sinalan desde o Concello. A aposta pasa por continuar reforzando o carácter participativo e abrir novas vías para atraer visitantes, sempre co respecto á identidade local. “A enfariñada é parte de nós, e esta festa é unha maneira de compartila co mundo”, conclúen. Deste xeito, Trabada non só reivindica un prato, senón tamén unha forma de entender a vida: a que se constrúe arredor da mesa, da memoria e da comunidade. Porque, como din moitos dos que acoden cada ano á cita, “a enfariñada sabe mellor cando se comparte”.

# San Pedro da Ribeira: unha veciñanza viva e participativa

A Asociación de Veciños fomenta a participación, mantén vivas as tradicións e loita polos servizos básicos nunha zona rural envellecida

Por Ana Somoza.

A Asociación de Veciños San Pedro da Ribeira de Saldoira, no Concello de A Pontenova, converteuse nunha referencia imprescindible para a vida social e cultural da contorna. Fundada a principios do ano 2000, a entidade non só agrupa varias aldeas, senón que tamén impulsa actividades festivas, culturais e formativas, co obxectivo de fortalecer a cohesión veciñal, preservar o patrimonio local e implicar á xente nova nunha comunidade viva e dinámica.

**ORIXES.** Alba Fernández Lodeiro, presidenta da Asociación de Veciños San Pedro da Ribeira, explicou que a entidade xorde a principios do ano 2000, “como unha forma de unir varias aldeas: Saldoira, Saldoiriña, Ervelle, Veiga de Pada, Vides e Veiga de Prado”. A presidenta sinalou que o obxectivo principal era “valorar e cubrir as necesidades destes barrios, asumindo desde ese momento a súa representación diante do Concello e outras administracións”. Fernández Lodeiro destacou que, como calquera asociación veciñal, tamén buscaban “defender os intereses xerais dos veciños, informar e apoiar calquera xestión e fomentar a unión e a participación entre a xente”.

A presidenta explicou que a creación da asociación foi unha resposta á necesidade de que os veciños tiveran “unha voz común e un espazo de encontro onde a xente se sentise representada e apoiada”. Lembrou que nese momento a veciñanza percibía unha certa dispersión, e a asociación serviu de nexo entre as distintas aldeas para “fomentar proxectos comúns e un sentimento de comunidade que antes non existía de forma estruturada”.

**SOCIAL.** Segundo Fernández Lodeiro, hoxe a asociación funciona como “o principal nexo de unión entre os veciños para verse, contar un conto ou tomar un café”. Subliñou que, coa pandemia superada, intentan manter unha actividade constante, de xeito que “case todos os meses haxa algo para poder compartir un anaco do noso tempo”. A presidenta insistiu en que estas iniciativas teñen unha función social moi importante: “Son espazos de convivencia,

onde se fomenta a participación e se fortalecen os lazos veciñais”. A presidenta engadiu que a asociación tamén cumpre un papel dinamizador: “Tentamos organizar actividades que involucren a todos, tanto maiores como novos, e que sirvan para que a xente se manteña activa e implicada na vida comunitaria”. Alba destacou que isto permite combater o illamento e a dispersión da po-

gosto ou a chocolatada de Nadal”, sinalou. Pero ademais, indicou que tamén se realizan actividades formativas e obradoiros: “Organizamos cursos de poda e enxerto, de cestería, charlas coa Garda Civil sobre seguridade cidadá, e recentemente tamén obradoiros de baile e saúde mental”.

A presidenta destacou que a entidade tamén organiza saídas culturais e excursións, como visitas ao

“As festas son oportunidades de socializar, ensinar valores e reforzar a identidade colectiva da aldea”

“Hoxe somos o principal nexo de unión entre os veciños para verse, contar un conto ou tomar un café”



boación: “En zonas rurais como a nosa, estas reunións axudan a que a xente non se sinta só e manteña viva a comunidade”.

**ACTIVIDADES.** Fernández Lodeiro describiu o amplo abanico de actividades que organiza a asociación ao longo do ano. “Temos festas e comidas tradicionais como o cocido, a Festa do Ovo Frito con chourizo en maio, o Lume Novo, o Ma-

Grove ou á Toxa, e participou en programas de televisión autonómica como “O Quen Anda Ai” e “Land Rober”. Fernández Lodeiro subliñou que todas estas actividades buscan “que a xente se reúna, comparta experiencias e fortaleza a cohesión social”. Ademais, engadiu que a asociación se encarga das festas patronais de San Pedro da Ribeira, un evento central na vida do lugar: “É un momento



onde veciños e amigos de fóra se xuntan e viven unha experiencia común, mantendo as tradicións e transmitindo valores ás novas xeracións”.

**PATRIMONIO.** A capela de San Pedro é un dos símbolos máis representativos da Ribeira de Saldoira. Fernández Lodeiro explicou que “cando lle falas a alguén de Saldoira, rapidamente asócio co sitio onde está aquela capela tan fermosa”. Para a presidenta, a súa construción representa un logro colectivo: “Tódalas capelas que había ata ese momento eran particulares, e esta é de todos os veciños. O Concello construíu a fermosa edificación e nós encargámonos do seu coidado e limpeza”.

Durante Nadal, a asociación organiza actividades especiais na capela, como a recreación do pasado mineiro percorrendo as aldeas da Ribeira: “Intentamos que a xente disfrute de algo diferente e que a capela sexa un espazo de encontro e identidade”, explicou Fernández Lodeiro. A presidenta tamén destacou a importancia do centro social, que substituíu á antiga escola de Saldoira tras o novo trazado da nacional: “Agora temos un espazo propio para reunións, cursos e obradoiros, que é orgullo de todos os veciños e clave para manter viva a vida social”.

**FUTURO.** Fernández Lodeiro subliñou que os retos de futuro pasan por continuar co ritmo de actividades e atender as demandas dos máis de 80 socios da entidade. “A idea é seguir mantendo a participación, que segue sendo altísima, e continuar coas festas tradicionais, a pesar da escaseza de poboación e do aumento dos prezos”, sinalou. Tamén destacou a necesidade de melloras en infraestruturas: “Estamos para mellorar estradas, traídas de auga

e o mantemento do centro social”. A presidenta destacou tamén a importancia de implicar á xente nova: “Queremos que os mozos formen parte da directiva e da vida diaria, aportando ideas e aire novo, porque ese é o futuro”. Engadiu que sen a participación activa da xuventude, “o rural perde dinamismo e continuidade, e esa é a nosa prioridade: manter viva a comunidade e o sentimento de pertenza”. Alba mencionou que se están facendo esforzos para atraer veciños novos que merquen casas e se instalen en Saldoira, reforzando así a vida da aldea.

**FESTAS.** As festas e celebracións teñen un papel central na cohesión veciñal. Fernández Lodeiro explicou que “como bos galegos, todo o que sexa festa e papatoria vainos como anel ao dedo”. Destacou a Festa do Ovo Frito con chourizo, que tivo a súa primeira edición en 2025 e foi un éxito rotundo: “Deixounos un bo sabor de boca e repetiremos en 2026”. Tamén as festas patronais de San Pedro da Ribeira funcionan como reencontro: “Moitos veciños que case non ves en todo o ano veñen pasar a festividade con nós, e tamén amigos e coñecidos que viven fóra”.

A presidenta subliñou que o espazo acondicionado na área recreativa permite merendar ao aire libre, mantendo a tradición de encontros veciñais que antes se facían á beira do río. Fernández Lodeiro afirmou que estas festas “non só son diversión, senón tamén oportunidades de socializar, ensinar valores e reforzar a identidade colectiva da aldea”. Ademais, destacou que a asociación segue promovendo novas iniciativas festivas, mantendo a esencia de Saldoira e fortalecendo os lazos entre veciños, especialmente coa participación das familias e da xente nova.

## A Deputación iniciou a rehabilitación da LU-P-4802



A Deputación de Lugo puxo en marcha as obras de rehabilitación da estrada LU-P-4802, que comunica os concellos da Pontenova e Ribeira de Piquín, nunha actuación destinada a mellorar o estado dunha vía clave para a mobilidade na zona da Montaña lucense.

Os traballos concéntranse no tramo final do vial, cun percorrido de arredor de tres quilómetros que discorre paralelo ao río Eo, entre a parroquia de Santalla e Ponte Soutelo. Esta intervención busca reforzar tanto a seguridade como a funcionalidade dunha estrada moi utilizada pola veciñanza da contorna.

A empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU é a adxudicataria do proxecto, que xa deu comezo coa limpeza e reapertura de cunetas. A continuación, está previsto executar unha escollera de contención, a pavimentación con aglomerado en quente e a renovación completa da sinalización horizontal e vertical.

Desde a institución provincial destacan que se trata dunha actuación importante para mellorar a conectividade entre a Mariña e a Montaña, ao tempo que contribúe a vertebrar as parroquias do val do Eo, unha zona de elevado valor natural e paisaxístico.

## Regresa a Festa do Ovo Frito con Chourizo

A parroquia de Saldoira acollerá o vindeiro 9 de maio a segunda edición da Festa do Ovo Frito con Chourizo, unha proposta gastronómica e festiva que busca consolidarse como un punto de encontro para a veciñanza e visitantes. A iniciativa, promovida pola comisión de festas de San Pedro da Ribeira, combina tradición culinaria, convivencia e música nunha mesma xornada.

O evento dará comezo ás 22:00 horas cunha cea popular pensada para todos os públicos, na que non faltarán pratos sinxelos pero moi arraigados na cultura galega. O menú estará composto por dous ovos fritos, patacas, un chourizo, pan, bebida, sobremesa e café, ofrecendo unha experiencia completa arredor da mesa por un prezo de 12 euros. Desde a organización destacan que esta festa nace co obxectivo de “poñer en valor a gastronomía máis tradicional e

fomentar o encontro entre xeracións”, apostando por un formato accesible que permita a participación dun amplo número de persoas.

A boa acollida da primeira edición anima á comisión a repetir a experiencia, reforzando o seu compromiso coa dinamización social da parroquia. Para asistir será necesario realizar reserva previa antes do 7 de maio, podendo formalizarse a inscrición a través dos teléfonos habilitados pola organización ou contactando con calquera membro da directiva. Deste xeito, preténdese garantir unha correcta planificación do evento e unha mellor atención aos asistentes. Trala cea, a festa continuará cunha sesión de baile que se prolongará ata que o corpo aguante, convertendo a noite nun espazo de lecer no que a música e o ambiente festivo serán protagonistas.

## A unidade móbil de ITV desprazarase para facilitar as inspeccións de turismos

O Concello da Pontenova informou da próxima chegada da unidade móbil de inspección técnica de vehículos (ITV), que permitirá aos propietarios de turismos realizar este trámite sen necesidade de desprazarse fóra do municipio. O servizo estará operativo entre os días 19 e 22 de maio na zona da Chousa da Veiga.

Segundo recolle o aviso municipal, a unidade prestará atención en horario de mañá, de 9:00 a 13:30 horas, e pola tarde, de 15:15 a 18:00 horas, co obxectivo de facilitar a asistencia da veciñanza. Non obstante, o último día, o 22 de maio, o servizo limitarase unicamente ao horario matinal.

Para poder acceder á inspección será imprescindible solicitar cita previa, ben a través do teléfono habilitado ou mediante a páxina web do servizo de ITV. Desde o Concello lembran a importancia de realizar este trámite con antelación para evitar aglomeracións e garantir unha atención ordenada.

## Canedo quenta motores para tres noites de festa

A Comisión de Festas de Canedo presentou o cartel da Festa da Nosa Señora da 'O' 2026 en Lourenzá, que se celebrará do 15 ao 17 de maio cun programa que mestura gastronomía, música e actos relixiosos.

A festa arrancará o venres 15 ás 21.00 horas cunha polbada e churrascada a cargo de “Susos”. A continuación celebrarase a verbena coas orquestras Los Satélites e Miramar, nunha primeira xornada pensada para atraer público e dinamizar o ambiente festivo.

O sábado 16 combinará tradición e música. Ás 13.30 horas terá lugar a misa solemne, seguida de procesión e sesión vermú con Magos. Pola noite, a verbena contará con Magos e La Bamba, nun dos momentos centrais da fin de semana pola súa alta participación.

O domingo 17 manterá o formato máis tradicional, con misa solemne, procesión e sesión vermú amenizada polo Grupo D'Canó. A organización destaca a instalación dunha carpa e amplas zonas de aparcamento para facilitar a asistencia.

## A vila será escenario destacado do curso sobre patrimonio lúdico



Lourenzá será un dos escenarios principais da sétima edición do Curso de Formación sobre Patrimonio Lúdico Galego, que se celebrará entre o 8 e o 10 de maio. A cita reunirá expertos, investigadores e persoas interesadas nos xogos tradicionais galegos, e está organizada polo Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego, Nova Escola Galega, Xotramu, O Recuncho das Argalladas de Lourenzá e Iberia Ludens.

Baixo o lema “Xogo, sustentabilidade e inclusión”, o encontro busca reflexionar sobre o valor do xogo tradicional como patrimonio cultural e sobre o seu papel en ámbitos educativos, sociais e deportivos. O

programa incluírá relatorios, mesas redondas e obradoiros prácticos nos que se poderán coñecer e practicar diferentes xogos populares.

Lourenzá terá unha presenza destacada nas actividades finais, con visitas ao Museo do Xoguete Tradicional e á exposición “Don Paco, o pícaro argalleiro”, dedicada a Francisco Fernández del Riego. A conferencia de clausura afondará na súa relación coa cultura lúdica galega. Tamén haberá obradoiros de construción de xoguetes con materiais naturais e reciclados e prácticas de xogos tradicionais. O evento pretende poñer en valor o patrimonio lúdico galego e fomentar o intercambio de experiencias.

## PP e BNG denuncian a falta de plenos e alertan de parálise institucional

A situación no Concello de Lourenzá xerou críticas coincidentes por parte do Partido Popular e do BNG, que denuncian unha “parálise institucional” marcada pola falta de funcionamento ordinario da administración local e pola ausencia de plenos nos últimos meses.

O portavoz do PP, Roberto Díaz, solicitou formalmente a convocatoria inmediata dunha sesión plenaria, asegurando que este órgano non se reúne desde hai cinco meses. Lembra que ao inicio do mandato se fixara unha periodicidade bimestral, un compromiso que, segundo indica, non se está a cumprir. Desde o grupo popular consideran que esta situación limita o seu labor de control e representación, ao impedir formular preguntas ou trasladar propostas da veciñanza. Ademais, advirten de que a falta de plenos dificulta a tramitación de asuntos

fundamentais, como ordenanzas, contratos ou o orzamento municipal, que segue sen aprobarse para 2026. Tamén cuestionan a falta de solucións ante a ausencia de secretaría e non descartan acudir á Valedora do Pobo.

Pola súa banda, a voceira do BNG, Belén Fanego, describe un Concello sen dirección efectiva e denuncia a falta de transparencia, ao asegurar que non se remiten actas das xuntas de goberno desde agosto de 2025. Critica tamén a carencia de persoal en áreas clave e episodios nos que veciños tiveron que acudir a outros municipios para recibir atención.

Ambas formacións coinciden en sinalar deficiencias na xestión, orzamentos prorrogados e carencias en infraestruturas, advertindo de que a situación prexudica á cidadanía e ao funcionamento democrático.

## vegadeo

## Nace o Club do Horto da Veiga para fomentar o cultivo

O Concello de Vegadeo pon en marcha unha nova iniciativa baixo o nome de Club do Horto da Veiga, un espazo aberto á participación veciñal que busca compartir coñecementos, experiencias e promover o cultivo en hortos.

Trátase dunha proposta dirixida a todas as persoas interesadas no traballo da terra e nun estilo de vida máis sostible, co obxectivo de favorecer a aprendizaxe colectiva e o intercambio de boas prácticas no ámbito do horto.

A actividade terá lugar o último luns de cada mes e ata novembro, ás 18:00 horas, no Local de Asociacións de Vegadeo. As persoas



interesadas en participar poden inscribirse a través do teléfono 609 711 481.

## A música rock e punk toma Vegadeo con dous grandes festivais de referencia



A Veiga Rock e o festival Pista Extra preparan novas edicións que consolidan a comarca como un referente da música rock e punk no noroeste peninsular. Ambas propostas apostan por combinar tradición musical e novas localizacións, mantendo vivo o espírito alternativo que caracteriza estes eventos.

No caso de A Veiga Rock, a organización quenta motores cunha festa de presentación que servirá como antesala da edición principal prevista para o 1 de agosto. A cita terá lugar o sábado 16 de maio no polideportivo vello de Vegadeo, onde se reunirá público e bandas nunha noite de ambiente festivo e música en directo. Sobre o escenario actuarán Maverick, dende Mieres cun estilo punk rock; Petolover, formación local da Veiga cun son máis experimental; e Wildcat, que mestura punk e metal. A apertura de portas será ás 20:00 horas e os concertos comezarán media hora despois, con entrada gratuíta e servizo

de bar durante toda a velada. Desde a organización destacan esta presentación como un primeiro paso para unha edición que cada ano gaña maior relevancia. Para máis información, está dispoñible o correo [aveigarock@gmail.com](mailto:aveigarock@gmail.com).

**PISTA EXTRA.** Pola súa banda, o festival Pista Extra inicia unha nova etapa coa súa terceira edición, que por primeira vez se celebrará tamén en Vegadeo, tras pasar por Lugo en anteriores convocatorias. Baixo o nome de Pista Extra: A Veiga, o evento manterá a súa identidade ligada ao punk e ao rock máis combativo, pero busca ampliar alcance e público. A cita será o 28 de novembro no recinto local e contará con grupos como Soziedad Alkoholika, Narco, Manolo Kabezabolo e La Mørgue. As entradas saíran á venda o luns ás 12:00 horas en [www.acandeloria.org](http://www.acandeloria.org). Desde a organización agardan unha gran resposta do público e a consolidación desta nova etapa.

## ourol

## A Deputación de Lugo licita obras de mellora na LU-P-3807

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a licitación das obras de reparación dun treito da vía provincial LU-P-3807, ao seu paso polo concello de Oourol, nun investimento que ascende a 110.607,69 euros. Así o explicou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión da Xunta.

O deputado detallou que os traballos afectarán ao tramo comprendido entre o punto quilométrico 6,510 e o 9,543, que conecta as parroquias de Bravos e San Pantaleón ao seu paso por Foxo. As actuacións inclúen a reapertura de cunetas, reparación de danos estruturais e repavimentación da calzada, co obxectivo de restablecer unhas condicións de circulación seguras para veciños e transportistas. Rivera Capón destacou que esta estrada “resultou gravemente afectada polas intensas borrascas deste inverno, chegando mesmo



a derrubarse unha ponte”, motivo polo cal a Deputación considera prioritaria a intervención.

O deputado sinalou tamén que se está tramitando o arranxo da infraestrutura danada, co fin de garantir que as obras se executen antes mesmo de que se inicie este proxecto licitado.

A actuación forma parte do plan provincial de mantemento e me-

llora de vías que pretende garantir a seguridade viaria e a conectividade entre parroquias do interior de Lugo, reforzando a mobilidade e facilitando a actividade económica na zona. Segundo Rivera Capón, “este investimento non só mellora a calidade das estradas, senón que tamén contribúe a manter o tecido social e económico das comunidades rurais”.

## Losa acolle o encontro de pobos de San Pantaleón



Os días 23 e 24 de maio, terá lugar en Losa (Burgos) o tradicional encontro de pobos que comparten o nome de San Pantaleón, un evento que xa se consolidou como unha cita indispensable para as parroquias participantes. Nesta ocasión, entre as actividades destacadas estará a participación do grupo musical Balbala, que amenizará a xornada coa súa actuación.

Esta cita, que cada ano reúne a parroquias de toda España que comparten tanto o nome como a devoción ao santo, convoca este ano a cinco localidades: San Pantaleón de Losa e San Pantaleón de Páramo (situadas en Burgos), San Pantaleón de Aras (en Cantabria), San Pantaleón de Cabanas (en Oourol) e San Pantaleón das

Viñas (en Paderne).

O encontro, de carácter principalmente de confraternización e irmandade, converteuse nun evento clave para as parroquias participantes, chegando nas súas últimas edicións a reunir arredor de 300 persoas. Os actos inclúen saídas conxuntas, momentos de oración, comidas populares e a oportunidade de compartir experiencias e tradicións entre as distintas comunidades.

A iniciativa, promovida polos respectivos concellos e parroquias, busca reforzar os lazos entre as localidades homónimas e manter viva a tradición en torno á figura de San Pantaleón, reforzando así os valores de amizade e cooperación que caracterizan a estas xornadas.

## Aberto o prazo para solicitar a tarxeta básica de asistencia material para familias vulnerables

O Concello de Oourol abriu o prazo de solicitude para acceder ao Programa Básico de Asistencia Material, unha iniciativa dirixida a apoiar familias do municipio con menores ao seu cargo que se atopen en situación de dificultade económica. O obxectivo principal é ofrecer unha resposta directa ás necesidades máis básicas e contribuír ao benestar diario dos fogares máis vulnerables.

A axuda concrétese nunha tarxeta moedeiro que poderá empregarse en establecementos adheridos, permitindo a compra de produtos de primeira necesidade, especialmente alimentos e artigos de hixiene. Deste xeito, búscase garantir un apoio estable e flexible que mellore a calidade de vida das persoas beneficiarias.

O programa ten unha duración máxima de doce meses, durante os cales as familias seleccionadas recibirán esta prestación de maneira continuada. A medida enmárcase nas políticas sociais do Concello de Oourol, centradas en reforzar a protección dos colectivos máis vulnerables e en ofrecer ferramentas que contribúan a paliar situacións de risco de exclusión social.

## alfoz

## A III edición do Día da Veciñanza reunirá a centos de persoas

A Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo prepara a terceira edición do Día da Veciñanza, que se celebrará o 10 de maio en Alfoz e que busca reforzar os lazos entre as distintas parroquias do municipio a través dunha xornada de convivencia, lecer e participación aberta a todas as idades.

A programación desenvolverase ao longo do día e combinará actividades festivas e espazos de encontro. Haberá sesión vermú ao mediodía e unha comida popular como eixe central da celebración, con pratos tradicionais pensados para compartir en grupo e favorecer a interacción entre asistentes.

A xornada completárase con animación musical a cargo do dúo The Poker, ademais de propostas específicas para o público infantil, co obxectivo de garantir un ambiente familiar e inclusivo. Tamén se realizarán sorteos que contribuirán ao carácter festivo do evento.

## Alfoz prepárase para a II Andaina e Xantar do Trece

O lugar do Trece, na parroquia de Carballido, acollerá o sábado 16 de maio a segunda edición da Andaina e Xantar Popular do Trece, unha iniciativa organizada pola Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido coa colaboración do Concello, que busca unir natureza, convivencia e tradición nunha xornada aberta a todas as idades.

A actividade comezará ás 10:30 horas coa saída dunha andaina de dificultade baixa, cun percorrido circular que parte e remata no propio Trece. A proposta está pensada para o público xeral e permitirá coñecer a contorna natural da zona nun ambiente participativo e relaxado.

Tras a ruta, ás 14:00 horas, celebrárase unha sesión vermú amenizada por Carrete Mix. Ás 15:00 horas terá lugar o xantar popular baixo carpa, cun menú que inclúe entrantes, lación de porco celta asado en forno de leña, sobremesa, café, chupo, ademais de pan, viño e auga.

A programación continuará pola tarde, desde as 16:30 horas, con música e karaoke aberto ao público, seguido dun fin de festa con DJ.

Os prezos son de 20 euros para adultos, 10 euros para nenos de 5 a 9 anos e gratuito para menores de 4. As entradas deben mercarse antes do 11 de maio e non é necesario participar na andaina para asistir ao xantar.

## A alcaldesa pide reforzar o SAF e actuacións en estradas



A alcaldesa de Alfoz, Efigenia Maseda, reuniuse coa presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, para trasladar diversas demandas do municipio en materia de estradas, servizos sociais, emprego e equipamentos. No encontro participou tamén o concelleiro Eliseo Lorenzo.

No ámbito viario, solicitáronse melloras en estradas provinciais, arranxo de pontes en varias parroquias, instalación de quitamedos e barandas, ademais de

máis limpeza de cunetas e pintura de vías.

En materia social, pediuse reforzar o financiamento do Servizo de Axuda no Fogar e impulsar un plan de emprego máis estable. Tamén se abordou a mellora das antigas escolas parroquiais.

A alcaldesa destacou a boa disposición da Deputación e a vontade de colaboración institucional para atender as necesidades de Alfoz e mellorar a calidade de vida da veciñanza.

## Emoción no Castrodouro pola restitución do nome histórico do municipio



Numerosos veciños e veciñas reuníronse aos pés do castelo do Castrodouro para celebrar a recuperación oficial do nome histórico do municipio: Alfoz do Castrodouro. O acto, marcado pola emoción e o simbolismo, converteuse nun encontro de reivindicación da identidade local e da memoria colectiva.

O momento central da celebración foi o lanzamento de tres foguetes ás doce do mediodía, un por cada palabra da denominación recuperada, simbolizando a restitución dun nome que, segundo a veciñanza, nunca deixou de empregarse no día a día. O castelo, considerado a orixe histórica do concello tras a concesión de vila por Afonso IX hai máis de oito séculos, foi o escenario escollido por este forte valor

simbólico.

Moitos asistentes destacaron que a recuperación supón “un acto de xustiza histórica”, mentres que as persoas maiores lembraron o uso tradicional do topónimo completo na transmisión oral. O ambiente foi festivo, con aplausos e encontros entre xeracións, reforzando o sentimento de pertenza.

A decisión chega tras a aprobación da revisión do Nomenclátor de Galicia pola Xunta, impulsada tras o traballo do Seminario de Estudos do Valadouro (SEVA), que desde 2024 promoveu a restitución do nome con apoio social, cultural e institucional. A Real Academia Galega emitiu informe favorable, culminando un proceso que devolve oficialmente o topónimo Alfoz do Castrodouro tras décadas.

## o valadouro

## Luz verde á reordenación viaria de Ferreira cunha nova ponte

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas aprobou de forma definitiva a modificación puntual das normas subsidiarias de O Valadouro, unha actuación centrada na reordenación do trazado do Camiño da Cruz no núcleo de Ferreira co obxectivo de mellorar a mobilidade e resolver as limitacións actuais do viario.

A intervención, que culmina un longo proceso administrativo con informes técnicos, avaliación ambiental e exposición pública, queda condicionada á corrección de certos aspectos da documentación. O proxecto céntrase nun dos principais eixos de circulación do municipio, que soporta tráfico interurbano e presenta problemas de capacidade.

A principal novidade é a construción dunha nova ponte sobre o río Ferreira no extremo nordeste do Camiño da Cruz, unha infraes-

trutura clave para mellorar a conexión viaria e desconxestionar o tráfico. Xunto a esta obra, prevese tamén a ampliación da sección do viario e a reorganización do seu trazado, co fin de adaptalo ás necesidades actuais.

A modificación inclúe ademais axustes noutras zonas de Ferreira, como a mellora de accesos cara ao barrio de Tras dos Ríos, a reorganización dun vial sen saída e cambios na avenida da Costa, que incorporará novos espazos públicos.

O ámbito afectado abrangue 2,61 hectáreas de solo urbano consolidado e mantén como referencia o planeamento de 1993. A Xunta destaca que a actuación permitirá mellorar a accesibilidade, a seguridade e a funcionalidade do núcleo urbano, facilitando unha mellor ordenación do crecemento de Ferreira.

## GABRIEL VILAR



O veciño do Valadouro Gabriel Vilar gañou no Campionato Galego de Coctelería co cóctel “O de Sempre”, elaborado con produtos tradicionais. O certame reuniu profesionais en Santiago e tamén destacou outras participantes galegas con premios, situando o talento lucense no panorama da coctelería.

## A Mostra Cativa do Valadouro será o vindeiro 23 de maio

O Valadouro prepara unha nova edición da Mostra Cativa, un evento pensado para dar protagonismo ás xeracións máis novas no ámbito musical e cultural. A cita terá lugar o sábado 23 de maio ás 18:30 horas na Casa da Cultura, converténdose nun espazo de encontro para familias e amantes das tradicións. Nesta ocasión, os máis pequenos serán os auténticos protagonistas dunha actuación na que amosarán o seu talento acompañados por agrupacións de referencia. Entre elas destaca a participación da Asociación Cultural Cántigas e Frores, procedente de Lugo, así como da

AC Amado Lar, do propio Valadouro. A iniciativa busca non só ofrecer un espectáculo ao público, senón tamén fomentar a transmisión da cultura popular entre as novas xeracións, reforzando o vínculo coa música e co folclore galego desde idades temperás.

Desde a organización animan á veciñanza a asistir e apoiar aos participantes nunha xornada que promete música, tradición e un ambiente festivo. Ademais, agradecen a colaboración da Concellería de Cultura do Concello do Valadouro, que fai posible a celebración deste evento.

## Barreiros: Ana Ermida Igrexas

# A rexedora destaca os avances acadados e sinala como retos clave a creación de novos servizos



“Temos que seguir traballando nos servizos básicos e incorporar novos recursos como un centro de día ou unha residencia”

### DATOS

**HABITANTES:** 3.036.  
**PARROQUIAS:** 8.  
**EXTENSIÓN:** 72,42 km cadrados.  
**PARTIDO XUDICIAL:** Mondoñedo.  
**CORPORACIÓN:** 5 concelleiros do BNG, 5 do PP e 1 do PSOE.  
**ALCALDE:** Ana Ermida Igrexas do BNG.  
**VOCEIRO PP:** José Manuel Gómez Puente.  
**VOCEIRO PSOE:** Carmen Veiga Rodríguez

## Ermida defende unha acción política centrada nas persoas e aposta por seguir mellorando os servizos e a calidade de vida en Barreiros

### Como se iniciou na política?

Dun xeito moi natural, na adolescencia. No instituto comecei a tomar consciencia do idioma e da situación na que estaba o noso País. Aí entrei en contacto co movemento estudantil nacionalista e, a raíz de aí, con Galiza Nova e o BNG. Entendino como os instrumentos para poder facer as cousas nas que eu cría (e creo) necesarias para o País.

### Como recibiu o impulso para ser alcaldesa?

Foi tamén parte dun proceso normal. Eu xa participaba activamente en política, tanto local coma a outros niveis; formaba parte da lista electoral en Barreiros e avalíouse colectivamente que era necesario facer algún cambio nesas listas para poder cambiar Barreiros. As compañeiras e compañeiros confiaron en min para esa función e ata hoxe!

### A nivel persoal, que sacrificios supón?

Supoño que todas contestaremos dun xeito similar, porque as alcaldías son máquinas de consumir tempo e dedicación. E iso tes que restarillo a outras facetas da túa vida, sobre todo, á familia. E, sobre todo, que cando dispós dese tempo, non sabes realmente cando vai ser, porque sempre estás supeditada a calquera imprevisto que che modifica todo.

### E beneficios?

Pois o orgullo de ver como podes ir facendo avanzar e mellorar o teu concello. Como podes axudar a que a xente viva mellor e se sinta máis orgullosa de ser de Barreiros. Para min o máis gratificante é ver o meu concello mellor que cando cheguei á alcaldía.

### Cales son os seus obxectivos a nivel político?

O meu obxectivo é seguir mellorando Barreiros. Seguir traballando en facer un lugar agradable para vivir, con servizos e no que a xente se sinta orgullosa de ser barreirense.

### E como Goberno de cara á próxima lexislatura?

Temos que seguir traballando en as-

pectos fundamentais como os servizos básicos e tamén poñer enriba da mesa novos servizos como un centro de día ou unha residencia para que as persoas maiores poidan ter estes servizos a carón das súas casas.

### Cales son as principais liñas do seu programa?

As persoas no centro das políticas e das decisións. As actuacións que se leven a cabo deben ser para mellorar a vida da xente e facilitar o acceso aos servizos con independencia de onde vivas. Democratizar as actividades de ocio, deportivas ou culturais. Mellorar os servizos básicos. Facer espazos para ser utilizados polas persoas. E xestionar o que é de todas e todos para todas e todos.

En resumo: poñer o goberno do concello ao servizo da xente e para mellorar as súas vidas.

### Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Barreiros precisa adaptar os seus servizos ao desenvolvemento que tivo noutros ámbitos e que non se acompañou das necesidades para a xente. Precisamos seguir reforzando servizos como o abastecemento de auga ou o saneamento. Pero tamén crear espazos agradables para a xente, nos que socializar e crear pobo. Neste sentido, o inicio das sendas peonís e ciclables para unir os núcleos coa zona de praia van marcar un antes e un despois na mobilidade deste concello e mostrar os pasos para facer un Barreiros máis humano. E, por suposto, esixir da Xunta que nos trate como ao resto de concellos e que nos dote dun centro de día e residencia para cubrir as necesidades das persoas maiores e das súas familias.

### De que proxectos se sente máis orgullosa?

Síntome especialmente orgullosa de como melloramos e recuperamos locais para encheiros de vida para a veciñanza: as escolas de San Cosme, as melloras no local social de San Xusto e a creación da biblioteca rural, a dotación das escolas de San



Miguel de calefacción ou material para facelas máis confortables para as actividades que se desenvolven nelas, a recuperación das escolas de Vilamartín Pequeno e do Teleclub de Vilamartín Grande ou o Teleclub de San Cosme, que non é só recuperar un local, senón darlle unha nova vida adaptada aos tempos e ás necesidades sociais actuais. E despois o proxecto dos mercados estacionais. Porque representa todo o que queremos para Barreiros: dinamismo social e económico, posta en valor da artesanía e dos produtos locais e de proximidade, espazo de socialización con actividades lúdicas e cul-

turais para todas as idades... e todo isto enchendo de vida San Cosme e a praza do Concello. Creo que nos identifica como goberno, que marca o camiño como proxecto e que aporta valor a Barreiros e á súa xente.

### Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcaldesa?

Eu creo que o que ven: unha veciña que traballa con amor e paixón por mellorar o concello desde a posición de alcaldesa, como antes o fixen desde asociacións, clubs ou a comisión de festas da miña parroquia, coma tantas outras veciñas e veciños. Só quero transmitir o meu amor por Barreiros.

### EN CLAVE PERSOAL

#### Idade, estado civil e familiar.

42 anos, casada e con 2 fillos.

#### Profesión e formación.

Licenciada en Dereito e era funcionaria interina nun concello.

#### Que quería ser de cativa?

Mestra.

#### Que fai para desconectar?

Deporte, lectura e viaxar cando as circunstancias o permiten.

#### Unha virtude e un defecto.

A seriedade, integridade e honradez, e defecto, ser moi autoesistente.

#### Un consello para compartir.

Intenta poñerte sempre no lugar de quen tes enfronte.

#### Un libro.

La historia interminable.

#### Unha película.

La vida es bella.

#### Un grupo de música.

O meu estilo vai desde Rage Against the Machine a Rosalía e Grande Amore.

#### Unha afección.

Viaxar.

#### Un lugar que visitar.

Teño ganas de visitar Rusia.

#### Unha comida e unha bebida.

Un cocido para o inverno e unha

ensaladilla no verán, e para beber, auga.

#### Unha personaxe admirada.

Prefiro quedar con aprendizaxes que con idolatrar. Por exemplo quedo con Angela Davis, Rosalía de Castro ou Pepe Mujica.

#### Unha posesión prezada.

As posesións máis especiais téñooas na cabeza e no corazón.

#### Un desexo.

Quen se dedique á política que o faga por vocación.

#### Algo para esquecer.

Nada. Ata do máis negativo hai que aprender.

#### Que é o que máis valora nunha persoa?

A sinceridade e a integridade.

#### Equilibra ben a vida pública e a privada?

A liña entre o persoal e o público é moi fina. É complexo.

#### Un desafío pendente.

Agora mesmo é darlles aos meus fillos unha educación que lles permita ser boas persoas e con capacidade para enfrontarse á vida.

#### Onde se ve en cinco anos?

En Barreiros, seguro.

“Barreiros precisa adaptar os seus servizos ao desenvolvemento que experimentou”

## O PP denuncia o abandono das beirarrúas e reclama unha limpeza urxente da maleza

Os concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular de Barreiros denunciaron o estado de abandono no que se atopan numerosas beirarrúas e zonas habilitadas para o tránsito peonil en distintos puntos do municipio, debido á proliferación descontrolada de herbas e maleza que están a invadir os espazos públicos. Esta situación, sinalan, está a obrigar en moitos casos á veciñanza a camiñar pola calzada, co consecuente risco para a súa seguridade.

O voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, advertiu de que a falta de mantemento non é só unha cuestión estética, senón un problema serio de seguridade viaria e de salubridade. “É inaceptable que en plena primavera, e xa preto do inicio da campaña de verán, cando máis xente sae a camiñar, as beirarrúas estean impracticables e cubertas de silvas e herba”, lamentou.

O PP tamén puxo o foco na necesidade de que estas tarefas de limpeza se realicen evitan-

do o uso de herbicidas como o glifosato sódico, ao que cualifican como un produto tóxico para o medio ambiente, apostando por métodos alternativos de desbroce e mantemento.

Desde o grupo municipal instan ao goberno local a actuar con carácter urxente en dúas direccións. Por unha banda, reclaman que o Concello proceda ao desbroce e limpeza inmediata de todas as zonas de competencia municipal. Por outra, solicitan que a alcaldesa se dirixa formalmente á Deputación de Lugo para esixir a limpeza das marxes e beirarrúas das estradas da rede provincial que atravesan Barreiros, as cales presentan, segundo indican, un estado especialmente preocupante.

“Os veciños de Barreiros pagamos os nosos impostos para contar con servizos básicos dignos. O Concello non pode mirar cara outro lado mentres a maleza se apodera dos espazos de paseo”, concluíu Gómez Puente.

## Polémica no CEIP San Cosme pola exclusión dun menor na admisión

O proceso de admisión de alumnado no CEIP San Cosme para o vindeiro curso escolar estivo marcado pola controversia e o malestar entre varias familias do municipio, tras quedar un neno solicitante de praza en Educación Infantil inicialmente fóra da lista de admitidos. A situación provocou comunicacións co centro e coa Inspección, e mesmo unha queixa ante a Valedora do Pobo. Segundo as familias, presentáronse catro solicitudes para Infantil. Tras revisar a documentación, o centro pediu a unha nai actualizar o empadramento, que xa fora entregado. Indicóuselle tamén que só había tres prazas por indicación da Inspección. Posteriormente, explicouse que non se podía aumentar o alumnado pola ratio e pola organización dun colexio pequeno, sen posibilidade de sumar profesorado para desdobrar o grupo. As familias engaden que se pe-



diu documentación extra á mesma nai, como facturas ou escrituras, algo pouco habitual. Coas listaxes definitivas, o menor quedou excluído.

O caso xerou debate ao tratarse dun neno residente que podería ir a pé, mentres había admitidos recentemente empadroados.

As familias reclamaron transparencia e igualdade no proceso e advertiron da incerteza para o

futuro do centro.

Tras acudir á Valedora e manter contactos coa Inspección e co Concello, a situación deu finalmente un xiro. O menor será admitido despois de que se decidise ampliar unha unidade de Infantil e incorporar un novo docente, unha medida que permite dar resposta ás catro solicitudes presentadas e poñer fin ao conflito.

## A praza do Concello acollerá un novo mercado estacional

O Concello volverá apostar por un dos seus eventos máis participativos coa organización dun novo mercado estacional que, nesta ocasión, coincidirá coa celebración do Día das Letras Galegas. A iniciativa busca consolidar un espazo de encontro para a veciñanza, no que se mesturen a dinamización comercial, a cultura e o lecer.

A actividade desenvolverase, como é habitual, baixo carpa na Praza do Concello e manterá un horario continuado de 11.00 a 20.00 horas. O evento conta coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, reforzando así o apoio institucional a este tipo de propostas que fomentan a vida social e económica do municipio.

Desde o ano 2022, o Concello vén impulsando estes mercados estacionais cunha resposta moi positiva por parte da cidadanía. A alcaldesa, Ana Ermida, explicou que a idea xurdiu coa intención de “dinamizar o pobo

despois da pandemia e ofrecer á veciñanza das distintas parroquias unha oportunidade para xuntarse, compartir e descubrir produtos de proximidade”. Neste sentido, destacou que “xa se levan organizado once mercados nos últimos catro anos, todos eles cunha gran acollida”. A programación concreta desta edición darase a coñecer nos vindeiros días, aínda que desde a organización adiantan que non faltarán actuacións musicais en directo, degustacións gastronómicas, obradoiros de temática primaveral e actividades pensadas especialmente para o público infantil.

Con esta nova convocatoria, Barreiros reafirma a súa aposta por eventos que combinan tradición, participación e promoción do comercio local, convertendo o mercado nunha cita xa consolidada no calendario do municipio.

## Impulsan unha nova edición da Escola de Familias para promover a igualdade

A Concellería de Igualdade de Barreiros presentou unha nova edición da Escola de Familias, unha iniciativa que acada a súa quinta convocatoria en 2026 e que se consolida como un espazo formativo de referencia para a comunidade educativa. O programa ten como finalidade principal ofrecer ferramentas ás familias para abordar a educación afectivo-sexual e a prevención de violencias desde as primeiras etapas da vida, promovendo unha crianza baseada no respecto e na seguridade.

A alcaldesa, Ana Ermida, destacou que esta proposta responde ao compromiso do goberno local co desenvolvemento de políticas de igualdade, incidindo na necesidade de educar “en liberdade, respecto e seguridade” e de situar o benestar das crianzas no centro da acción pública. Pola súa banda, a concelleira de Igualdade, Montse Porteiro, subliñou que as sesións están dirixidas a familias con nenos e nenas de entre 0 e 12 anos, e que per-



miten traballar aspectos clave como a afectividade, os límites ou a detección de posibles situacións de violencia.

A Escola de Familias intégrase no programa +Igualdade Barreiros, impulsado en 2022, que inclúe accións como plans de igualdade, formación do persoal municipal e protocolos de prevención. Nesta edición, as sesións serán impartidas pola matrona María González Cociña e celebraranse os días 9 de maio e 13 de xuño no centro sociocultural de San Cosme.

## Barreiros obtén financiamento para completar a mellora da Praza de Reinante

A alcaldesa anunciou a obtención dunha subvención que permitirá completar as melloras iniciadas o pasado ano na Praza de Reinante, un espazo emblemático da parroquia que será obxecto dunha nova intervención. O proxecto centrarase na posta en valor da parte alta da pista, unha zona ata agora pouco utilizada pese ás súas vistas privilexiadas.

As actuacións inclúen a instalación dunha pérgola de madeira con mesas e bancos, a creación dun xogo infantil e a colocación de diverso mobiliario urbano, como macetas, farolas, aparcabís e papeleiras. Tamén se dotará ao recinto de iluminación, cun sistema de cableado soterrado que mellorará a integración estética da contorna. Ademais, habilitarase un acceso peonil adaptado á zona superior, incorporando medidas de seguridade para facilitar o tránsito.

A rexedora destacou que este proxecto permitirá completar a transformación iniciada grazas a un convenio coa Deputación, poñendo en valor un espazo construído pola propia veciñanza e clave para a vida social da parroquia. Subliñou que se trata do único lugar público destinado ao encontro e á convivencia.

# O Pasatempo de Mondoñedo, 23 anos dinamizando a vida cultural

A asociación mindoniense consolídase como un motor interxeracional que combina tradición, espectáculo e compromiso coa identidade local

Por Ana Somoza.

A Asociación Cultural O Pasatempo leva máis de dúas décadas converténdose nun dos grandes dinamizadores da vida social e cultural de Mondoñedo. Ao longo destes 23 anos, o colectivo foi ampliando horizontes, diversificando propostas e consolidando un modelo de traballo baseado na colaboración, no voluntariado e nunha fonda paixón pola identidade mindoniense. Nunha conversa demorada, os seus representantes repasaron a traxectoria da entidade, lembraron os seus inicios e reivindicaron o papel que desempeñan nunha cidade pequena que, segundo subliñan, “merece ter actividade cultural durante todo o ano”.

**ORIXES.** A asociación naceu arredor do ano 2003 cun propósito moi concreto: facer teatro. Segundo explican, a primeira directiva impulsou o proxecto “para a realización de obras teatrais”, co convencemento de que existía unha carencia neste eido. Durante aqueles primeiros anos, os integrantes ensaiaban practicamente todo o ano para levar aos escenarios montaxes que mobilizaban tanto a actores afeccionados como a público fiel.

Recoñecen que, naquel momento, a principal inquietude era “cubrir as necesidades teatrais” da cidade. Mondoñedo contaba cunha rica tradición cultural, pero botábase en falta unha estrutura estable que promovese espectáculos dramáticos de maneira continuada. Así, O Pasatempo converteuse nun espazo de encontro para persoas con inquedanzas artísticas que atoparon no teatro unha vía de expresión e convivencia.

Co paso do tempo, a entidade foi evolucionando. A nova directiva encabezada por Ramiro, e posteriormente por Israel, decidiu “coller o témón” e ampliar o abano de actividades. O teatro deixou de ser a única prioridade para dar paso a unha programación máis ambiciosa e variada, que incluía participación activa no Mercado Medieval, a organización dun torneo de fútbol sala, exposicións fotográficas, a Festa da Árbore, o Foleón de San Xoán ou o Magosto.

Hoxe, baixo a presidencia de José Antonio, mantense “unha liña continuísta”, mais sumando novas iniciativas como a colaboración na

Cabalgata de Reis, a celebración de musicais e funcións teatrais, o Cocido-Baile de Entroido ou a recuperación da Cea de Gala do venres do Mercado Medieval.

**IDENTIDADE.** O nome da asociación ten tamén unha forte carga simbólica. Foi escollido pola primeira directiva e, segundo sinalan, “cremos que é un nome moi adecuado”. O Pasatempo remite á Ponte do Pasatempo, situada na parroquia de Bruzos, unha ponte de orixe medieval vencellada á lenda de Isabel de Castro, muller do Mariscal Pardo de Cela.

Para os membros da entidade, esa referencia histórica e lendaria

Esta diversidade de idades tradúcese nun intercambio constante de experiencias, coñecementos e enerxías. A mocidade achega entusiasmo e novas ideas; as persoas maiores, memoria e perspectiva histórica. Esa mestura, din, é unha das claves do seu éxito e da súa continuidade no tempo.

**FILOSOFÍA.** A entidade define con claridade o seu obxectivo principal: “dinamizar culturalmente Mondoñedo”. Non se trata só de organizar eventos puntuais, senón de manter unha actividade sostida ao longo do ano. A maioría dos integrantes residen habitualmente na cidade e senten un forte compromiso co seu entorno. “Gústanos que estea viva culturalmente durante a maior parte do ano”, recalcan.

Esa filosofía tradúcese nun calendario intenso. Ao longo dos doce meses colaboran na Cabalgata de Reis, organizan o Cocido-Baile de Entroido, preparan a Festa da Árbore na primavera, impulsan o Foleón de San Xoán no barrio dos



tiga de Europa, supón para eles un motivo de orgullo.

A festa non se limita ao seu evidente carácter ambiental. A entidade decidiu poñer o foco nos máis pequenos. “Que sexan os nenos e nenas mindonienses os verdadeiros protagonistas” é unha prioridade, explican, convencidos de que así garantirán a continuidade dunha celebración “tan propia e arraigada”. Tamén destacan o esforzo que implica traer espectáculos musicais e teatrais a unha cidade pequena. “Supón un esforzo moi grande, tanto económico como persoal”,

ción do comercio local e o ambiente festivo.

**MERCADO.** O Mercado Medieval é outra das grandes citas do calendario mindoniense, e O Pasatempo desempeña nel un papel protagonista. Ademais de colaborar organizativamente, a asociación conta con actos propios durante esa fin de semana.

O venres recrean episodios históricos e celebran a Cea de Gala. O sábado participan no desfile matinal e outorgan credenciais facendo de damas e cabaleiros. Pola noite, organizan unha queimada popular gratuítala na Praza da Catedral. O domingo chega o prato forte: a Voda Medieval polo rito mozárabe na Fonte Vella.

A maiores, aportan numerosos personaxes á ambientación: rei e raíña, bispo, merino e merina, soldados das Mesnadas Mindonienses, guerreiros suevos, damas, cabaleiros ou bruxas. Esa implicación contribúe a que o Mercado sexa unha experiencia inmersiva e participativa.

**FUTURO.** No que atinxe ao apoio institucional, recoñecen que os principais aportes proceden do Concello de Mondoñedo, da Deputación de Lugo —especialmente da área de Cultura— e da Xunta de Galicia. Con todo, subliñan que o verdadeiro motor é o voluntariado interno: “son os socios e socias os principais colaboradores para poder levar a cabo os eventos”.

Ao facer balance, consideran que o maior logro da asociación é a súa propia continuidade. “O maior logro é a lonxevidade da Asociación e que siga sendo tan activa co paso dos anos”, afirman con satisfacción. Cumprir 23 anos mantendo unha programación intensa non é tarefa doada.

De cara ao futuro, o reto inmediato é “seguir realizando con éxito cada ano os nosos actos principais”. Mais tamén teñen proxectos ilusionantes. Algúns xa se fixeron realidade, como a colocación de placas informativas nas antigas portas da muralla medieval. Outros seguen en proceso, como a posible estatua de Alfonso VII entregando o título de cidade a Mondoñedo ou unha maqueta que amose a evolución urbana ao longo dos séculos.

**“A Festa da Árbore recupera unha tradición documentada desde 1569 e os nenos son os protagonistas”**



encaixa perfectamente coa súa filosofía: unir pasado e presente, tradición e dinamismo, memoria e futuro. “Representa unha parte da nosa historia”, indican, convencidos de que o nome serve tamén como declaración de intencións.

**SOCIOS.** Na actualidade, a asociación conta con arredor de 60 socios e socias. O dato máis salientable, segundo explican con orgullo, é a súa composición interxeracional. “A característica máis destacable é a interxeracionalidade”, subliñan, detallando que hai membros desde os 15 anos ata persoas de máis de 80.

Muíños, participan activamente no Mercado Medieval e promoven o Magosto en novembro.

Cada unha destas citas responde a unha idea común: reforzar a cohesión social e ofrecer alternativas de lecer e cultura tanto para a veciñanza como para quen visita a cidade.

**FESTAS.** Entre todas as actividades, a Festa da Árbore ocupa un lugar moi especial. Desde o cambio de orientación da asociación, esta celebración converteuse, segundo recoñecen, “no oco máis especial da nosa planificación anual”. Recuperar unha tradición documentada xa en 1569, considerada a máis an-

admiten. Porén, aseguran que as caras de ilusión do público infantil compensan calquera sacrificio.

No outono, a tradición do magosto adquire un novo pulo grazas ao impulso da asociación. “Sempre houbo tradición de magostos en Mondoñedo”, lembran, pero decidiron darlle “un volume máis grande e facelo popular para todos os veciños”. O resultado é unha Praza do Concello ateigada de xente.

No caso do Samaín, colaboran coa Asociación Xuvenil Xoldra. Os máis pequenos gozan disfrazándose e participando no clásico “Truco ou Trato” polos establecementos do centro, reforzando así a implica-

## Xoldra aposta polo relevo xeracional coa renovación da súa xunta directiva



A asociación Xoldra anunciou a renovación da súa xunta directiva, un paso que busca garantir a continuidade da entidade ao tempo que impulsa o relevo xeracional e a incorporación de novas ideas.

A nova directiva estará presidida por Mara Otero, vinculada á asociación desde a súa infancia e coñecedora da súa evolución e actividade cultural. Xunto a ela estarán Iván López como vicepresidente, Clara Vila como tesoureira, Manuel Pardo como secretario e os vogais Paula Rodríguez, Claudia Vázquez, Anxo

García e Aldara Fernández.

Desde Xoldra destacan que esta renovación combina experiencia e xuventude, reforzando o compromiso coa cultura mindoniense e asegurando o dinamismo da entidade a longo prazo. A presenza de persoas novas no equipo directivo permitirá impulsar proxectos innovadores e manter activa a vida cultural na cidade e na súa contorna.

A nova xunta afronta esta etapa con ilusión e responsabilidade, coa vontade de seguir promovendo actividades que poñan en valor a tradición, e fomenten a participación cidadá.

## Os socialistas reclaman reforzar a limpeza viaria e melloras en infraestruturas

O Grupo Municipal Socialista de Mondoñedo presentou novas propostas ao goberno local do PP centradas na mellora dos servizos públicos, o mantemento urbano e diversas infraestruturas municipais.

Entre as principais peticións destaca a compra dunha máquina varredora mecánica para reforzar a limpeza viaria, co obxectivo de modernizar o servizo e optimizar recursos. O PSdeG tamén cuestiona o uso dunha máquina de limpeza xa adquirida, da que aseguran non coñecer o seu funcionamento. A oposición solicita ademais a reposición dos bancos retirados na Alameda dos Remedios e propón crear un grupo de traballo sobre a estación de autobuses para mellorar a súa xestión. O goberno local afirma que xa hai orzamento previsto.

Tamén se abordaron o convenio dos Muíños, a Ponte de Arco



en Masma, a Casa da Cultura en obras, o proxecto eólico "Baro" e o Plan Rexurbe. Ademais, incluíronse preguntas sobre pistas rurais incluídas no Plan Único.

O PSdeG alerta da falta de axilidade na xestión municipal e do impacto negativo na imaxe e desenvolvemento de Mondoñedo.

## Mondoñedo prepara unha nova edición da Xuntanza de Clásicos

A cidade de Mondoñedo acollerá o 20 de xuño a 12ª Xuntanza de Clásicos, unha cita automobilística que reúne cada ano a numerosos afeccionados ao motor chegados de distintos puntos. Organizada pola Asociación Mira e Anda, a actividade consolidouse como unha referencia comarcal na exhibición de vehículos históricos, incluíndo coches clásicos, deportivos e motocicletas que amosan a evolución do automobilismo.

Aínda que o programa definitivo non foi presentado, manterase a estrutura habitual. A xornada comezará coa chegada dos participantes e as inscricións, nun ambiente de convivencia e contacto entre afeccionados.

Posteriormente, os vehículos realizarán unha ruta polas estradas da contorna, un dos momentos máis agardados ao permitir ver en movemento auténticas xoias do motor.

A continuación celebrarase un xantar de convivencia, que reforza o carácter social do encontro máis alá da exposición de vehículos. Como peche, haberá entrega de recoñecementos e sorteos.

## O Teatro das Cortes presenta unha ambiciosa programación

O Teatro das Cortes, situado na aldea de Cabanas, no concello do Vicedo, foi escenario da presentación dunha nova etapa da súa programación cultural, marcada pola diversidade de propostas e pola aposta pola recuperación da memoria e das tradicións populares.

A presentación serviu para dar a coñecer o programa "Da Barraca á Aula: A memoria das festas", unha iniciativa que busca achegar o patrimonio do títere tradicional galego ao rural a través de actividades formativas, divulgativas e escénicas. Obradoiros, exposicións, videofóruns e representacións conforman unha proposta que pretende conectar co público escolar, coa terceira idade e cos colectivos culturais, poñendo en valor unha tradición profundamente ligada ás feiras e festas populares.

A presentación permitiu avanzar a programación propia do Teatro das Cortes para esta tempada. O espazo acollerá o 23 de maio o "Sábado das Letras", unha xornada que incluírá un recital aberto, música tradicional e a participación de Paula Carballeira, quen presentará unha obra dedicada a Begoña Caamaño e ofrecerá

unha sesión de narración oral.

Xa en xuño, os días 27 e 28, celebrase a segunda edición do Festival da Lingua Moza, dirixido a público familiar e xuvenil. O programa incluírá mesas redondas, obradoiros de regueifa e banda deseñada, espectáculos de monicreques e roteiros teatrais, ademais de concertos e encontros interxeracionais arredor da lingua e da cultura galega.

A programación continuará durante o verán con propostas como a actuación de Mofa e Befo o 18 de xullo ou un serán astronómico previsto para o 12 de agosto, coincidindo cun eclipse, que combinará divulgación científica e actividades tradicionais.

O Teatro das Cortes consolídase así como un referente cultural no rural da Mariña, cunha oferta que vai máis alá do teatro para integrar música, cinema, formación e encontros culturais. Desde a súa posta en marcha en 2022, este espazo vén atraendo a un público cada vez máis amplo, procedente tanto da comarca como doutras zonas próximas, reforzando o papel da cultura como motor de dinamización no territorio.

## A veciñanza denuncia problemas de accesibilidade nunha praza reservada en Xilloi

Veciños de O Vicedo manifestaron o seu malestar pola disposición dunha praza de estacionamento reservada para persoas con mobilidade reducida na contorna da praia de Xilloi, ao considerar que a súa configuración actual dificulta o uso para o que foi creada.

Segundo explican, o principal problema radica na colocación da sinal vertical no medio da propia praza, o que imposibilita abrir con normalidade a rampla traseira dos vehículos adaptados, un elemento esencial para que as persoas usuarias poidan acceder ou descender con seguridade.

A situación, aseguran, xa fora trasladada en sesión plenaria polo grupo da oposición do PSOE no 2024, sen que ata o momento se adoptasen medidas para co-rrixila. De acordo co testemuño dalgúns residentes, a resposta recibida foi que "sempre estivo así", unha explicación que non convence á veciñanza afectada. Neste sentido, critican a falta de



sensibilidade ante unha cuestión que consideran básica en materia de accesibilidade, ao tempo que reclaman ao goberno local unha revisión da sinalización para garantir que estas prazas cumpran realmente a súa función.

Os afectados insisten en que pequenas modificacións na colocación da sinal poderían resolver o problema, permitindo un uso efectivo do espazo reservado e mellorando a accesibilidade nun punto especialmente concorrido durante a tempada estival.

## O Concello volve licitar a xestión do centro de día

O Concello do Vicedo sacou por segunda vez a licitación da xestión do novo centro de día situado na antiga Casa do Mar, tras quedar deserto o primeiro proceso malia superar os 1,2 millóns de euros de orzamento base. O obxectivo é atraer empresas interesadas nun servizo clave para a atención ás persoas maiores.

O centro contará con 35 prazas, aínda que inicialmente prevese unha ocupación de arredor de 20 usuarios. Está pensado para ofrecer cuidados básicos, favorecer a conciliación familiar e promover a autonomía das persoas maiores.

Os prezos varían segundo o servizo: a xornada completa con manutención custa 44,50 euros ao día, a media xornada 24 euros e a modalidade sen manutención 21,50 euros diarios. O transporte terá un custo adicional de 60 euros ao mes.

O contrato terá unha duración inicial de tres anos, por 1.195.412,40 euros, con opción a dúas prórrogas anuais ata 2,1 millóns. As empresas poden presentar ofertas durante 30 días. O Concello confía en poñer en marcha un servizo moi demandado pola veciñanza.

# DEPUTACIÓN

## “Non teño medo das mocións, estou centrada en traballar e fágoo cun equipo cohesionado”

Carmela López Moreno é a alcaldesa de Burela e a nova presidenta da Deputación de Lugo desde o pasado mes de xaneiro

**Podería facernos un pequeno balance deste tempo que leva na presidencia?**

O balance é positivo porque considero que me trouxo moito aprendizaxe, moitísima escoita e amplitude no meu coñecemento. Ao mesmo tempo, tamén estou traballando moitísimo e con bastante intensidade porque, ao ser un mandato que está a piques de finalizar, débese planificar dunha maneira diferente a, por exemplo, outro no que tes por diante catro anos. Eu xa formaba parte do goberno como deputada, pero sempre digo que, antes de alcaldesa tamén era concelleira e as cousas cambiaron para min nese momento. Agora é evidente que tamén cambiaron. Entón, en resumo, moito aprendizaxe, moita escoita, moito viaxe polo territorio e con moitísimas ganas de traballar.

**Agora que xa leva uns meses, supoño que terá unha perspectiva de proxectos seus propios que rematará antes do fin da lexislatura.**

O que fixen desde que cheguei é reunirme con alcaldes e alcaldesas e visitar os 67 concellos que, aínda que evidentemente non aínda fisicamente, si a través de entidades e de poñer enriba da mesa cales son as necesidades, cales habería que rematar, en cales se necesita avanzar, etc. Temos, por exemplo, residencias nas que é preciso seguir avanzando con todo o ímpeto posible porque o necesitan os nosos veciños. Así mesmo, en canto a cambios positivos, temos unha nova aplicación que tiña xa na miña área, en Economía e Facenda, que cambia a forma de traballar en canto a impostos para todos os veciños e veciñas da provincia. É algo que comecei como deputada e que vou poder finalizar como presidenta. Temos tamén eses proxectos que recollo da anterior xestión. Sempre digo que me vai tocar poñer o lazo dese centro de innovación territorial que tamén vai axudar a traer fondos europeos para toda a provincia. Está pendente tamén a granxa ou o parque nacional. Hai moitísimo traballo feito durante os anos anteriores que oxalá me toque rematar. Sobre todo, estou facendo moitísimo ímpeto na cooperación cos concellos. Como alcaldesa, teño esa visión das necesidades que temos e, ao ser esta casa o Concello dos concellos, necesito poder axudarlles a todos, aos 67.

**Xorde a pregunta de que necesitamos.**

Pois que a Deputación nos cubra moitas das necesidades que temos e que non somos capaces de resolver porque a nivel técnico somos unidades pequenas que necesitan deste paraugas. Eu sempre digo que me encantaría que se puxeran en valor as deputacións porque moitas veces o que se escoita é que este organismo non é útil e está só para que os catro políticos de quenda vivan dela. E non é real, os 67 concellos, grazas a esta casa, poden por exemplo rematar proxectos ou poden sacar pregos para diferentes contratacións e obras. Temos ese Plan Deputación co que xa nós, os alcaldes e alcaldesas, podemos prever que proxectos queremos facer para os seguintes anos. É dicir, sabemos que temos amparo económico, que temos amparo a través desa cooperación cos concellos, de técnicos que necesitamos para poder sacar o día a día dos nosos concellos, e despois tamén temos a Deputación como paraugas para que os sectores produtivos da nosa provincia poidan avanzar en proxectos clave que ao final benefician a todo o territorio. Entón, a que me estou dedicando?, a entrelazar todas as peticións que recibo, visitar sobre todo aquilo que me parece importante e que pode proxectar Lugo. Aparte de utilizar a miña voz cara a un único obxectivo: que necesita Lugo.

**E que é exactamente o que máis precisa?**

Pois é evidente. Estamos moi mal comunicados, ninguén quere vir traballar aquí, e xa non só tendo en conta o punto de vista dos salarios, senón porque a comunicación é horrorosa. Eu tardo en vir a Lugo unha hora e dez aproximadamente, iso non debería ser, é inxusto, entón, que estou aproveitando?, pois, agora que a miña voz vale un pouco máis, teño que elevar a dos meus 66 compañeiros, porque ao final é moi gratificante sentarme con todos e con todas e ver que dá igual da cor que sexamos, todos temos unha liña común, case sempre os mesmos problemas ou preocupacións e a miña ilusión sería que, unindo forzas desde esta casa, poidamos entendernos para tres ou catro liñas estratéxicas, mellorar como provincia, e loitar para que sexa así.

**Dentro dos proxectos e como peza fundamental dos últimos anos, vai-se manter o investimento en estradas?**

Si, de feito, teño un mapa de es-



tradas das peticións que tiven de todos os alcaldes e alcaldesas. No meu caso, traballo moito con eles e tiven que coller un mapa mudo para volver estudarme o sur da provincia, porque había algún concello que me bailaba. Non me dá vergoña admitilo, gustaríame poñerlle un mapa mudo a moita xente a

**“Estes meses trouxéronme moita aprendizaxe, moita escoita, moito viaxe polo territorio e moitas ganas de traballar”**

nosa provincia para ver se é capaz de situalos todos (risas). Estamos levando á Xunta de Goberno local estradas todos os venres porque é certo que temos unha rede moi ampla, e ademais tocounos un inverno moi difícil, porque se viñeron abaixo moitísimas estradas, tivemos moitísimos incidentes, e é algo que me preocupa porque poden provocar accidentes. Incluso, imos investir, en

algo que para min tamén é esencial, o parque móbil, temos que movelo nas estradas provinciais, e no remanente levamos tamén unha partida, que son 200.000 euros, para facer outro equipo máis de traballo. Para min, as estradas son fundamentais, non podo estar por un lado pedindo melloras das comunicacións na provincia, pero ter mal as estradas provinciais.

**Tamén estivo falando co presidente da Xunta, a quen lle levou un decálogo de necesidades. Está habendo xa algunha repercusión desde a reunión ou non hai novidades?**

Ao final, nesa reunión o que queríamos era arrancar grupos de traballo. Estivemos co anteprojecto de lei, no que si que arrancam varios compromisos de que van ter en conta, e xa tiveron en conta varias das nosas alegacións como Deputación. No que máis insistimos era en determinar que competencias temos as deputacións e, sobre todo, se temos que facer máis traballo como imos financiar, porque eu sempre digo, a manta, ou tapa os pés ou tapa a cabeza. Agora temos a gran oportunidade de modificar esa lei que é vital, e nós agradecidos de que se modifique, pero traballemos en conxunto

para conseguir ter un resultado o mellor posible. Seguramente isto é como cando amoblas unha casa, que cando acabas volverías a empezar para cambiar todo, pero imos intentar axustala á realidade do que somos capaces de facer para que ao final repercuta positivamente para todas as administracións e finalmente nas persoas.

**Nestes momentos, as reunións cos concellos están sendo fundamentais, como está sendo este primeiro paso? porque aquí estamos falando de concellos de diferente cor, entón non é doado unificar criterios.**

Están sendo moi produtivas. Nestas reunións teño unha carpeta e unha ficha por cada concello, que xa pedín previamente, cos antecedentes de que pasou con este concello, que axudas recibiron, que arranxos de estradas houbo, se estivo o parque móbil ou non, que peticións houbo enriba da mesa, en cooperación en que lles estamos axudando. É dicir, analizar a situación global na que se atopa. Sempre empezo polas estradas e o primeiro que quero saber é en que situación se atopan, en cales temos que operar inmediatamente, por onde pasa máis xente e cales se consideran vitais para o ben do concello. Despois pasamos ao Plan Deputación, a falar de que se fixo ata agora ou que van facer e por que están apostando, para así poder facerme un resumo e ademais coñecer mellor o territorio, porque si que é verdade que dependendo do concello se inviste máis en estradas, como é o caso da montaña. En territorio máis urbano, apóstase por outro tipo de investimentos. Está sendo moi enriquecedor e a min permíteme obter esa información que necesito para desenvolver un proxecto e poder planificar os recursos que temos e saber cara onde os debemos dirixir para conseguir ese equilibrio territorial baseado nunha igualdade de oportunidades.

**Entrando na situación actual da política, parece que o PP ten atada unha moción de censura no Concello de Lugo. Quería saber que lle parece a vostede.**

Paréceme lamentable que o Partido Popular se aproveite dun goberno que é evidente que o tivo moi complicado. Desde aquí quero poñer en valor o traballo de Miguel, compañeiro nesta casa, porque creo que todos sabemos que a situación de dificultade é evidente. Polo tanto, ante



tales circunstancias, creo que a responsabilidade da oposición é garantir, a un ano das eleccións, que haxa estabilidade e que na túa cidade se poida traballar con tranquilidade, facendo oposición, por suposto. No meu caso, como concelleira que formou parte dun goberno, téño moi claro, se non estou contenta pola mesma porta que entrei, saio. Iso é o que eu creo que hai que facer se es unha persoa que ten un mínimo de sentido común e de criterio. Nunca na política podes pensar só en ti.

**A unión dunha tráfuga e tres falecementos parécelle especialmente delicado como para que o PP marche a dirección dunha liña vermella contra esta moción?**

Paréceme delicado todo o que foi sucedendo ao longo do mandato. Non quería entrar exactamente en que, porque evidentemente foi moi daniño e doloroso, pero eu resúmoos así, todos e todas sabemos que foi moi difícil este mandato e creo que a maneira na que actuaron non podería describirla dunha forma educada. **Quería destacar que hai máis movementos similares noutros lugares como o acordo do PP con Camiña Sarría ou o que está pasando tamén en Vilalba. Que lle parece isto, e sobre todo nesta recta final do ano que queda de cara ás municipais?**

Paréceme que, a pesar de ser unha fórmula legal, non é a máis axeitada para chegar ao poder.

**Ten medo de que esas prácticas leven ao PP a San Marcos?**

Medo ningún. A verdade é que non. **Pensa que o labor que está facendo pode remontar a crise a raíz do episodio de Tomé?**

Eu non teño medo, sinceramente. Estou centrada en traballar e teño a sorte de que traballo cun equipo cohesionado. A verdade é que eu me afasto do ruído e céntrame tanto en ter un proxecto, unha estratexia de traballo a seguir clara que non teño medo, dígoos de verdade. Aquí evidentemente xogas sempre partido a partido, pero non o teño na miña cabeza.

**Tamén se dá a situación, falabamos**

**antes do caso de María Reigosa, agora non adscrita. O expresidente da deputación está tamén na condición de non adscrito, e tras a súa renuncia, o seu voto tamén é decisivo. Cre que se pode chegar a vivir unha situación paralela á que vivimos no Concello?**

Non o plantexo, é máis, descártoo totalmente.

**Como é a súa relación actualmente con Tomé?**

A miña relación con Tomé é cordial. Hai que ter en conta que é expresidente, excompañeiro, é deputado desta casa e ademais, alcalde de Monforte, polo que a miña relación con el é cordial, como con todos os deputados e deputadas desta casa. E insisto, como estou tan centrada en que a provincia non pare de traballar, en sacar os proxectos para adiante, nunca supuxo para min un problema a nivel de traballo.

**E a relación cos deputados cos que tivo problema aí atrás mellorou?**

**“Si, eu quero ser candidata á Alcaldía de Burela, aínda teño moitísimo traballo por facer”**

Si, a miña relación nunca foi mala con ningún dos compañeiros e compañeiras deputadas. Eu tiña claro que, se lideraba, lideraba un equipo.

**Funciona cohesionado agora mesmo entón?**

Si, non entendo outra forma de traballar. Deixeiño claro desde o principio, ademais.

**E esas diferenzas que se trasladaron tamén ás primarias na provincia, vense patentes ou están as augas calmadas?**

Agora mesmo estamos traballando, e estamos traballando como equipo porque é así como se debe facer. Eu non o entendo doutra forma.

**O seu predecesor tamén dirixía o partido na provincia, é bastante común que as presidencias das de-**

**putacións sexan quen tiren polo partido na provincia. Gustaríalle dar o paso para ser secretaria xeral.**

Agora mesmo estamos en mans dunha xestora e eu débome a esa xestora. Ao final a decisión dependerá do que os meus compañeiros consideren mellor para todos. Son de xogar partido a partido e agora mesmo estou centrada na presidencia da Deputación, ademais da miña Alcaldía que para min é fundamental. Se se dá o caso, se pasamos a ese partido, eu tería que valoralo e estudalo.

**E como é a súa relación actual coa dirección do PSdeG?**

Ben, sa, sempre foi e continúa sendo así. Son crítica, pero son das que di as cousas dentro da casa.

**Como valora o liderado de Besteiro?**

Para min é un bo líder. O seu traballo está patente xa non só a nivel provincial, senón a nivel galego e mesmo estatal. Ser líder hoxe en día ademais é moi difícil e máis dentro da política actual porque agora mesmo está moi ensuciada. No meu caso, eu son moi leal fóra da casa, pero moi crítica dentro dela e é evidente que todos podemos mellorar, pero a sabendas de que é moi difícil ser líder hoxe en día.

**E cre que cando se reúnen os órganos do partido para falar hai suficiente intercambio orgánico?**

Agora que estou percorrendo a provincia e falando con todos os compañeiros e compañeiras que, a pesar de que xa os coñecía, agora teño a posibilidade de escoitalos moito máis, creo que temos uns activos moi potentes. Temos que autocriticarnos, dicir que isto saíu mal, preguntarnos por que saíu mal e como podemos saír adiante. E estou totalmente convencida de que o podemos facer.

**Referiuse en varias ocasións a Burela, ao concello que goberna. Queda pouco menos dun ano para as próximas eleccións municipais e a pregunta é clara, vai ser candidata?**

Si, eu quero ser candidata. Aínda teño moitísimo traballo que facer en Burela e se os meus compañeiros o consideran, eu son súper feliz sendo alcaldesa de Burela.

## Reclamacións á Xunta en emerxencias, lumes forestais e prezo do leite

O Pleno da Deputación de Lugo celebrado en abril aprobou unha iniciativa socialista para reclamarlle á Xunta un cambio de modelo na xestión da prevención de lumes. Baseándose nos datos do 2025, que deixaron na provincia de Lugo 248 lumes que arrasaron 13.694 hectáreas de terreo, o PSdeG propón reformular o sistema. A iniciativa contou cos votos a favor dos socialistas, o BNG e o Deputado non adscrito, e os votos en contra do PP.

Ampliar a superficie incluída baixo a protección das faixas secundarias de xestión da biomasa, desenvolver plans de autoprotección e evacuación para todos os núcleos de poboación ou avanzar coa tramitación da nova Lei de loita integral contra os incendios forestais son algunhas das propostas que recolle o texto aprobado.

Tamén acordou instar á Xunta de Galicia a estudar a viabilidade dun novo modelo de emerxencias na Montaña, reclamando un reforzo do sistema público para garantir unha resposta eficaz en todo o territorio. A iniciativa saíu adiante co voto favorable do PSdeG, do

BNG e do deputado non adscrito e os votos en contra do PP.

Sinalou a deputada que a provincia de Lugo conta só con cinco Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES): Friol, A Pontenova, Quiroga, Folgoso do Courel e Monterroso. E que o propio sistema de atención de emerxencias 112 Galicia ve limitada a súa eficacia pola falta de medios operativos próximos.

O pleno provincial tamén aprobou unha proposta impulsada polo BNG que insta á Xunta de Galiza a actuar fronte ás baixadas abusivas e unilaterais do prezo do leite por parte da industria.

O deputado Daniel García denunciou a “inoperancia” e “inutilidade” do goberno do Partido Popular ante a recente baixada de prezos imposta pola industria, de ata 8 céntimos por litro. “Agora din que revisarán todos os contratos, mais a industria non é parva, os contratos seguro que serán legais, pero as negociacións son abusivas e unilaterais e as ameazas de suspensión de recollida son reais como as das 4 granxas de Ribadeo”, lembrou.

## A Deputación asumirá a xestión das zonas verdes contratando a Tragsa

A Deputación de Lugo aprobou o inicio do expediente para que o servizo de conservación e mantemento das zonas verdes de titularidade provincial pase a ser prestado directamente pola propia institución a partir do 1 de xaneiro de 2027.

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, e o vicepresidente provincial, Efrén Castro, foron os encargados de dar conta deste acordo, que cualificaron como “un paso relevante na organización dun servizo esencial para a provincia”.

Na actualidade, este servizo vense desenvolvendo a través dun encargo ao medio propio TRAGSA, un modelo que está en vigor desde o ano 2020 e que foi prorrogado ata o 31 de decembro de 2026. Este encargo abrangue o mantemento dun total de 1.052.888 metros cadrados de zonas verdes distribuídas por toda a provincia, incluíndo espazos naturais, áreas recreativas, contornas fluviais e zonas urbanas, o que dá idea da dimensión e importancia deste servizo tanto desde o punto de vista ambiental como social.

Co acordo adoptado, a Deputación aposta por avanzar cara a un modelo de xestión directa, que permitirá reforzar o control público, mellorar a eficiencia na prestación e achegar a toma de decisións á realidade do territorio.

A decisión implica tamén a subrogación do persoal actualmente adscrito ao servizo, garantindo a continuidade laboral e o respecto íntegro dos seus dereitos. En concreto, trátase dun equipo de 16 traballadores e traballadoras de distintos perfís profesionais —entre eles xardineiros, oficiais ou oficial escultor— procedentes da extinta SUPLUSA, que continuarán desenvolvendo exactamente as mesmas funcións que realizan na actualidade.

“Coa aprobación deste expediente, a Deputación de Lugo dá o primeiro paso dun proceso que culminará en 2027 coa implantación dun modelo de xestión máis directo, eficiente e xusto, orientado a mellorar tanto a calidade do servizo público como as condicións das persoas que o fan posible”, explicou a presidenta.

## DEPORTES

### O Vicedo acollerá este mes a sexta edición da súa carreira de monte

O Concello do Vicedo volverá situarse no mapa do deporte ao aire libre coa celebración da VI Carreira de Monte, unha cita xa consolidada no calendario deportivo da Mariña lucense que terá lugar o vindeiro 17 de maio. O evento desenvolverase nun entorno de gran valor paisaxístico, coa contorna do Fuciño do Porco e Caolín como principal escenario, ofrecendo aos participantes unha experiencia que combina natureza, esforzo físico e convivencia.

A organización deseñou tres modalidades co obxectivo de facilitar a participación a distintos perfís de deportistas. Así, haberá unha andaina de 15 quilómetros pensada para quen prefira unha opción máis accesible, un trail curto tamén de 15 quilómetros e un trail longo de 21 quilómetros dirixido a corredores cun maior nivel de preparación. Esta diversidade permite que tanto persoas afeccionadas ao sendeirismo como atletas experimentados poidan formar parte da xornada.

Desde a organización destacan o atractivo dun evento que, máis alá da competición, busca promover hábitos saudables e poñer en valor o patrimonio natural do municipio. Neste sentido, animan a veciñanza e visitantes a sumarse a unha proposta que combina deporte, paisaxe e ambiente festivo nun dos enclaves máis singulares da costa lucense.

### Ribadeo converterase en sede do Campus Mareo Itinerante do Sporting de Xixón

Ribadeo acollerá entre os días 22 e 27 de xuño unha nova edición do Campus Mareo Itinerante do Sporting de Xixón, unha proposta que achegará ao municipio a metodoloxía de traballo dunha das canteiras máis recoñecidas do fútbol estatal.

O campus está dirixido a rapaces de entre 8 e 18 anos e combina adestramento técnico con actividades orientadas á transmisión de valores como o compañeirismo, o esforzo e o respecto. As inscricións xa están abertas e poden formalizarse a través da páxina web da organización, onde tamén se ofrece información detallada sobre o desenvolvemento da actividade.

Con esta proposta, Ribadeo reafirma o seu compromiso co deporte base.

### A comarca prepárase para vivir o 8º Rallye da Mariña Lucense



A comarca da Mariña Lucense converterase nun gran circuito automobilístico coa celebración do 8º Rallye da Mariña, unha cita que terá lugar os días 8, 9 e 10 de maio de 2026 e que forma parte do Campionato Xunta de Galicia de Rallyes – Recalvi como terceira proba puntuable da tempada.

A competición, organizada pola Escudería Mix Rallye Sports, percorrerá distintos puntos do litoral e interior mariñán, atravesando os concellos de Viveiro, Xove, Cervo, O Vicedo e Burela. En total, os participantes afrontarán un trazado de 365,41 quilómetros, dos cales máis de 105 estarán cronometrados e distribuídos en nove treitos sobre estradas asfaltadas que permanecerán pechadas ao tráfico durante o desenvolvemento da proba.

O Rallye estrutúrase en dúas etapas e catro seccións, cun completo dispositivo organizativo que inclúe controis horarios, reagrupamentos e itinerarios detallados tanto no libro de ruta como no carné de control. Ademais, habilitaranse tres parques de traballo para facilitar as tarefas dos equipos ao longo da competición.

En canto aos premios, a organización establece unha dotación económica total de 7.900 euros. Na clasificación xeral scratch, os seis primeiros equipos —formados por piloto e copiloto— recibirán premios en metálico e trofeos, cunha contía máxima de 1.500 euros para os gañadores. Tamén se reconecerá aos mellores clasificados de cada unha das sete agrupacións establecidas, con premios específicos para os tres primeiros postos.

### Sante acollerá o II Descenso de Carrilanas, cita puntuable para as copas galega e estatal



A parroquia de Sante, no concello de Trabada, converterase o vindeiro 30 de maio nun referente do deporte e do lecer coa celebración do II Descenso de Carrilanas, unha proba que nesta edición terá carácter puntuable tanto para a Copa de Galicia como para a Copa de España.

O evento, organizado pola Asociación de Veciños San Xulián de Sante, reunirá a participantes chegados de distintos puntos que competirán coas súas carrilanas nun trazado que combinará velocidade, destreza e espectáculo. A cita consolídase así no calendario destas competicións, gañando peso dentro do circuito autonómico e estatal.

A xornada comezará coa fase de verificacións técnicas, que terá lu-

gar entre as 11:30 e as 13:00 horas, na que se revisarán as condicións dos vehículos participantes. Pola tarde, ás 16:30 horas, dará comezo o descenso, un dos momentos máis agardados tanto polos pilotos como polo público asistente.

O peche da competición está previsto para as 20:45 horas coa entrega de premios, recoñecendo o esforzo e o rendemento dos participantes nas distintas categorías. Paralelamente á actividade deportiva, a organización prepara tamén unha proposta gastronómica aberta á veciñanza e visitantes, cunha gran paellada popular prevista para o mediodía. O menú incluirá paella mixta, pan, bebida e sobremesa, e será necesario anotarse previamente antes do 27 de maio.

### O UD Folgueiro logra o ascenso a Primeira antes da última xornada



O UD Folgueiro certificou o seu ascenso a Primeira FUTGAL a falta dunha xornada para o remate da liga, tras impoñerse ao UD Pastoricense nun encontro adiantado da penúltima data do campionato. O conxunto do O Vicedo partía como favorito ante un rival situado na zona media-baixa da clasificación, condición que acabou confirmando sobre o terreo de xogo.

O resultado permite ao Folgueiro regresar a unha categoría na que xa competira na tempada 2021-2022, consolidando así o obxectivo marcado ao inicio do curso. O equipo chegaba a este tramo final coa posibilidade de ascender dependendo de si mesmo, e non desaproveitou a oportunidade para pechar matematicamente o salto de categoría.

### Riotorto acollerá o IV Trail dos Muíños o vindeiro día 23

Riotorto converterase o vindeiro 23 de maio nun punto de encontro para o deporte ao aire libre coa celebración do IV Trail dos Muíños, unha proba organizada pola Asociación de Veciños da Ferrería en colaboración co Concello. A cita forma parte das Series Galicia Trail Running da Federación Galega de Atletismo, dentro da Serie Prata, e será puntuable para a clasificación que determina a Selección Galega nos campionatos estatais.

O evento inclúe tres modalidades adaptadas a distintos niveis: unha andaina non competitiva de 13 quilómetros, un trail de media maratón de 21 quilómetros e un minitrail de 12 quilómetros. Todas as probas terán saída desde o campo de fútbol de Riotorto durante a tarde, con horarios



escalonados entre as 16:00 e as 17:30 horas.

A organización habilitará puntos de avituallamento ao longo dos percorridos e contará con servizos de control e seguridade para garantir o bo desenvolvemento da xornada. No caso das probas competitivas, estableceranse tempos límite e disporase dun corredor escoba para supervisar o trazado.

# Lanzar con cabeza e corazón: a filosofía deportiva de Vallines

A historia deportiva de Fernando Vallines, no lanzamento de peso, desde a canteira local de Lourenzá ata a elite autonómica e estatal

Por Ana Somoza.

O ano 2013 aparece na memoria de Fernando Vallines como o punto de partida dunha vocación deportiva que aínda hoxe segue medrando. O propio atleta relata, de maneira indirecta, que o lanzamento de peso chegou á súa vida case por casualidade, cando o adestrador do seu club o inscribiu nun campionato galego de pista cuberta e lle ensinou a lanzar un día antes da competición. Aquel inicio improvisado non parecía anunciar unha carreira deportiva prolongada, mais co tempo converteuse nun camiño de disciplina, técnica e constancia.

Vallines explica que a formación na canteira do club local resultou fundamental para o seu desenvolvemento. Destaca que medrar deportivamente nun equipo da casa, o Maderas Barcia Lourenzá Cervo, supuxo unha experiencia gratificante porque, sen dispoñer de grandes instalacións nin de adestradores especializados na súa disciplina, conseguiu competir en campionatos de España. Sinala que o apoio colectivo foi decisivo e que sempre sentiu que “todos os membros do club formaban parte do seu progreso”. O deportista recorda tamén os primeiros anos como unha etapa de aprendizaxe continua. Indica que a súa evolución non foi resultado dun único factor, senón da suma de esforzo persoal, orientación técnica e constancia no adestramento. Lembra que o lanzamento de peso require paciencia porque os resultados non aparecen de forma inmediata, senón tras moitas sesións de práctica e corrección de movementos.


**TÉCNICA.** A dimensión técnica ocupa un lugar central na carreira de Vallines. O atleta explica que traballar co peso absoluto de 7,260 quilogramos implica unha esixencia maior porque obriga a executar o movemento coa máxima precisión posible. Indica que lanzar con este peso non só reduce a distancia, senón que tamén aumenta o risco de lesión se a execución non é correcta.

Na súa preparación predomina a técnica de xiro, que comezou a desenvolver cando adestraba en Pontevedra co seu técnico de referencia. Comenta que esta modalidade permite aproveitar mellor a forza aplicada ao movemento e facilita unha maior

eficiencia biomecánica. Afirmar que a transición cara ao xiro foi posible grazas á capacidade do seu adestrador para explicar cada fase do lanzamento.

O deportista sinala que todas as fases son relevantes, aínda que concede especial importancia á parte final do movemento. Indica que a saída do círculo, a colocación corporal no centro e o bloqueo final constitúen unha secuencia determinante para lograr un bo lanzamento. A coordinación entre forza e posición corporal é, segundo el, o elemento que marca a diferenza entre un bo e un gran resultado.

**“Ao lanzar co peso absoluto estás obrigado a ser tecnicamente perfecto para evitar tamén lesións”**



**“Descubrín o lanzamento de peso en 2013 cando o meu adestrador me ensinou a lanzar un día antes da competición”**

**PREPARACIÓN.** O traballo no ximnasio forma parte esencial da súa rutina deportiva. Vallines explica que os exercicios fundamentais inclúen press de banca, sentadilla, cargada e jerk, ademais de traballos de pliometría

tanto de tren inferior como superior. Tamén destaca a importancia do remo e dos exercicios de fortalecemento abdominal e oblicuo.

O atleta considera que o lanzamento de peso é unha proba explosiva onde a preparación psicolóxica resulta tan importante como a física. Sinala que manter unha boa actitude competitiva permite aproveitar mellor cada intento e evitar desperdiciar oportunidades durante a competición. A concentración e o control emocional son, ao seu xuízo, factores decisivos.

Ademais, comenta que a evolución deportiva depende de tres eixes principais: técnica, forza e estabilidade mental. Afirmar que mellorou en todos eles ao longo dos anos, aínda que recoñece que a fortaleza psicolóxica segue sendo un aspecto no que debe seguir traballando para alcanzar o seu máximo nivel competitivo.

**ÉXITOS.** A regularidade competitiva define a traxectoria do lanzador. Acumula arredor de dezaseis títulos galegos e lembra con especial emoción os campionatos sub-14, conseguidos nun último lanzamento que decidiu a vitoria. Explica que aquela experiencia marcou a súa carreira porque lle permitiu clasificarse por primeira vez para un campionato de España.


Outro momento significativo foi a consecución do récord galego sub-23 cun lanzamento de 16,63 metros, posteriormente superado na súa progresión ata alcanzar 17,53 metros. Relata que a emoción do récord foi intensa,



Foto de Carlos Grafias

aínda que manifesta un carácter esixente consigo mesmo porque, tras celebrar o logro, xa pensaba na seguinte competición e na posibilidade de mellorar a marca. O atleta interpreta os éxitos non como un punto final, senón como unha etapa dentro dun

**“Traballo coa técnica de xiro porque permite lanzar de forma máis fácil se es capaz de aproveitar a técnica”**



**“Medrar nun club da casa foi moi gratificante, aínda sen grandes instalacións nin adestradores específicos da miña modalidade”**

proceso continuo de aprendizaxe e superación deportiva.

**FUTURO.** Na actualidade forma parte do Club Atletismo Albacete, decisión que responde ao seu interese por competir nun

proxecto deportivo con obxectivos claros. Destaca que o club milita en División de Honra, o que garante competicións de alto nivel que o obrigan a esforzarse ao máximo para contribuír ao equipo.

A compatibilidade entre estudos universitarios e deporte de elite supón un desafío. Vallines comenta que cursar Ciencias da Actividade Física e do Deporte require organización porque os horarios académicos non sempre facilitan a conciliación cos adestramentos, a pesar de contar coa condición de deportista de alto nivel.

De cara ao futuro, fixa como metas principais gañar un campionato nacional sub-23 e conseguir podio no nacional absoluto, ademais de aspirar a participar en competicións internacionais.

**VALORES.** O lanzador reflexiona sobre o estado do lanzamento de peso en Galicia, indicando que actualmente existe unha figura destacada na categoría absoluta e que en poucos anos novos deportistas poderán incorporarse á elite. Considera positiva a rivalidade deportiva porque axuda a elevar o nivel competitivo da disciplina.

Como mensaxe final dirixida á mocidade, transmite que o atletismo debe practicarse con ilusión e disciplina. Recomenda non facer caso ás opinións negativas e confiar na constancia, na boa formación técnica e no traballo con adestradores cualificados.

O relato deportivo de Fernando Vallines exemplifica unha carreira construída desde a base, onde a constancia, o esforzo e a paixón pola mellora continua se convierten nos elementos centrais dunha traxectoria que segue aberta ao futuro. O lanzamento de peso aparece así non só como unha proba atlética, senón como un exercicio de superación persoal e compromiso deportivo permanente.

## Aberto o prazo de inscrición para a nova edición da Media Maratón Ribadeo-As Catedrais

A vila de Ribadeo xa se prepara para acoller unha nova edición da súa cita atlética máis destacada. A XII Media Maratón Ribadeo-As Catedrais celebrárase o vindeiro 12 de setembro, e xa está aberto o prazo de inscricións.

O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, foi o encargado de presentar esta nova convocatoria, destacando a consolidación dun evento que cada ano gaña máis protagonismo tanto a nivel deportivo como turístico. Segundo explicou, a organización agarda repetir e mesmo mellorar os datos de participación rexistrados na anterior edición.

Na pasada cita, máis de 700 corredores e corredoras lograron cruzar a meta dun total de 1.076 inscritos, cifras que, segundo apuntou o edil, reflicten o interese crecente pola proba. Neste sentido, mostrouse confiado en que o número de participantes continúe aumentando nesta edición de 2026.

A carreira non só ten unha vertente deportiva, senón tamén un importante impacto económico para a localidade. Tal e como sinalou Silvent, moitos dos atletas chegan acompañados de familiares ou amigos, o que converte a fin de semana nun

atractivo reclamo para o sector hostaleiro e comercial. "Supón un impulso importante para hoteis, restaurantes e tendas da vila", destacou.

A presidenta da Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos (Acisa), Carmen Cruzado, puxo o acento nas repercusións positivas que eventos deste tipo teñen para a economía local. Segundo indicou, a celebración da media maratón en setembro, aínda en tempada estival, favorece a chegada de visitantes que aproveitan para descubrir a oferta turística de Ribadeo.

Cruzado subliñou que a vila conta con numerosos atractivos, desde a súa contorna natural ata o seu patrimonio cultural, pasando pola gastronomía e o comercio de proximidade. "Ribadeo sempre sorprende aos que veñen por primeira vez, e moitos repiten experiencia tanto deportiva como turística", afirmou. Con todos estes ingredientes, a Media Maratón Ribadeo-As Catedrais consolídase como unha das probas de referencia na comarca, combinando deporte, promoción do territorio e dinamización económica nunha cita que cada ano atrae a máis participantes e visitantes.

## Cervo acollerá o Campionato Provincial de XOGADE na Veiga

O Concello de Cervo converterase o vindeiro 10 de maio no epicentro do atletismo escolar coa celebración do Campionato Provincial de XOGADE, que terá lugar nas pistas municipais da Veiga en horario de mañá. A proba reunirá a numerosos mozos e mozas procedentes de distintos puntos da provincia, consolidando ao municipio como un espazo de referencia para o deporte base.

A presentación oficial do evento desenvolveuse nas propias instalacións deportivas, coincidindo coa celebración da cuarta e última proba preparatoria do programa, nun ambiente marcado pola participación e o espírito competitivo dos máis novos. No acto estiveron presentes a alcaldesa de Cervo, Dolores García Caramés; o xefe provincial de Deportes da Xunta, Manuel Cadramón; o delegado da Federación Galega de Atletismo, Pablo Gandoy; e o responsable da ADE Mariña, Rubén García.

Durante a convocatoria, os responsables destacaron as condicións das pistas da Veiga, consideradas idóneas para acoller unha competición destas características, así como a capacidade organizativa do Concello para levar



adiante eventos deportivos de relevancia. Neste sentido, púxose en valor o traballo coordinado entre administracións e entidades deportivas.

A alcaldesa, Dolores García Caramés, agradeceu o apoio da Xunta de Galicia por volver confiar en Cervo para a celebración desta cita e subliñou a importancia de acoller probas deste nivel. "É unha satisfacción que o noso municipio sexa novamente escenario dun campionato provincial, o que demostra a calidade das nosas instalacións e o esforzo conxunto de clubs e institucións por fomentar o deporte base", sinalou.

Ademais, destacou o impacto positivo que terá o evento no municipio, non só no ámbito deportivo, senón tamén na dinamización social e económica. "A chegada de deportistas, familias e acompañantes ao longo da xornada supón unha oportunidade para seguir posicionando Cervo como referente no atletismo", engadiu. O Campionato Provincial de XOGADE converterá así a localidade nun punto de encontro para a mocidade deportista, reforzando a aposta municipal pola promoción da actividade física e dos hábitos saudables entre as novas xeracións.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24



### TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062




[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

# COLABORACIONES

## A Mole

### CULTURA



Rebeca Maseda

**A** semana pasada estiven de viaxe por Italia e Suíza, concretamente pola rexión do Piemonte, onde se atopa a cidade de Torino, e tamén por Lugano, que pertence ao cantón do Ticino. Ámbalas dúas zonas son enclaves moi fermosos, literalmente parecen sacados dun conto: beleza natural, historia, gastronomía, etc. É difícil escoller un lugar en concreto sobre o que falar, pero xa que son unha cinéfila empedernida, quixera contarvos algunhas cousiñas sobre o “Museo Nazionale del Cinema” en Turín. Entrar neste museo non é simplemente visitar unha colección de obxectos relacionados co cinema: é, máis ben, deixarse absorber por unha experiencia sensorial e emocional que xoga co espectador, coma se fose unha película na que tamén participas. A historia do museo re-

móntase á figura de María Adriana Prolo, unha apaixonada do sétimo arte que comezou a reunir materiais e documentos cinematográficos xa nos anos 40. A súa teimosía —bendita sexa— acabou cristalizando na creación dunha institución que hoxe é unha das máis importantes do mundo no seu ámbito.

O museo non sempre estivo onde está agora. Durante décadas foi medrando, mudando de sede e gañando prestixio ata atopar o seu fogar definitivo nun dos edificios máis emblemáticos de Italia: a Mole Antonelliana. E aquí é onde a cousa se volve realmente fascinante. A Mole non foi concibida inicialmente como museo, nin sequera como espazo cultural, senón como sinagoga no século XIX, deseñada polo arquitecto Alessandro Antonelli. Porén, problemas económicos e cambios históricos fixeron que o proxecto derivase noutra cousa ben distinta. Hoxe, esta torre altísima e algo caprichosa domina o ceo de Turín como unha agulla que quere fender as nubes.

O interior da Mole é, se cabe, aín-



da máis impresionante. O museo aproveita a verticalidade do edificio dun xeito intelixente e case teatral. No centro, un espazo aberto e monumental con butacas onde podes deitarte a mirar fragmentos de películas proxectados nas paredes. Si, deitarte. Porque aquí o visitante non é un espectador pasivo: é parte do espectáculo. Ao redor deste espazo central, unha especie de percorrido en espiral lévate por distintas

seccións que exploran a historia do cinema dende os seus inicios ata a actualidade.

Entre as exposicións máis interesantes están as dedicadas aos xéneros cinematográficos: o terror, a ciencia ficción, o western... Cada unha re-crea ambientes específicos con escenografías, xogos de luces e obxectos icónicos. Nun momento estás nunha sorte de cova gótica con vampiros axexando e, ao seguinte, camiñas entre naves espaciais e robots. Tamén hai espazo para os grandes nomes do cinema, con homenaxes a directores, actores e actrices que marcaron época.

Outro dos puntos fortes do museo é a súa colección de aparellos pre cinematográficos: lanternas máxicas, cámaras primitivas, dispositivos ópticos que parecen saídos dun laboratorio “steampunk”. É un recordatorio fermoso de que o cinema non xurdiu da nada, senón que é o resultado de séculos de experimentación coa luz, o movemento e a imaxe.

Pero máis alá do contido, hai algo que fai especial a este museo: o seu

encaixe na cidade. Turín foi unha das capitais do cinema italiano nos seus inicios, antes de que Roma lle arrebatase ese protagonismo. A comezos do século XX, a cidade estaba chea de estudos de rodaxe e produtoras, e aquí realizáronse algunhas das primeiras películas do país. O museo non só recupera esa memoria, senón que a celebra e a proxecta cara ao futuro.

Hoxe en día, contar cun espazo como o Museo Nazionale del Cinema supón para Turín moito máis que un atractivo turístico. É un símbolo de identidade cultural, unha ponte entre pasado e presente, e unha proba de que o cinema segue sendo unha linguaxe viva, capaz de reinventarse constantemente. Nunha cidade xa de por si elegante e chea de historia, este museo engade unha capa máis de maxia, como se cada rúa puidese agochar unha escena por descubrir. Saín de alí coa sensación de ter viaxado non só por Italia, senón tamén por dentro das películas que tanto me gustan. E iso, ao final, é o mellor que se pode dicir dun museo.

## Privilexios

### O PUPITRE



Julio Díaz

**O** termo privilexio, do latín *privilegium* (*privus*, privado, e *lex*, lei), define unha exención dunha obriga ou unha vantaxe exclusiva concedida a certos individuos ou colectivos. Historicamente, esta figura xurídica outorgaba beneficios baseados na raza, xénero ou clase social. Porén, hoxe en día, asistimos a unha per-versión do termo: o uso arbitrario e demagóxico desta palabra para atacar un dereito laboral consolidado e gañado con estrito cumprimento do deber.

Eu, como o resto dos docentes deste país, non gozo de privilexio ningún. A retribución que percibimos non é unha mercé, senón un dereito estatutario derivado dun servizo público esencial. É un salario regulado, transparente e sometido ao máis rigoroso escrutinio: calquera cidadán pode consultar as nosas táboas salariais. A Axencia Tributaria fiscaliza cada un dos nosos ingresos; na

nosa nómina non hai marxe para a fraude, a picaresca ou a opacidade fiscal. Non operamos dende paraísos fiscais, senón dende o sistema público que sostemos co noso esforzo e impostos.

Non, non somos privilexiados. Con frecuencia, e con manifesta mala fe, propágase a falacia de que vivimos nun estado de vacacións permanentes. Nada máis lonxe da realidade xurídica e fáctica. O persoal docente dispón, por imperativo do calendario escolar e a especificidade do servizo, do mes de agosto como período vacacional retribuído. O resto do tempo estival —ese bulo dos “tres meses” que se repite con teima— non é un descanso, senón un período de traballo non lectivo. Gustaríame aclarar, por enésima vez e con certo ton de fastío, que a nosa responsabilidade non prescribe cando o alumnado abandona as aulas. O desenvolvemento das nosas funcións esixe tarefas imprescindibles que se executan precisamente en ausencia de estudantes: memorias anuais, actas de avaliación, programacións didácticas para o vindeiro curso, asistencia a claustros, consellos escolares, tribu-



nais de oposición e unha formación continua en congresos e seminarios. Mención aparte merece a xestión técnica dos equipos directivos, que sacrifican gran parte do verán nun traballo silencioso e administrativo, agardando instrucións da Administración que, sistematicamente, chegan no último minuto.

Existe tamén a crenza infundada de que a nosa xornada se limita a unhas cantas “horiñas” de clase. É un erro de vulto. A nosa xornada laboral é de 37,5 horas semanais, exactamente igual que a do resto do funcionariado. A confusión —adoito interesada— provén de equiparar a

xornada lectiva (a atención directa no aula) coa xornada laboral total. Acaso un cirurxián só traballa os minutos que dura a incisión? Traballa o presentador dun informativo unicamente os trinta minutos que permanece ante a cámara? Calquera profesión intelectual e de servizo require dunha preparación previa, rigorosa e extenuante que non se ve, pero que se executa de xeito inexorable.

En serio pretenden soste que a docencia é un “chollo”? Convido a calquera deses críticos a xestionar a complexidade dunha aula con 25 ou

30 adolescentes, en plena efervescencia hormonal e, en moitos casos, desmotivados pola contorna social. É un exercicio de resistencia psicolóxica e pedagóxica que poucos poderían soportar máis alo de dous días. Para rematar, fago unha proposta: cambiemos o foco. En vez de pretender precarizar a nosa profesión esixindo menos descanso ou xornadas máis gravosas —ignorando que os menores tamén precisan esa desconexión pedagóxica—, loitemos por unha conciliación familiar efectiva para todos os traballadores. Quizais así os pais e nais non terían que ver o centro educativo como un “aparcadoiro” e non desexarían con tanta ansia, xa a 8 de xullo, que as clases comezasen dunha maldita vez.

Para concluír: se tras esta exposición de motivos vostede segue a considerar que somos uns privilexiados, recórdolle que o acceso a esta profesión non ten máis límite que a capacidade e o mérito. As facultades están abertas e os procesos selectivos son públicos. Se o noso “privilexio” lles resulta tan atractivo, opositen. Anímense. Se se atreven.

## DE RUTA EN RUTA

# Pol: Do muíño ao Pazo

Un percorrido sen présa entre monumentos e paisaxes que definen a identidade do concello

O Concello de Pol vén de dar un paso máis na posta en valor do seu patrimonio cultural e natural coa creación da Ruta polo corazón polense, unha ruta pensado para amosar aos visitantes unha panorámica representativa da riqueza histórica, arquitectónica e paisaxística desta localidade. A iniciativa naceu co motivo do V Encontro Astur-Galaico, e busca ofrecer unha experiencia relaxada, onde o camiñante poida deterse a contemplar cada un dos recunchos que fan de Pol un municipio distinto e sorprendente. O trazado é sinxelo, sen dificultades, ideal para calquera persoa que queira gozar dunha xornada ao aire libre sen complicacións, combinando historia, tradición e natureza nunha harmonía que reflicte o carácter polense. A información máis detallada sobre a ruta pódese atopar no tríptico editado para a ocasión, que inclúe descrições de cada parada e curiosidades sobre os monumentos.

A primeira parada do percorrido lévanos á Santiña de Xerbolés, un monumento dedicado a Nosa Señora do Carmen, considerada como escudo protector do municipio. A poucos metros, o paseo continúa coa contemplación do escudo en granito da Casa de Dourado ou Pallín, un exemplo de estilo barroco que conserva armas heráldicas de gran valor histórico. A capela de Xerbolés, situada nun entorno frondoso de chousas, carballos e bidueiras, ofrece un momento de tranquilidade e conexión coa natureza.

No camiño cara a Suegos, atópase a capela das Neves, data-

da no século XVII, seguida pola fonte de Sambade, coñecida polas súas augas férreas, que ofrecen un toque singular á paisaxe rural. Xa en Lea, destacan varios elementos patrimoniais: o muíño de Páxaro, o escudo en granito da Casa Vilar, o cruceiro de 1793 integrado nun muro da Casa de Carballo, así como a igrexa de San Bartolomeu, do primeiro terzo do século XIX, e a Casa de Teixeira ou Abogado, con dous escudos que combinan símbolos heráldicos e decoracións detalladas.

A parroquia de Cirio alberga o Pazo de Fondón ou Trigo, con capela dedicada a San Vicente,

e a fonte de Fondón, datada en 1818. En Arcos de Frades, a ruta inclúe a igrexa de finais do século XVIII, na que se pode observar un reloxo de sol réplica do orixinal de 1902. Xa en Silva, o visitante atopará o cruceiro de Ventín, e pouco despois emerge a área recreativa e o muíño do Pacio en Mosteiro, rodeada dunha frondosa carballeira. Este espazo acolle a finais de agosto a Festa do Emigrante, que se celebra desde 1984, e inclúe un templete de música e pracas conmemorativas.

A ruta remata cunha homenaxe á historia local a través das esculturas do Cazador, obra de Pu-

chades, e do Emigrante, dedicada a todos aqueles que deixaron o concello en busca de novas oportunidades, simbolizando o vínculo entre comunidade, memoria e paisaxe.

A Ruta polo corazón polense é, en definitiva, un percorrido que permite descubrir Pol con todos os sentidos: mirando os detalles arquitectónicos, escoitando o silencio da natureza e sentindo a historia que habita cada pedra e cada fonte do municipio. Un convite aberto a residentes e visitantes para gozar dunha experiencia auténtica, tranquila e enriquecedora no corazón de Galicia.



## DATOS



5 horas



20 quilómetros



Dificultade media

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



**GRUPO FORMAT**

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605